

**CONCELLO DE CARBALLO**  
C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2022/G010/000004



**ACTA DA SESIÓN 4/2022 ORDINARIA  
CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL  
O DÍA 25 DE ABRIL DE 2022**

**Aprobada polo Pleno Municipal na sesión  
ordinaria 5/2022 de data 30/05/2022**

**A Secretaria Accidental**

## ORDE DO DÍA

- 1.- Acta da sesión anterior (28/03/2022). Aprobación.
- 2.- Recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores. Expediente 2/2022. Aprobación. (CIFECRIC de 19/04/2022).
- 3.- Conta ordinaria de Recadación do concello de Carballo. Exercicio 2021. Aprobación. (CIFECRIC de 19/04/2022).
- 4.- Inventario municipal de bens do concello de Carballo. Rectificación a 31/12/2021. Aprobación. (CIFECRIC de 19/04/2022).
- 5.- Regulamento municipal do mercado do concello de Carballo. Modificación. Aprobación inicial. (CIFECRIC de 19/04/2022).
- 6.- Ordenanza Fiscal n.º 11 – Taxas Mercado Municipal de Abastos de Carballo. Modificación. Aprobación. (CIFECRIC de 19/04/2022).
- 7.- Modificación Puntual do PXOM. Delimitación do núcleo rural n.º 1 de A Ponte Rosende. Aprobación provisional. (CIPUM de 19/04/2022).
- 8.- Modificación Puntual do PXOM. Delimitación do núcleo rural n.º 3 de A Brea. Aprobación provisional. (CIPUM de 19/04/2022).
- 9.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202290000002294, de 11 de abril, expresando o seu apoio ao pobo saharai. (CIBPS de 19/04/2022)
- 10.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202290000002294, de 11 de abril, para a instalación duns aseos públicos na praza do Concello.(CIBPS de 19/04/2022)
- 11.- Moción do grupo municipal do PP, rexistro de entrada n.º 202299900001467 de 12 de abril, sobre modificacións carril bici - proxecto Ciclando Carballo.
- 12.- Seguimento de órganos de goberno:
  - 12.1.- Dáse conta expresamente das seguintes resolucións da Alcaldía:
    - Resolución da Alcaldía número 1059/2022 de 5 de abril – Liquidación orzamento do concello de Carballo do exercicio 2021.
    - Resolución da Alcaldía número 1136/2022 de 13 de abril – Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) “POS+2022” e Plan Complementario da Deputación Provincial da Coruña. Proxecto técnico “Mellora de iluminación no campo de fútbol complexo deportivo As Eiroas”. “POS+2022”. Corrección de erros.
  - 12.2.- Resolucións da Alcaldía
  - 12.3.- Acordos da Xunta de Goberno Local
  - 12.4.- Rogos e Preguntas

## **ACTA Nº 4/2022 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL O DÍA 25 DE ABRIL DE 2022**

Na Casa Consistorial o vinte e cinco de abril de dous mil vinte e dous (25/04/2022) sendo as vinte horas e trinta minutos (20:30 h.), reúnen-se os membros do Pleno, no salón de plenos do Concello de Carballo, en primeira convocatoria, para celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. EVENCIO FERRERO RODRIGUEZ, coa asistencia dos Concelleiros seguintes:

Polo Grupo Político Municipal do BNG (ademais do Sr. Alcalde):

- D<sup>a</sup> María Belén Lendoiro Esmorís
- D<sup>a</sup> Milagros Lantes Seara
- D. Juan Manuel Seoane Collazo
- D. Marcos José Trigo Facal
- D. Xosé Regueira Varela
- D<sup>a</sup> María del Carmen Ures García
- D<sup>a</sup> Maruxa Suárez Cotelo
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Mar Eirís Villar
- D. Iván Andrade Tasende
- D. Miguel Ángel Vales Mallo

Polo Grupo Político Municipal do PP:

- D. José Antonio Domínguez Pallas
- D<sup>a</sup> Paula Nogueira Costa
- D. Rubén Lorenzo Gómez
- D<sup>a</sup> María Beatriz Neira Varela

Polo Grupo Político Municipal do PSdG-PSOE:

- D<sup>a</sup> María Carmen Vila Blanco
- D. Valentín Costa Trillo
- D. César Fernando Varela Novo

Polo Grupo Político Municipal de TEGA:

- D. José Bello Pallas
- D. Andrés Eirís Barca

Ausentes con excusa:

- D. Luis M<sup>a</sup> Lamas Álvarez (Grupo Político Municipal do BNG)

Asiste pola Intervención a Viceinterventora municipal, dona Ana M<sup>a</sup> Prieto Martínez, e pola Secretaría o Secretario municipal, don José Villán Fuertes, que actúa como secretario e dá fe do acto.

Declarada aberta a sesión, trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

### **1.- Acta da sesión anterior (28/03/2022). Aprobación.**

O Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes (20), acorda aprobar a acta da sesión 03/22 ordinaria celebrada o día 28 de marzo de 2022, que foi repartida coa convocatoria.

### **2.- Recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores. Expediente 2/2022. Aprobación. (CIFECRIC de 19/04/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 19/04/2022, punto 2 da orde do día, relativo á proposta do Sr. Alcalde de 12/04/2022 contida no expediente 2022/T003/000008.

O Sr. Eiris Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, mantén a abstención manifestada na informativa. Valora positivamente que a suma dos dous recoñecementos non acade os 50.000€

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, recoñece tamén a cantidade pequena do expediente. A súa postura neste asunto é a mesma de sempre: os provedores teñen que cobrar. Abstención.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, tamén celebra como unha boa nova a cantidade do recoñecemento. Considera que se trata dun tema do discorrer normal da vida administrativa. Absteranse.

O Sr. Alcalde volve a agradecer, como xa fixo no primeiro recoñecemento, ós servizos económicos o traballo realizado. En todo caso trátase de facturas que tiveron entrada despois do primeiro expediente de recoñecemento, polo que era imposible aprobalas naquel momento.

Sometido o asunto a votación, con once (11) votos a favor, dos concelleiros presentes do grupo municipal do BNG, e nove (9) abstencións, dos concelleiros dos grupos municipais do PP (4), PSdG-PSOE (3) e TEGA (2), o Pleno Municipal acorda:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente número **02/2022** de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ó orzamento de 2022 por importe de **18.578,95** euros, correspondente ás seguintes facturas:

Nº de Entrada	Nº do Dto.	Data Dto.	Importe Total	Sit	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
F/2021/4971	39008	14/12/2021	25,34	CO	B15490055	ALQUILERES VILLAR S.L.	ALUGUEIRO DE VALLAS E BLOQUES DE FORMIGÓN
F/2021/4972	528293	14/12/2021	22,92	CO	B15490055	ALQUILERES VILLAR S.L.	PUNTEIRO E AFIADOR - CAMPO DE FÚTBOLS DAS EIROAS
F/2021/4979	528346	27/12/2021	21,70	CO	B15490055	ALQUILERES VILLAR S.L.	MATERIAL PARA FONTE GOIÁNS
F/2021/4982	C-008	29/12/2021	2000,00	CO	G15171911	SALVAMENTO Y SOCORRISMO CARBALLO	COLABORACIÓN, DIVULGACIÓN E PROMOCIÓN DE ""CARBALLO A UN PASO""
F/2022/6	2021A 177	31/12/2021	77,44	CO	B15235294	MADERAS EUCATAR SL	METRO ENCOFRADO ( FONTE DE GOIANS ) / LISTON 2500X50X50 ( FONTE DE GOIANS )
F/2022/13	1383	31/12/2021	35,10	CO	B70190368	FERRETERIA FERROLAR S.L.	BRIDA NYLON NEGRA / DISCO / BOBINA ALAMBRE PLAST. VERDE / TENAZA -PAZO DA CULTURA
F/2022/228	B-2021 10397	30/12/2021	3025,00	CO	B36106557	AMEJEIRAS Y FERNANDEZ CORREDURÍA DE SEGUROS SL	SERVICIO MEDIACION Y ASESORAMIENTO PROFESIONAL DE SEGUROS PRIVADOS QUE CONCIERTE EL CONCELLO DE CARBALLO
F/2022/308	1 41	28/09/2021	181,50	CO	B70573811	A LUA DO RAPOSO SL	PUBLICIDADE FALDÓN 190*45 MM EN REVISTA BISBARRA EN XOGO 8 (SETEMBRO / OUTUBRO 2021)
F/2022/368	54	30/11/2021	62,24	CO	B15626658	ELIDA MESEJO SL	ROSCAS PAN DE OVO FERIA XANTAR OURENSE
F/2022/408	G22-5	14/01/2022	512,99	CO	B70121108	GALLEGA DE COORDINACIONES S.L.	Coord. de seg. de la obra ACCESIBILIDADE EN BEIRARRÚAS ZONA DE A MILAGROSA, AVDA. PONTE DA PEDRA, CARBALLO
F/2022/423	Emit- 441	07/02/2022	713,90	CO	47366842K	PABLO EIRIS PEREIRA	1 ( MANTENIMENTO CAMPOS DE FÚTBOL NOVEMBRO CA NCES RAZO, VERDILLO, DESBROCE CUNETAS CAMPO FUTBOL RAZO )
F/2022/446	21003731 141	29/12/2021	868,00	CO	B15325061	ALMACENES AGRO S.L.	ABONO SPORT 35 L.L. , 40 KG / CESPED STRONG TB PROSELECT, 10 KG-CAMPO DE FUTBOL ARNELA
F/2022/465	A 0472	30/10/2021	300,30	CO	76354765D	FIDEL MIRAMONTES GARCÍA	Viaje Zahorra Reciclada Todoun ( OBRA : A COPIO )
F/2022/466	A 0487	30/10/2021	184,68	CO	B15898398	CONTENEDORES MIRAMONTES S.L.U.	Dias de Alquiler de Contenedor de 6M3 ( A CASILLA ) / SERVICIO DE CONTENEDOR ( OBRA: A CASILLA )
F/2022/489	Emit- 1	05/02/2022	242,00	CO	G70411004	ASOCIACION CULTURAL DE ANTES	Actuación pandeireiteira Feira de Artesanía o 13/11/2021
F/2022/505	21 2770	30/11/2021	256,40	CO	B15411432	JESUS PEDROUZO SL	PALET MADERA / BALDOSA AC.30X30 64T GRIS / SACO MORTERO CAL HIDRATADA 20K ( CAMPO DE FUTBOL )
F/2022/506	21 2973	31/12/2021	127,78	CO	B15411432	JESUS PEDROUZO SL	ARENA ENTREFINA / GARBANCILLO 10-20 / SACO BIG BAG / SACO CEMENTO GRIS COSMOS 25KG / PORTES CAMION

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
 Praza do Concello S/N  
 Teléfono 981 70 41 00  
 www.carballo.gal  
 infocarballo@carballo.gal  
 15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2022/G010/000004

F/2022/529	Emit- 1	14/02/2022	1025,47	CO	B15986904	GRUAS SUSO S.L.	RETIRADA DE VEHICULOS / RETIRADA DE VEHICULOS / RETIRADA DE VEHICULOS
F/2022/547	65	31/01/2022	508,93	CO	B15489131	ALQUILERES RENEYMAR S.L.	ALQUILER DESHUMIDIFICADOR IND (10/12-15/12) ( PISCINA MUNICIPAL PEDIDO FRAN DEL VALLE ) / PORTE IDA / PORTE VOLTA ( )
F/2022/548	64	31/01/2022	21,82	CO	B15489131	ALQUILERES RENEYMAR S.L.	ALQUILER VIBRADOR ENARCO C/MANGUERA (16/12-16/12) ( GOIANS - PILARES )
F/2022/549	63	31/01/2022	328,84	CO	B15489131	ALQUILERES RENEYMAR S.L.	ALQUILER BALIZA FOTOELECTRICA (01/12-02/12) ( CAMPO FUTBOL AS EIROAS ) / ALQUILER VALLA PVC (01/12-02/12) / ALQUILER VAL
F/2022/555	F22 264	31/01/2022	95,19	CO	B15258577	VILECO MIX S.L.	ALBARAN 336541 DEL10-12-2021 / TUBO TRADE PEX-AL-PEX 16X2 ROLLO / MANGUITO MULTICAPA M 16X1/2 PRENSAR / CODO PLACA MULTI
F/2022/580	F70 2774	17/02/2022	1183,46	CO	B36322279	TUBERIAS BARCIA S.L.	TUBOS - PISTA DE COVAS, ESTRADA DE RAZO (11/10/2021)
F/2022/589	019 1 22	18/02/2022	1333,42	CO	B15381403	SONPRESS S.L.	TRABALLOS DE CONSERXERÍA REALIZADOS NO PAZO DA CULTURA DECEMBRO 2021
F/2022/651	026 22	24/02/2022	332,75	CO	B15381403	SONPRESS S.L.	ALUGUER DE EQUIPO DE SON PARA A INAUGURACIÓN DA MOSTRA ""50 ANIVERSARIO DO IES ALFREDO BRAÑAS"" O DÍA 9 DE DECEMBRO
F/2022/680	1/2022	25/02/2022	770,00	CO	E15313588	COMUNIDAD USUARIOS AGUAS DE BALDAYO	RECIBO ANUAL AUGA ANO 2021: COLEXIO IMENDE, POLIDEPORATIVO, PRAIA BALDAIO, DUCHAS PEDRA DO SAL E CASETA SOCORRISTAS
F/2022/748	Emit-21F0142	31/12/2021	1,60	CO	B70235502	PENSADO VARELA, S.L.U.	IF-1140 LLAVE SERRETA (PORTAL COLEXIO A CRISTINA) (J. MARIA )2021
F/2022/749	Emit-21F0144	31/12/2021	9,92	CO	B70235502	PENSADO VARELA, S.L.U.	TE-T60 LLAVE SEGURIDAD LOCAL 04 PLAZA ( SANTIAGO ANDRADE ) / ETIQUETERO 2021
F/2022/750	Emit-21F0143	31/12/2021	9,68	CO	B70235502	PENSADO VARELA, S.L.U.	LIN-19D LLAVE SEGURIDAD -MUSEO DE BERGANTIÑO ( MAITE PARGA )
F/2022/751	Emit-21F0146	31/12/2021	6,62	CO	B70235502	PENSADO VARELA, S.L.U.	TE-8I LLAVE SERRETA ( MIGUEL ) / MCM-13D LLAVE SERRETA ( MIGUEL ) / ETIQUETERO
F/2022/752	Emit-21F0145	31/12/2021	64,54	CO	B70235502	PENSADO VARELA, S.L.U.	STS-1D LLAVE SERRETA ( LUIS ) / EXTRACCION LLAVE ROTA P. PRINCIPAL / LLAVE ALTA SEGURIDAD MULTLOCK2021
F/2022/753	Emit-21F0147	31/12/2021	118,48	CO	B70235502	PENSADO VARELA, S.L.U.	CI-26 LLAVE SEGURIDAD ORIGINAL ( JOSE ) / CI-26 LLAVE SEGURIDAD ORIGINAL ( JOSE ) / CAY-1D LLAVE SERRETA ( J. EIRIS ) /
F/2022/754	Emit-21F0149	31/12/2021	39,28	CO	B70235502	PENSADO VARELA, S.L.U.	LIN-15D LLAVE SERRETA / MCM-13D LLAVE SERRETA ( JOSE ) / TE-8I LLAVE SERRETA ( JOSE ) / CI-4DP LLAVE SERRETA ( JOSE )
F/2022/756	Emit-21F0150	31/12/2021	2,42	CO	B70235502	PENSADO VARELA, S.L.U.	23A PILA MANDO GARAJE PLAZA-2021
F/2022/757	Emit-21F0151	31/12/2021	96,80	CO	B70235502	PENSADO VARELA, S.L.U.	APERTURA DE PUERTA 12-11-2021 VILA DE AROSA 51-4ºSERVICIOS SOCIAIS-POLICIA LOCAL MARIA JOSE
F/2022/758	Emit-21F0152	31/12/2021	302,45	CO	B70235502	PENSADO VARELA, S.L.U.	ADAPTACION CILINDRO LOGO A LLAVE CLIENTE ( J. MARIA ) / MCM-4I LLAVE SERRETA ( JOSE MARIA ) / CILINDRO 30*30 ADAPTADO A
F/2022/759	Emit-21F0153	31/12/2021	42,35	CO	B70235502	PENSADO VARELA, S.L.U.	EXTRACCION LLAVE ROTA ( MARCOS )CENTRO SOCIAL SOFAN
F/2022/864	A 202	28/02/2022	202,43	CO	B70316005	MELMAN CARBALLO, S.L.	UNIFORMIDADE PERSOAL RISGA ALBARÁN A-1642 FECHA 27/10/21
F/2022/1064	Emit-21F0148	31/12/2021	30,34	CO	B70235502	PENSADO VARELA, S.L.U.	TE-8I LLAVE SERRETA ( MANUEL ) / LIN-15D LLAVE SERRETA ( MANUEL ) / CAY-1D LLAVE SERRETA ( MANUEL FACAL ) / TE-8I LL
F/2022/1084	Factura 213 45	24/11/2021	284,35	CO	B70120472	BERCOM IMPRESION DIXITAL S.L.	Vinilo mate impreso a color con precorte pegatinas. (300 und.) ( Feira Xantar - (número de operación 220210012373). Pedi
F/2022/1109	A21/00042 2	31/10/2021	139,15	CO	B70044003	CRISTALERIA CARBALLESA, S.L.	CAMPO DE FUTBOL VERDILLO IARMADO 80*49 COLOCADO EN HUECO VIEJO
F/2022/1113	A22/00008 5	31/10/2021	1452,00	CO	B70044003	CRISTALERIA CARBALLESA, S.L.	CEIP A CRISTINA CANTO PULIDO Y COLOCADO EN REPOSICION
F/2022/1114	A21/00040 1	25/10/2021	116,16	CO	B70044003	CRISTALERIA CARBALLESA, S.L.	CEIP GANDARA 1 LUNA COLOCADA EN HUECO VIEJO
F/2022/1115	P21/00019 2	16/12/2021	229,90	CO	B70044003	CRISTALERIA CARBALLESA, S.L.	MARQUESINA BERDILLO 3 POLICARBONATO DE 5MM COMPACTO DE 70*89
F/2022/1116	P21/00018 9	16/12/2021	205,70	CO	B70044003	CRISTALERIA CARBALLESA, S.L.	CEIP GANDARA 4 ESPEJOS 3MM 51*71 CANTO PULIDO
F/2022/1130	AA 201	28/02/2022	98,11	CO	B70316005	MELMAN CARBALLO, S.L.	ALBARAN A-1518 FECHA 4/10/2021 ROPA SERVICIOS SOCIALES
F/2022/1168	CRB 220008	28/03/2022	134,33	CO	B15643240	SERVIGAL S.L.	SERVICIOS VETERINARIOS: ESTERILIZACIÓN DE UN GATO ADOPTADO RECOGIDO EL 27/05/2021 EN BASE DE POLICIA LOCAL A LAS 22:00 H
F/2022/1172	Factura 213 46	24/11/2021	21,78	CO	B70120472	BERCOM IMPRESION DIXITAL S.L.	Cartel tamaño 40x60 cm. vinilo mate impreso a color con soporte de printfam de 10 mm. y peana ( Derrunbado muros con pin

F/2022/1198	Emit- 0201	31/12/2021	152,24	CO	B70137476	CLIMATIZACIONES BERGANTIÑOS, S.L.	INTERVENCIÓN (9-11/21) / H. Mano de obra en Piscina C/ Carballo Calero. Comprobación funcionamento deshumectadora zona
F/2022/1199	Emit- 0200	31/12/2021	340,63	CO	B70137476	CLIMATIZACIONES BERGANTIÑOS, S.L.	INTERVENCIÓN 22 SEPTIEMBRE 2021 / H Mano de obra en Pazo da Cultura. Revisión unidades climatizadoras. Comprobación func
F/2022/1241	CRB 220011	31/03/2022	220,52	CO	B15643240	SERVIGAL S.L.	SERVICIOS VETERINARIOS: ESTERILIZACIÓN DE UN PERRO ADOPTADO RECOGIDO EL 22/09/2021 EN CAPILLA DE VIVENE A LAS 21:00 HORA
			<b>18578,95</b>				

**Segundo.-** Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes e ordear o seu pago.

### **3.- Conta ordinaria de Recadación do concello de Carballo. Exercicio 2021. Aprobación. (CIFECRIC de 19/04/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 19/04/2022, punto 3 da orde do día, relativo á proposta da Concelleira delegada de Facenda, patrimonio, persoal e réxime interior, do 05/04/2022, contida no expediente 2022/X999/000088, na que se da conta da memoria presentada pola Recadación municipal, a data 31/12/2021 e do informe do Tesoureiro, de data 05/04/2022.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, anuncia a súa abstención. Trátase da conta ordinaria polo que pouco ten que comentar. Si cómpre dar pasos na regularización da situación do servizo municipal de recadación, como apunta o Sr. Tesoureiro no seu informe.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, anuncia a súa abstención xa que se trata dun documento técnico.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, fai fincapé na situación irregular da recadación municipal, que apunta o informe de Tesourería: A Conta é correcta polo que absteranse.

O Sr. Alcalde recoñece esa situación, que se ven dando dende hai tempo e varios mandatos, pero dada a eficacia do servizo cre que debe continuar xa que ten unha pronta data de caducidade, e así o entendeu o Sr. Tesoureiro cando se incorporou. Estase valorando esa situación futura e próxima.

Sometido o asunto a votación, con once (11) votos a favor, dos concelleiros presentes do grupo municipal do BNG, e nove (9) abstencións, dos concelleiros dos grupos municipais do PP (4), PSdG-PSOE (3) e TEGA (2), o Pleno Municipal acorda:

Aprobar a conta de recadación de 2021, que consta dos seguintes estados:

**Primeiro:** acta de arqueo a data 31/12/2021 de valores co muestreo e recuento efectuado polos funcionarios D. Gustavo Figueira Pena e D<sup>a</sup>. María Teresa Márquez Caneda dos Servizos económicos.

**Segundo:** certificación de Abanca, na que se fai constar que o saldo a 31/12/2021 da mencionada conta restrinxida de recadación é de 52.094,43 € (cincuenta e dous mil noventa e catro euros con cuarenta e tres céntimos), importe dos intereses da conta ingresados en data 31/12/2021.

**Terceiro:** conta ordinaria de Recadación a data 31/12/2021, co desglose que a continuación se refire:

DENOMINACIÓN	IMPORTE	TIPO
Memoria do Recadador		
Resumo xeral da conta, desglosado en DEBE e HABER		

Acta de Arqueo por Valores pendentes de cobro a data 31/12/2021	1.847.455,95	Documento administrativo
Certificado de saldo da conta bancaria con IBAN ES55 2080 0019 5331 1000 0028	52.094,43	Documento bancario
Estado xustificativo do concepto aos que corresponde o saldo da cotna bancaria		
1.1 Valores pendentes de cobro a 01/01/2021 - Período voluntario	538.937,47	Resumo
1.2 Valores pendentes de cobro a 01/01/2021 - Período executivo	1.367.515,28	Resumo
1.3 Cargos novos - Período voluntario	9.607.648,79	Resumo
Cargos de Valores aos Axentes Recadadores en período voluntario: do 01/2021 ao 5/2021		
1.4 Cargos novos - Período executivo	97.932,20	Resumo
Cargos de Recibos aos Axentes Recadadores en período executivo: do 01/2021 ao 08/2021		
2.1 Data por cobros - Período voluntario	8.664.626,95	Resumo
Aplicacións do período voluntario: resumo anual, xuño, agosto, outubro e decembro.		Resumo
2.2 Data por cobros - Período executivo	778.985,75	Resumo
Aplicacións do período executivo: resumo anual, marzo, xuño outubro e decembro.		Resumo
2.3 Data por baixas - Período voluntario	176.481,15	Resumo
Baixas período voluntario: Decretos da Alcaldía		Resolucións Administrativas
2.4 Data por baixas - Período executivo	144.483,94	
Baixas período executivo: Decretos da Alcaldía		Resolucións Administrativas
2.5 Valores pendentes de cobro a nova conta - Período voluntario	74.739,99	
2.6 Valores pendentes de cobro a nova conta - Período executivo	1.772.715,96	Resumo

**Cuarto:** relación de debedores a 31/12/2021.

#### **4.- Inventario municipal de bens do concello de Carballo. Rectificación a 31/12/2021. Aprobación. (CIFECRIC de 19/04/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 19/04/2022, punto 4 da orde do día, relativo á proposta da Concelleira delegada de Facenda, patrimonio, persoal e réxime interior, do 07/04/2022, contida no expediente 2022/X999/000136.

Sen debate e sometido o asunto a votación, con once (11) votos a favor, dos concelleiros presentes do grupo municipal do BNG, e nove (9) abstencións, dos concelleiros dos grupos municipais do PP (4), PSdG-PSOE (3) e TEGA (2), o Pleno Municipal acorda:

**Primeiro.-** Estimar as alegacións formuladas ó Inventario Municipal de Bens do Concello de Carballo, referido a 31/12/2020 e aprobado polo Pleno da corporación o 26/04/2021, que a continuación se relacionan.

Interesado DNI	Registro de Entrada	Decreto	Núm. Orde inventario
Antonio Gómez Rodríguez DNI 76 305 826 Z Q	201900000006200 29.07.2019 Providencia 12.05.2021	1938/2021 04.08.2021	6023
O interesado solicita a baixa no Inventario Municipal do camiño que linda polo vento Sur coa parcela da súa titularidade con referencia catastral 15019A031000214.			
María del Carmen Bouzas Villar DNI 76 321 230 P	201900000007908 08.10.2019 Providencia 02.07.2021	1729/2021 12.07.2021	520
A interesada solicita a baixa no Inventario Municipal da parcela con referencia catastral 15019A003001500000IL.			
José Ramón Trigo Negreira DNI 76 319 573 F	201900000005698 12.07.2019 Providencia 11.05.2021	1300/2021 01.06.2021	974 1050
O interesado solicita a baixa no Inventario Municipal das parcelas con referencia catastral 15019A023002970000IL e 15019A021000770000IH.			
Andrea Remuiñán Regueira DNI 79 314 825 S	201990000002497 04.04.2019 Providencia 11.05.2021	1252/2021 28.05.2021	1928
Solicitou a baixa no Inventario Municipal da parcela con referencia catastral 15019A086002980000ID.			
Esperanza Esmoris Pombo DNI 32 835 721 R	201900000002443 27.03.2019 Providencia 02.12.2020	1026/2021 07.05.2021	PARTE 6393
Solicita a baixa dun camiño inscrito no inventario municipal como parte integrante do ben inscrito coa denominación CAMINO 9008 DEL POLÍGONO 83.			
Dolores Docampo Rabuñal DNI 32 800 921 T	201900000001685 05.03.2019 Providencia 30.11.2020	856/2021 16.04.2021	6334
Solicita a baixa dun camiño lindante polo vento Sur das parcelas con referencia catastral 15019A074000099 e 15019A07400100.			
José Antonio Filgueira Nión DNI 76 330 090 J	202099900002689 22.10.2020 Providencia 24.11.2021	3387/2021 15.12.2021	7738



Solicita a baixa no Inventario Municipal do camiño con referencia catastral actual 15019A22609008.			
Ramón Eiris Pena DNI 32 369 816 F	20200000001016 17.02.2020 Providencia 30.08.2021	2905/2021 27.10.2021	6914 6930
Solicita a baixa dun camiño que atravesa a parcela da súa titularidade con referencia catastral 15019A15100001. Exclúuse o camiño inscrito co número de orde 6930 e actualizouse a inscrición do camiño co número de orde 6914.			
Francisco Mariño Cruz DNI 32 442 703 F	202099900002044 31.08.2020 Providencia 30.08.2021	3107/2021 18.11.2021	7482
Solicita a baixa no Inventario Municipal do camiño lindante coas parcelas con referencia catastral actual 15019A20600145 e 15019A20600147.			
José Constantino Vidal Recarey DNI 76 367 229 F	201900000006508 06.08.2019 Providencia 22.06.2021	2272/2021 03.09.2021	7890
Solicita a baixa dun camiño lindante coa parcela con referencia catastral actual 000200800NH28F. Actualizouse a inscrición do dito camiño, axustando a inscrición no inventario municipal á realidade existente.			
Mª Carmen Alvarez Lobera DNI 76 305 781 S	201900000001994 14.09.2019 Providencia 11.12.2020	1663/2021 06/07/2021	5978
Solicita a baixa dun camiño lindante polo vento Norte, coa parcela con referencia catastral actual 3980901NH2838S. Cancelouse a inscrición do camiño co número de orde 5978, de servizo a fincas, non así o camiño que discorre por solo de núcleo rural.			

Exclúense do Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Carballo os bens antes mencionados e que, como consecuencia das alegacións estimadas, son retirados do inventario.

**Segundo.-** Desestimar as alegacións formuladas ó Inventario Municipal de Bens do Concello de Carballo, referido a 31/12/2020 e aprobado polo Pleno da corporación o 26/04/2021, que a continuación se relacionan.

Interesado DNI	Rexistro de Entrada	Decreto	Núm. Orde inventario
Manuel García Pose Carmen Tasende Porteiro DNI 32 389 700 L	20180000008774 11/10/2018 Providencia 08.09.2020	1037/2021 10.05.2021	6232
O interesado solicitou a baixa no Inventario Municipal do camiño inscrito coa denominación CAMINO 9002 DEL POLÍGONO 59.			
Manuel Fernández Vázquez DNI 76 357 702 W	201900000006512 06.08.2019	2860/2021 25.10.2021	5098
Solicita a baixa do camiño que conduce ó lugar de Brañlle, na parroquia de Sofán, no Inventario Municipal. Non se cancelou a inscrición do camiño, senón que se actualizou a inscrición atendendo á realidade existente.			

**Terceiro.-** Modificacións, actualizacións e depuracións do Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Carballo, realizadas de oficio, relativas ós bens que se relacionan a continuación:

	<b>Decreto/Acordo</b>	<b>Nº orden inventario</b>
DE OFICIO	Resolución núm. 1973/2021 do 06.08.2021	Parte de 5519
Mediante este decreto resolveuse actualizar a inscrición no Inventario Municipal da rúa San Martiño, anulando a superficie da calella obxecto de estudo por falta de indicios que acrediten a dita inscrición.		
DE OFICIO	Resolución núm. 3399/2021 do 15.12.2021	Clasificación 700302
Mediante este decreto resolveuse actualizar e depurar os bens inscritos na clasificación 700302 correspondente a equipos procesos información.		
DE OFICIO	Resolución núm.3389/2021 do 15.12.2021	12527
Mediante este decreto resolveuse inscribir no Inventario Municipal a parcela de cesión obrigatoria sita na traseira da rúa Xazmins, 25-27, resultante da licenza outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local do 22.01.2007.		
DE OFICIO	Resolución núm. 119/2021 do 22.01.2021	11244
Cesión do vehículo con matrícula 7938 LLW a UTE Carballo durante o período de vixencia do contrato de xestión do servizo público de recollida de lixo, transporte, punto limpo e canceira do Concello de Carballo, mediante o decreto de alcaldía núm. 119/2021 do 22.01.2021.		
DE OFICIO	Resolución núm. 2643/2021 do 04.10.2021 (corrección R-71/2021 do 15.10.2021)	12508, 12509, 12510, 12511, 12512
Aceptación e alta no Inventario Municipal de Bens da maquinaria entregada por UTE Carballo, concesionaria do contrato do servizo público de recollida de lixo, transporte, punto limpo e canceira do Concello de Carballo en cumprimento da obriga de renovar a maquinaria a disposición do servizo, transcorridos os primeiros oito anos do contrato, facendo entrega da maquinaria amortizada ó Concello de Carballo.		
DE OFICIO	Resolución núm. 2990/2021 do 05.11.2021	12518, 12519
Alta no inventario municipal das parcelas afectadas polo proxecto de expropiación forzosa para a obtención dos terreos do sistema xeral SX-EQ4 previsto no PXOM, aprobado o 09.03.2020 pola Xunta de Goberno Local.		
DE OFICIO	Resolución núm. 3029/2021 do 09.11.2021	12522
Alta no inventario municipal da parcela de cesión obrigatoria, M1, de aproveitamento lucrativo, como ben patrimonial integrante do Patrimonio Municipal do Solo, resultante do proxecto de equidistribución para a execución do ámbito do sector do solo urbanizable SUR-D/S-T3/AR.S-T3 - A Revolta.		
DE OFICIO	Resolución núm. 486/2022* do 18.02.2022	13171, 13172, 13173

Alta no inventario municipal dos bens afectados polo proxecto de expropiación forzosa para a obtención dos terreos do sistema xeral SX-VI/AU06, previsto no PXOM.  
\* Resolveuse como data de alta a mesma que a da resolución da consignación dos terreos expropiados na Caixa Xeral de Depósitos (27.10.2021).

**Cuarto.-** Resolución núm. 2628/2021 do 30.09.2021 desestimatoria dun recurso de reposición interposto por Dna. Carmen Villar Arantón, Dna. Clarisa Osinde Mato e Dna. Emilia Pombo Freijeiro contra resolución da alcaldía núm. 1663/2021 do 06.07.2021. Nesta resolución desestimatoria resolveuse desestimar as pretensións formuladas contra a resolución da alcaldía do 06.07.2021 pola que se resolvía a exclusión do Inventario Municipal de Bens o camiño inscrito coa denominación CAMINO 9011 DEL POLÍGONO 27 (núm. de orde 5978).

**Quinto.-** Aprobar as seguintes variacións no Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Carballo producidas no ano 2021.

**1.- ALTAS.** Reflexar no Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Carballo a 31.12.2021 as altas producidas no ano 2021, cuxos datos pormenorizados de cada ben e dereito son os recollidos nos listados que obran no expediente sendo o seu resumo totalizado por epígrafes o seguinte:

Epígrafe	Valor total das altas (€)
<b>1º.- Inmables</b>	5.665.096,18
<b>2º.- Dereitos reais</b>	-
<b>3º.- Mobles histórico artístico e de considerable valor económico</b>	-
<b>4º.- Valores mobiliarios, créditos e dereitos de carácter persoal</b>	10.103,50
<b>5º.- Vehículos</b>	43.513,26
<b>6º.- Semoventes</b>	-
<b>7º.- Outros bens mobles</b>	231.712,91
<b>8º.- Bens e dereitos revertibles</b>	-
<b>TOTAL</b>	<b>5.950.425,85</b>
<b>CLASIFICACIÓN 900101*</b>	309.406,97

(\*) Inversións sobre bens non inventariables. Procede a súa baixa no exercicio seguinte, unha vez fora amortizado totalmente.

O importe total das altas producidas a 31 de decembro de 2021 ascenden a cinco millóns novecentos cincuenta mil catrocentos vinte e cinco euros con oitenta e cinco céntimos de euro (5.950.425,85 €).

**2.- BAIXAS.** Reflexar no Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Carballo a 31.12.2021 as baixas producidas no ano 2021, cuxos datos pormenorizados de cada ben e dereito son os recollidos nos listados que obran no expediente, sendo o resumo por epígrafes o seguinte:

Epígrafe	Valor total das baixas (€)
<b>1º.- Inmables</b>	42.615,98
<b>4º.- Valores mobiliarios, créditos e dereitos de carácter persoal.</b>	276,08
<b>5º.- Vehículos</b>	8.000,00
<b>7º.- Outros bens mobles</b>	418.979,67
<b>Total</b>	<b>469.871,73</b>

<b>CLASIFICACION 900101 A 31.12.2020*</b>	28.700,47
---	-----------

(\*) Indícase o importe da clasificación 900101, relativa a bens non inventariables ou inversións sobre bens non inventariables, correspondentes ó exercicio 2020 e que se deron de baixa neste exercicio 2021.

O importe total das baixas producidas a 31 de decembro de 2021 ascende a catrocentos sesenta e nove mil oitocentos setenta e un euros con setenta e tres céntimos de euro (469.871,73 €).

**3.- RECLASIFICACIÓNS.** Reflexar no Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Carballo a 31.12.2021 as reclasificacións producidas no exercicio 2021 con motivo da depuración que se continua facendo, cuxos datos pormenorizados de cada ben e dereito son os recollidos no listado que obra no expediente, sendo o seu resumo por epígrafes o seguinte:

Epígrafe	Valor total das reclasificacións (€)
<b>1º.- Inmobles</b>	86.441,52
<b>7º.- Outros bens mobles</b>	-86.441,52

**4.- CARGA INICIAL.** Reflexar no Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Carballo a 31.12.2021 os movementos producidos en GPA no exercicio 2021, con data de alta a 31.12.2021 correspondentes ás adquisicións de bens producidas en exercicios anteriores.

Epígrafe	Valor total por carga inicial (€)
<b>1º.- Inmobles</b>	2.490,13

**Sexto.-** Aprobar a rectificación anual do Inventario Xeral de Bens e Dereitos do Concello de Carballo referida ao 2021, tras recoller no mesmo o resultado de tódalas variacións antes sinaladas e desagregadas no expositivo 5º, cuxos datos pormenorizados de cada ben e dereito son os recollidos no expediente, sendo o seu resumo por epígrafes a 31/12/2021 o seguinte:

Epígrafe	Valor total
<b>1º.- Inmobles</b>	294.019.247,52
<b>2º.- Dereitos reais</b>	218.268,91
<b>3º.- Mobles histórico artísticos e de considerable valor económico</b>	369.730,70
<b>4º.- Valores mobiliarios, créditos e dereitos de carácter persoal</b>	139.344,75
<b>5º.- Vehículos</b>	1.017.453,76
<b>6º.- Semoventes</b>	0,00
<b>7º.- Outros bens mobles</b>	4.513.772,70
<b>8º.- Bens e dereitos revertibles</b>	-
<b>Total</b>	300.277.818,34

En consecuencia, o importe total do Inventario Xeral de Bens e Dereitos do Concello de Carballo a 31/12/2021 é de trescentos millóns douscentos setenta e sete mil oitocentos dezaioito euros con trinta e catro céntimos de euro (300.277.818,34 €).

**Sétimo.-** Aprobar a rectificación anual do Inventario, separado do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, que conformará o Patrimonio Municipal do Solo (PMS) de 2021, de acordo co artigo 132 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Polo tanto, os bens integrantes do Patrimonio Municipal do Solo (PMS) do Concello de Carballo a 31/12/2021, cuxos datos pormenorizados de cada ben e dereito recollidos no expediente, son os que figuran no seguinte resumo por epígrafes:

<b>Resumo do Patrimonio Municipal do Solo (PMS) do Concello de Carballo a 31/12/2021</b>		
<b>Epígrafe</b>	<b>Nº de bens</b>	<b>Valor total</b>
<b>1º.- Inmobbles</b>	56	21.182.014,65€
<b>Grupos del Epígrafe 1º</b>		
<b>1.1.- Inmobbles urbanos</b>	56	21.182.014,65€
<b>Total</b>		21.182.014,65€

En consecuencia, o importe total do Patrimonio Municipal do Solo (PMS) do Concello de Carballo a 31/12/2021 é de vinte e un millóns, cento oitenta e dous mil catorce euros con sesenta e cinco céntimos de euro (21.182.014,65€).

**Oitavo.-** Remitir a rectificación do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Corporación a 31/12/2021 á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, en cumprimento do preceptuado no artigo 32.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

<b>ANEXO I.- Resumo por Plan Xeral de Contabilidade Pública (P.X.C.P.) a fecha 31/12/2021</b>		
<b>CONTA PGCP</b>		<b>Valor Contable (€)</b>
2060	Aplicacións informáticas	139.344,75
2090	Outro inmovilizado intanxible	208.177,27
2100	Terreos e bens naturais	49.970.872,86
2110	Construcións	139.507.206,18
2120	Infraestruturas.	64.193.837,22
2130	Bens do patrimonio histórico	369.730,70
2140	Maquinaria e utensilios	976.749,65
2150	Instalacións técnicas e outras instalacións	16.395.846,61
2160	Mobiliario	2.827.897,51
2170	Equipos para procesos de información	241.069,92
2180	Elementos de transporte	1.017.453,76
2190	Outro inmovilizado material	787.554,23
2400	Terreos do Patrimonio Pb. do Solo	21.182.014,65

## **5.- Regulamento municipal do mercado do concello de Carballo. Modificación. Aprobación inicial. (CIFECRIC de 19/04/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 19/04/2022, punto 5 da orde do día, relativo á proposta do concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade, Feiras e Mercados do 06/04/2022, contida no expediente 2022/E013/000001.

O Sr. Eiris Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, fai catro apuntes ó texto da modificación. Cre que a limitación a dous anos e medio a posibilidade de traspaso pode ser excesiva. Considera correcto que se introduza a posibilidade do cambio de uso. A limitación a un número máximo de tres postos parécelle escasa. Por último cre complicado que se poida cumprir coa obriga dun mínimo de apertura do 60% do horario. Absteranse.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, tamén fai fincapé na porcentaxe mínima de apertura. Cre que se debería dar maior flexibilidade. Flexibilidade para postos de algún produto, por exemplo panaderías, que unha vez esgotado parece difícil que teñan que cumprir con ese horario. Mesma dificultade no caso dos postos que acuden os xoves e domingos de feira. Absteranse.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, en primeiro lugar, e así llo trasladan, critica que, despois de dúas reformas importantes no mercado, seguen a existir eivas e falta de diálogo cos principais interesados, os *praceiros*. Tamén no campo da crítica, despois de ter aprobado o traslado provisional en xullo de 2021, un ano e medio despois se trae a modificación do regulamento. Por outra banda se lle traslada a dificultade de cumprir co horario mínimo do 60%, por exemplo no caso das pescaderías, ou se o xénero se termina. Pregunta se hai un caso de falecemento que ocorre co posto. Absteranse.

O Sr. Seoane Collazo, concelleiro delegado de Mobilidade, Emerxencias, Feiras e Mercados, apunta que coa obriga de apertura do 60% do horario o que se busca e precisamente que haxa postos que só abran algún día á semana, xoves ou domingos. O que se busca é precisamente o contrario que os postos estean abertos. Os postos que habitualmente abren pola mañá non terán dificultades en cumprir esa porcentaxe.

A limitación do 25% do tempo da concesión para que o traspaso sexa posible, que non ten por que ser dous anos e medio, pois os dez anos é o prazo máximo concesional, é para evitar a especulación cos postos.

Si que se recolle, na regulación do traspaso, o suposto do falecemento do titular.

Haberá *praceiros* que se queixen de que non se atenderon as súas demandas, pero o certo é que, tanto na reforma do edificio como co borrador deste regulamento, se lles escoitou en primeiro lugar. O que non se pode é atender a cada petición particular.

Sometido o asunto a votación, con once (11) votos a favor, dos concelleiros presentes do grupo municipal do BNG, e nove (9) abstencións, dos concelleiros dos grupos municipais do PP (4), PSdG-PSOE (3) e TEGA (2), o Pleno Municipal acorda:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a modificación do regulamento municipal do mercado do concello de Carballo composto por 52 artigos en catro títulos, unha disposición derogatoria e unha disposición final, e dous anexos; cuxo texto se inserta ó final deste acordo.

Artigos que se modifican:

- Artigo 2 Titulo competencial
- Art. 6.2.b) postos temporais
- Art. 6.4 segundo parágrafo
- 7.4 Posibilidade de traspaso
- Artigo 8 Prazo da concesión (primeiro paragrafo)
- Artigo 9.2.4
- Artigo 11 Número de postos
- Art. 15
- Artigo 26.1.- Horario
- Art. 40.1 segundo e terceiro parágrafos
- Art. 40.3 (último inciso)
- Art. 41.1 (último inciso)
- Artigo 53 Sinalética, vestiario e imaxe do Mercado

**Segundo.-** Someter o regulamento a exposición pública por un prazo de 30 días, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia. De non se presentaren alegacións durante este prazo, o regulamento do mercado entenderase aprobado definitivamente sen necesidade de novo acordo plenario, e entrará en vigor ao día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación definitiva no B.O.P.

## **REGULAMENTO MUNICIPAL DO MERCADO DE CARBALLO**

### **ÍNDICE**

#### **Título I.- Disposicións xerais**

- Artigo 1.- Obxecto
- Artigo 2.- Titulo competencial
- Artigo 3.- Modos de xestión
- Artigo 4.- Órganos competentes
- Artigo 5.- Potestades administrativas

#### **Título II.- As concesións administrativas**

- Capítulo I.- Da concesión de postos de venda no mercado
- Artigo 6.- Tipos de postos
- Artigo 7.- Titulares das concesións
- Artigo 8.- Prazo da concesión
- Artigo 9.- Procedemento de adxudicación
- Artigo 10.- Canon e taxas
- Artigo 11.- Número de postos
- Capítulo II.- Dereitos e obrigas dos/as concesionarios/as dos postos
- Artigo 12.- Dereitos
- Artigo 13.- Obrigas xerais
- Artigo 14.- Condicións especiais
- Capítulo III.- Da transmisibilidade das concesións
- Artigo 15.- Transmisibilidade
- Artigo 16.- Alugueiro ou cesión
- Capítulo IV.- Do rescate, extinción e entrega da concesión
- Artigo 17.- Rescate da concesión
- Artigo 18.- Extinción da concesión
- Artigo 19.- Desaloxo e entrega ao concello na fin da concesión

#### **Título III.- Do funcionamento dos mercados municipais de abastos**

- Capítulo I.- Da dirección, organización e inspección dos mercados
- Artigo 20.- Dirección
- Artigo 21.- Encargado/a do mercado
- Artigo 22.- Inspección
- Artigo 23.- Actividade inspectora
- Capítulo II.- Dereitos e deberes dos/as usuarios/as e consumidores/as
- Artigo 24.- Dereitos
- Artigo 25.- Deberes
- Capítulo III.- Normas xerais de funcionamento do mercado
- Artigo 26.- Horario
- Artigo 27.- Entrada de mercancías
- Artigo 28.- Espazos comúns
- Artigo 29.- Contedores de desperdicios
- Artigo 30.- Báscula de repeso
- Artigo 31.- Limpeza
- Artigo 32.- Vixilancia
- Artigo 33.- Taboleiro de anuncios
- Artigo 34.- Obras de remodelación
- Artigo 35.- Prohibicións de carácter xeral
- Artigo 36.- Prohibicións específicas
- Artigo 37.- Promoción e publicidade
- Artigo 38.- Páxina web

Capítulo IV.- Normas xerais de funcionamento dos postos de venda.  
Artigo 39.- Distribución de postos  
Artigo 40.- Postos de venda  
Artigo 41.- Postos de venda: destino e condicións  
Artigo 42.- Postos de venda: reparación, conservación e mantemento dos postos  
Artigo 43.- Postos de venda: obras e instalacións  
Artigo 44.- Postos de venda: instrumentos de peso e medida  
Artigo 45.- Postos de venda: rotulación  
**Título IV.- Procedemento sancionador**  
Artigo 46.- Clasificación das infraccións  
Artigo 47.- Infraccións leves  
Artigo 48.- Infraccións graves  
Artigo 49.- Infraccións moi graves  
Artigo 50.- Expediente sancionador  
Artigo 51.- Sancións  
Artigo 52.- Prescrición  
Disposición derogatoria  
Disposición final

## **REGULAMENTO MUNICIPAL DO MERCADO DE CARBALLO**

### **TÍTULO I.- Disposicións xerais**

#### **Artigo 1.- Obxecto**

A presente ordenanza regulamento ten por obxecto regular o funcionamento do servizo de abasto público no Mercado municipal de Carballo, xestionado directamente ou indirectamente mediante concesión administrativa ou outras fórmulas legalmente establecidas, así como fixar o réxime administrativo deste.

O Concello de Carballo dispón dun Mercado municipal situado na praza do Concello s/n, do núcleo urbano de Carballo, configurado como un centro de abastecemento de artigos de primeira necesidade, promovido polo Concello en lugar público adecuado a cubrir as necesidades da poboación, en base á concorrencia e multiplicidade de postos de venda.

Co obxecto de regular o funcionamento do Mercado redáctase o presente regulamento co propósito de establecer as relacións entre os/as titulares dos postos e o Concello, sen prexuízo do regulado en cada momento tanto nas ordenanzas correspondentes, nos respectivos contratos de adjudicación de cada un dos postos, como nos pregos de cláusulas administrativas que poidan rexer posteriores concesións administrativas.

Sen prexuízo de todo isto, o funcionamento do Mercado Municipal de Carballo rexeráse polo presente regulamento e acordos e/ou resolucións que en aplicación deste se diten, sen que poida vulnerarse a liberdade de concorrencia respecto a outras iniciativas públicas e/ou privadas.

#### **Artigo 2.- Titulo competencial**

A competencia en materia de abasto público e no establecemento e autorización de mercados no termo municipal correspóndelle ao Concello de Carballo de conformidade co disposto no artigo 25.2.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 80.2.g) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, así como na Lei 13/2010 de 17 de decembro do comercio interior de Galicia, e na Lei 7/1996, do 15 de xaneiro de ordenación do comercio polo miúdo.

#### **Artigo 3.- Modos de xestión**

O Mercado Municipal ostenta a condición de servizo público, polo que o Concello de Carballo exercerá a necesaria intervención administrativa, a vixilancia sanitaria e cantas funcións impliquen exercicio de autoridade e sexan da súa competencia.

De conformidade co disposto no artigo 26.1.b da Lei 7/1985 e 81, letra b, da Lei 5/1997, o citado servizo é de prestación obrigatoria polo municipio de Carballo, declarándose a reserva en favor do Concello do citado servizo polo artigo 86, apartado 3, do citado corpo normativo.

O concello poderá xestionar os mercados de xeito directo ou indirecto, adoptando calquera das formas legalmente establecidas para tal fin.

Calquera que fora a forma de xestión do mercado, o concello exercerá, por medio dos seus funcionarios ou funcionarias a intervención administrativa, control e cantas funcións impliquen o exercicio da autoridade.



#### **Artigo 4.- Órganos competentes**

Corresponderalle á Alcaldía, e pola súa delegación ao/a tenente/a de alcalde/alcaldesa ou concelleiro/a delegado/a de mercados, o exercicio das atribucións conferidas ao Concello de Carballo e que non lle estean reservadas legalmente ao Pleno da Corporación.

É competencia do Pleno a aprobación, modificación ou derogación deste regulamento. A vixilancia da boa orde e funcionamento dos mercados correspóndelle ao persoal adscrito a eles, así como aos membros da Policía Local.

#### **Artigo 5.- Potestades administrativas**

5.1.- Calquera que fose o tipo e forma da xestión dos mercados, o concello exercerá neles a necesaria intervención administrativa, a vixilancia sanitaria e cantas funcións impliquen exercicio de autoridade e sexan da súa competencia.

A administración municipal ostenta os poderes de policía necesarios para asegurar o correcto funcionamento dos servizos do mercado tales como:

- 1) Esixir a observancia das normas relativas ao desenvolvemento do servizo por parte dos/as concesionarios/as dos postos e dos/as consumidores/as e usuarios/as adoptando as medidas procedentes.
- 2) Impoñer as sancións pola comisión de infraccións de conformidade co establecido neste regulamento e normativa específica aplicable.
- 3) Esixirles o pagamento das taxas e demais ingresos de dereito público aos/ás concesionarios/as dos postos de venda, de conformidade coa respectiva ordenanza fiscal.
- 4) Ordenar e executar o desaloxo dos postos que deban quedar libres e vacantes en aplicación do disposto neste regulamento.

As medidas precedentes poderán facerse efectivas polo Concello a través dos medios previstos na Lei30/92 para a executoriedade dos actos administrativos e no Real decreto 1372/1986 para a protección e defensa dos bens das entidades locais, incluíndo a vía de constrinximento e o desafiuzamento administrativo.

5.2.- A intervención administrativa do Concello nos mercados dirixirse a asegurar o abasto dos artigos de consumo de primeira necesidade, a calidade dos ofrecidos na venda, a fidelidade no despacho dos que se expidan a peso ou medida e a normalidade dos prezos.

5.3.- O Concello sancionará calquera forma de actuación que vaia contra as condicións sanitarias dos produtos, altere a súa calidade, peso ou medida, ou estea encamiñada a impedir ou dificultar a liberdade do tráfico mercantil.

### **Título II.- As concesións administrativas**

#### **Capítulo I.- Da concesión de postos de venda no mercado**

##### **Artigo 6**

6.1.- Os postos dos mercados son propiedade do Concello, pola súa condición de bens de servizo público e, polo tanto, inalienables, inembargables e imprescritibles.

6.2.- Os postos de venda no mercado municipal de abastos clasifícanse en:

- a) Postos fixos: os destinados á venda de artigos de modo permanente por ter sido adxudicados por un tempo determinado, conforme ás normas de este regulamento.
- b) Postos temporais: Coa finalidade de garantir o aproveitamento dos postos que quedasen vacante, o concello poderá outorgar autorizacións temporais para o uso dos postos de venda. Ditas autorizacións outorgaranse en réxime de libre concorrència. Terase en conta que ditos postos se adiquen a produtos pouco representados na oferta do Mercado Municipal e con interese por parte dos consumidores e do concello para mellorar a variedade de produtos ofertados. A ocupación terá unha duración mínima de 6 meses e máxima de 24 meses, e entenderase en todo momento como provisional, tendo que poñer o posto a disposición do Concello nun prazo máximo de un mes dende a notificación por parte da administración. A persoa natural ou xurídica interesada en ocupar temporalmente algún dos postos deberá satisfacer as taxas mensuais e satisfacer a taxa por autorización/canon segundo se establece na Ordenanza fiscal correspondente. Estes postos rexeranse en todos os aspectos polo presente Regulamento.

6.3.- O número, emprazamento e dimensión dos postos de venda, locais e demais servizos dos mercados, virán sinalados no plano respectivo, aprobado polo órgano competente. O concello poderá fixar os criterios estéticos e o deseño dos postos de venda nos mercados co fin de manter unha determinada uniformidade.

6.3.- Correspóndelle ao Concello de Carballo a cesión da explotación dos postos do mercado a particulares mediante a forma de concesión administrativa demanial. A concesión farase seguindo as prescricións xerais que fixen as normas vixentes na materia. Poderán ser obxecto de concesión os postos que previamente estean vacantes ou dados de baixa.

6.4.- Os postos do mercado municipal axustaranse ás denominacións de uso previstas no título concesional no que se artelle a súa adxudicación. Para todas as actividades é obrigatorio que os produtos se expidan de acordo coas condicións hixiénico sanitarias e de conservación e as normas de seguridade previstas na normativa que resulte de aplicación.

O Concello poderá alterar o destino dos postos previa solicitude do concesionario, tendo en conta o interese comercial do cambio por tratarse o novo uso dunha actividade pouco representada, as condicións nas que se adxudicaron os postos, a necesidade de harmonizar os usos por zonas, etc. . Coa solicitude o interesado/a debe presentar un proxecto de explotación da nova actividade a desenrolar. O acondicionamento dos postos para adaptalos ós novos usos correrá por conta do concesionario. O prazo da concesión seguirá sendo o mesmo inicialmente concedido, independentemente do novo uso autorizado.

6.5.- É potestade do Concello, en uso da facultades de autoorganización do servizo, alterar o destino dos postos vacantes por causas xustificadas de interese público.

### **Artigo 7.- Titulares das concesións**

7.1.- Poderán ser titulares de concesións as persoas naturais ou xurídicas con plena capacidade de obrar, e que reúnan os requisitos legais necesarios para o desenvolvemento da actividade que pretendan.

7.2.- Non poderán selo:

- a) As comprendidas nos casos de incapacidade e incompatibilidade sinalados na normativa de contratación das administracións públicas.
- b) Aquelas que non reúnan as condicións esixibles nas ordenanzas municipais.
- c) As sancionadas pola comisión de faltas moi graves, cando a última sanción lles fose imposta dentro do período de tres anos anteriores ao anuncio de licitación.

7.3.- O comercio nos mercados exercerase polos/as titulares da concesión ou autorización de venda. Os/as titulares (persoas físicas) veñen obrigados á ocupación do posto de venda no mercado municipal para a súa explotación comercial, ben persoalmente, ben por ascendentes ou descendentes do titular en primeiro grao ou o seu/súa cónxuxe ou persoa vinculada con análoga relación de convivencia afectiva, e os/as traballadores/as por conta allea, previa alta dos/as anteriormente mencionados no correspondente réxime da Seguridade Social cando sexa preceptivo segundo normativa aplicable. Os/as titulares (persoas xurídicas) están obrigados/as á ocupación do posto de venda no mercado municipal para a súa explotación comercial a través de traballadores/as por conta allea contratados/as para tal fin e dados/as de alta no correspondente réxime da Seguridade Social, ou persoas designadas para tal fin pola sociedade (socios/as) e previa alta na Seguridade Social cando sexa preceptivo segundo normativa aplicable.

De non cumprirse tal requisito, presumirase que o posto ocupado por persoas distintas á titular foi irregularmente cedido ou arrendado, o que salvo proba en contrario, determinará a caducidade da concesión sen dereito a ningunha indemnización.

7.4 Posibilidade de traspaso

Os/as concesionarios poderán traspasar os seus dereitos a terceiros, previa autorización municipal e antes dun ano para o remate da concesión.

O procedemento iniciarase a instancia de parte, na que se farán constar os datos do actual concesionario e do beneficiario do traspaso, datos do posto e proxecto de explotación. Por parte do Concello emitirase informe sobre a conveniencia ou non do traspaso, e de ser esta favorable procederase a ditar resolución por parte do órgano municipal competente na que se reflexarán as condicións do traspaso e a proposta de liquidación das taxas que correspondan por parte dos órganos de Xestión tributaria do Concello, segundo a Ordenanza fiscal vixente.

Non poderán ser beneficiarios/as de traspaso de postos aquelas persoas que sendo concesionados en dito mercado perderan os seus dereitos por sanción ou revocación da concesión.

O prazo de concesión do posto en casos de traspaso contará dende o inicio da concesión do posto, independentemente do momento do traspaso deste.

Para poder traspasar un posto ten que haber transcorrido polo menos o 25% do prazo da concesión e restar como mínimo un ano para o remate desta

### **Artigo 8.- Prazo da concesión**

A duración da concesión para a utilización privativa dos postos de venda no Mercado municipal fíxase nun máximo de 10 anos, podendo prorrogarse por 5 anos previo pago do 50% do canon inicial ofertado na adxudicación por parte do adxudicatario e previa solicitude, sendo preciso unha resolución expresa por parte do órgano competente, previo informe do encargado da xestión do mercado. A excepción a esta regra xeral de duración é a contida no artigo 6.2.b) deste regulamento.

Durante a realización de obras de renovación integral do mercado o concello poderá suspender o tempo da concesión ao longo da duración das devanditas obras, mesmo nos casos en que se traslade aos/as concesionarios/as a un mercado provisional.

O/a concesionario/a deberá iniciar a actividade autorizada nun prazo máximo de dous meses, dende a sinatura do contrato, unha vez levadas a cabo as obras de acondicionamento dos postos.

### **Artigo 9.- Procedemento de adxudicación**

9.1.- A adxudicación das concesións para uso e aproveitamento dos postos de venda no mercado municipal axustarase ao procedemento establecido na normativa reguladora do patrimonio das administracións públicas, na normativa reguladora da contratación administrativa, en canto resulte aplicable, e no regulamento de servizos das corporacións locais no que resulte compatible coa normativa anterior.

9.2.- Os pregos que regulen o procedemento da concesión dos postos deberán conter como mínimo as seguintes determinacións:

- 1.-Posto obxecto da concesión e descrición das súas características, usos e actividades permitidos, así como requisitos que deban cumprir os/as licitadores/as.
- 2.-Obras e instalacións que deban realizar os/as concesionarios/as.
- 3.-Instalacións de titularidade do concello que se entreguen ao concesionario para a súa explotación.
- 4.-Prazo da concesión e prórrogas posibles, con límite máximo de 10 anos, máis 5 de prórroga.
- 5.-Situación respectiva do concello e do concesionario durante o prazo de vixencia da concesión.
- 6.-Tipo de licitación da concesión.

En calquera caso a concesión deberá conter como mínimo: canon que a concesionaria debe satisfacer á corporación, deber do/a concesionario de manter en bo estado as instalacións, obrigas e dereitos recíprocos da corporación e concesionario/a, sancións por incumprimento da concesión.

9.3.- O canon inicial será o que se fixe nas bases do procedemento de licitación, que será como mínimo o establecido na ordenanza fiscal reguladora das taxas por prestación dos servizos do mercado.

9.4.- O concello poderá deixar deserto o procedemento de licitación se non se cubre o canon inicial e se reserva o uso de dereito de retracto, se se considerase este como beneficioso para os intereses municipais.

9.5.- O Concello comprométese a entregarlles os postos aos/ás novos/as concesionarios/as, nas debidas condicións de uso e funcionamento.

### **Artigo 10.- Canon e taxas**

Durante a vixencia da concesión, o/a titular estará obrigado/a a abonar as cotas, taxas e demais exaccións previstas nas ordenanzas fiscais municipais, tanto pola utilización dos postos de venda como polos demais servizos dos que sexa beneficiario/a.

O Concello durante a realización de obras de renovación dun mercado municipal poderá exonerar do pagamento do canon mensual a aqueles concesionarios/as que suspendan o exercicio da actividade, mentres duren aquelas.

O Concello poderá reducir a taxa por renda mensual nas instalacións provisionais durante o tempo de permanencia nelas.

### **Artigo 11.- Número de postos**

Cada concesionario poderá selo dun máximo de tres postos. En cada licitación poderá ser adxudicatario/a de mais dun posto, sempre que sexan postos colindantes e para a mesma actividade comercial.

## **Capítulo II.- Dereitos e obrigas dos/as concesionarios dos postos**

### **Artigo 12.- Dereitos**

Son dereitos dos/as concesionarios/as dos postos os seguintes:

- 1) A realización de vendas e transaccións que autoriza o contrato de concesión do posto.
- 2) O abastecemento de mercadorías nas condicións e horarios que fixe o concello, facendo uso para tal fin dos elementos comúns do mercado.
- 3) Como norma xeral, permítese o peche do posto nos seguintes termos:
  - a. Vacacións: trinta días seguidos ou repartidos ao longo do ano
  - b. Enfermidade leve durante 8 días
  - c. Asuntos propios: máximo oito días ao ano.
- 4) Solicitar dispensas no despacho dos postos, por causas de enfermidade ou por motivos persoais. As peticións serán resoltas pola Alcaldía.
- 5) Contratar persoal asalariado, acreditado mediante certificación da Seguridade Social ou TC, que lle axude nas operacións para realizar no posto, e será a relación xurídica que se derive do contrato de responsabilidade única do concesionario/a.
- 6) A realización de obras no posto, que supoñan unha mellora neste contando coa previa autorización municipal, e será preceptivo o informe dos/as técnicos/as municipais.
- 7) Constituír asociación de comerciantes.
- 8) Asistir a cursos de formación e perfeccionamento que sexan impartidos polo concello, e institucións e organizacións públicas e privadas.

9) Os/as concesionarios/as poderán establecer o servizo de venda electrónica.

### **Artigo 13.- Obrigas xerais**

Sen prexuízo doutras obrigas sinaladas neste Regulamento do mercado municipal, na Ordenanza reguladora da taxa pola prestación dos servizos do mercado municipal, e nos pregos reguladores da adxudicación das concesións, constitúen obrigas xerais dos/as concesionarios/as:

- 1) Manter o posto aberto realizando as transaccións autorizadas.
- 2) Satisfacer a contía das taxas ou dereitos pola utilización dos postos na forma e prazos de ingreso establecidos na respectiva ordenanza fiscal.
- 3) Manter nas debidas condicións de conservación e hixiene tanto os postos como os utensilios que se utilicen, non excedendo os límites do posto.
- 4) A conservación e mantemento dos locais, para o que se deberá realizar pola súa exclusiva conta as obras que se recollan no prego de condicións como necesarias para a adecuación do posto, así como todas aquelas obras que requira a súa explotación e adecuación ás normas sanitarias e hixiénicas. Para tal efecto, os/as concesionarios/as deberán obter do concello a correspondente autorización de obras.

As obras realizadas nos postos reverterán ao remate da concesión a favor do Concello sen ningunha indemnización por parte do Concello de Carballo. Tampouco haberá dereito a ningunha indemnización cando o remate da concesión teña lugar por actuación unilateral do/a concesionario/a, nin cando se extinga en virtude de procedemento sancionador, nin procederá ningunha devolución dos importes do canon de adxudicación se o/a concesionario/a non esgotase o tempo da súa concesión, e será esta unha cláusula de tipo penal para o/a adxudicatario/a polo prexuízo do abandono prematuro da súa explotación.

- 5) Os/as vendedores/as están obrigados/as a utilizar mandilón, luvas e gorro de protección, nas condicións que fixe o concello. Deberán observar igualmente pulcritude no aseo persoal.
  - 6) Os/as vendedores/as deberán estar habilitados/as mediante a posesión do carné de manipulador/a de alimentos outorgado polo organismo competente.
  - 7) Os/as concesionarios/as veñen obrigados/as a colocar o prezo correspondente acada unha das variedades que teñan expostas para a venda, fixando sobre a mercadoría un encerado ou cartel no que se indique o devandito prezo por quilogramo, dúcia ou peza, segundo sexa o caso, a clasificación do artigo e a procedencia.
  - 8) Manter en todo momento unha esmerada corrección, tanto co público coma co persoal adscrito ao mercado, cos servizos de inspección e cos/coas demais concesionarios/as.
  - 9) Facer uso adecuado das instalacións comúns do mercado, evitando a acumulación de mercadorías nas zonas comúns, invasión de zonas de paso con mobiliario ou equipamento; así como o vertido de augas residuais, desfeitos, etc.
  - 10) Atender persoalmente o posto, podendo axudarse de persoal asalariado no réxime contractual que sinala a lexislación vixente. Das altas e baixas do persoal asalariado ou de outra índole, que exerciten a actividade deberase dar conta ao concello.
  - 11) Nos casos de obras no mercado, deberán trasladarse, mentres aquelas duren, ao lugar establecido polo Concello, sen ningunha contra prestación económica, procurando por parte municipal a recolocación na zona máis próxima aos postos de orixe.
  - 12) Correrán ao seu cargo todos os gastos propios do posto que xere a súa explotación: enerxía eléctrica, auga, limpeza, recollida do lixo, conservación do posto, etc., así como satisfacer as taxas e demais exaccións que correspondan.
  - 13) Asemade deberán cumprir coa normativa vixente en materia laboral, de Seguridade Social e fiscal que sexa de aplicación á actividade que desenvolvan (pagamento de salarios e cotas de cotización a Seguridade Social, alta no IAE, etc).
  - 14) Depositar os desfeitos, residuos e lixo de xeito separado, nos termos esixidos na normativa municipal de limpeza, polo servizo de recollida e segundo as indicacións da administración do mercado.
  - 15) Cada posto, mesa ou local deberá estar dotado dos recipientes necesarios para o almacenamento do lixo durante o horario de venda, tanto para residuos secos como para húmidos. De ningún modo se depositarán residuos sólidos nos desaugadoiros ou rede de sumidoiros.
  - 16) Exhibir ante os/as funcionarios/as municipais, no caso de seren solicitados, o documento ou documentos acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas fiscais.
  - 17) Xustificar, cando fosen requiridos polos/as funcionarios/as municipais, o pagamento dos impostos e exaccións municipais legalmente esixibles por razón do exercicio do comercio dos seus postos.
  - 18) Acreditar diante da administración municipal a tramitación da alta como usuario/a titular do posto adxudicado no mercado, nos servizos de abastecemento municipal de auga e electricidade, antes do inicio da explotación comercial con suxeición á normativa vixente de conexión dos aparellos de medida de consumo de auga e electricidade instalados para tal efecto no mercado municipal para cada un dos postos.
- De seren necesarios, instalar para os postos os correspondentes contadores de auga e luz, segundo a normativa vixente. A instalación dos mencionados contadores será supervisada polos servizos municipais, previa comunicación do/a interesado/a ao Concello.

O consumo eléctrico, a taxa de recollida de lixo e as taxas por consumo, depuración de augas e rede de sumidoiros, así coma os propios de redes de telecomunicacións de cada posto irán a cargo do/a titular.

19) Comunicarlle ao Concello os cambios de domicilio dos/as concesionarios/as ou titulares da autorización, así como o peche dos postos por prazo superior a 15 días.

20) Cumprir cantas obrigas resulten deste regulamento e as ordes e instrucións da autoridade municipal ou dos seus axentes.

#### **Artigo 14.- Condicións especiais.**

O/a adxudicatario/a da concesión deberá cumprir as condicións seguintes:

- 1) Contar coas autorizacións que, conforme co ordenamento xurídico, sexan esixibles por outros organismos públicos.
- 2) Concertar unha póliza de seguros que cubra os posibles sinistros que se poidan causar nos postos adxudicados, que deberá ser achegada polo/a adxudicatario/a con carácter previo á formalización do contrato.
- 3) Achegar a alta no Imposto sobre actividades económicas (IAE).
- 4) Dispoñer das follas de reclamacións debidamente numeradas e seladas pola Oficina do Consumidor.
- 5) Acreditar a súa filiación e alta na Seguridade Social, así como a do persoal ao seu servizo. Así mesmo, deberán acreditar que se encontran ao corrente no pagamento das cotas da Seguridade Social.
- 6) O/a adxudicatario/a será persoalmente responsable dos danos que lle poidan causar terceiras persoas ao local obxecto de cesión.

#### **Capítulo III.- Da transmisibilidade das concesións**

**Artigo 15.-** As concesións dos postos do mercado de abastos do Concello de Carballo serán transmisibles de acordo ás condicións marcadas no art. 7.4 deste regulamento

**Artigo 16.-** Queda prohibido o subarrendo, alugueiro ou calquera outra modalidade de cesión temporal dos postos do mercado.

#### **Capítulo IV.- Do rescate, extinción e entrega da concesión**

##### **Artigo 17.- Rescate da concesión**

A Corporación municipal resérvase o dereito de deixar sen efecto a concesión antes do vencemento, se o xustificasen circunstancias sobrevidas de interese público, mediante indemnización ao/á concesionario/ados prexuízos que se causasen, ou sen ela cando non procedese.

##### **Artigo 18.- Extinción da concesión**

18.1.- As concesións extinguíranse por:

- 1) Extinción do prazo de concesión establecido.
- 2) Renuncia expresa e escrita do/a titular. No caso de renuncia da concesión non haberá lugar a ningún dereito de indemnización ou devolución económica de ningún tipo.
- 3) Solicitar a declaración de concurso, ser declarado/a insolvente en calquera procedemento, atoparse declarada en concurso, estar suxeita a intervención xudicial ou ser inhabilitado/a conforme á Lei 22/2003 de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- 4) Mutuo acordo entre a administración municipal e o/a concesionario/a.
- 5) Causas sobrevidas de interese público que motiven o rescate da concesión, aínda antes do remate do prazo polo que se concedeu ou autorizou, fixéndose no seu caso a indemnización a que puidera haber lugar de acordo co previsto na normativa vixente, e en todo caso, logo de audiencia ao/á interesado/a.
- 6) Morte ou xubilación do/a concesionario/a.
- 7) Disolución da sociedade titular.
- 8) Perda dalgunha das condicións esixidas nos pregos reitores das concesións ou na normativa que resulte de aplicación.
- 9) Non ocuparse ou permanecer pechado o posto por espazo de dous meses, agás causa xustificada a criterio do órgano que outorgou a concesión ou a autorización.
- 10) Grave incorrección comercial, segundo o previsto nesta ordenanza ou noutra normativa de aplicación.
- 11) Grave incumprimento das obrigas sanitarias ou das ordes recibidas en materia de limpeza ou hixiene dos postos, segundo o previsto nesta ordenanza ou noutra normativa de aplicación.
- 12) Falta de pagamento do canon da concesión, segundo o disposto nas ordenanzas fiscais e no regulamento.
- 13) Desafectación do ben, en cuxo caso se procederá á súa liquidación conforme ao previsto no artigo 102 da LPAP.
- 14) Falta de pagamento das taxas municipais de tres mensualidades consecutivas ou cinco alternas no período dun ano.

15) Ser sancionado/a o/a concesionario/a, mediante resolución firme, por infracción moi grave en materia sanitaria ou de disciplina do mercado.

En calquera dos casos expresados, extinguirase a concesión e demais dereitos que recaian sobre as instalacións, sen dereito a indemnización en favor do/a concesionario/a, agás o establecido no apartado 4), e sen prexuízo do estipulado na correspondente ordenanza fiscal.

18.2.- En casos de imposibilidade transitoria do/a concesionario/a para o exercicio da actividade propia do posto, principalmente por causa de enfermidade ou similares, debidamente xustificadas, a administración municipal poderá permitir o peche do posto a petición do/a titular cando non exista persoa dependente do/a concesionario/a que poida atender a súa explotación. Esta autorización deberá solicitarse cando o peche supere os 15 días, e non exceda os dous meses, e poderá prorrogarse o peche ata 4 meses en supostos excepcionais debidamente xustificadas.

18.3.- Cando se extingue a concesión, calquera que fose a causa, os/as titulares deberán de abandonar e deixar libres e baleiros os postos e, de non facelo no prazo de quince días, a administración municipal acordará executar por si o desafuzamento en vía administrativa.

### **Artigo 19.- Desaloxo e entrega ao concello á fin da concesión**

19.1.- Ao termo da concesión, ben sexa por cumprimento do prazo ou por calquera outra causa, e no prazo máximo de quince días desde esa data ou da notificación da resolución municipal correspondente, o/a concesionario/a está obrigado/a a entregarlle ao Concello o/s posto/s concedido/s coas instalacións permanentes existentes sobre eles, en perfecto estado de conservación e libres de calquera carga ou gravame.

19.2.- O Concello, transcorrido o devandito prazo poderá en todo caso acordar e executar o lanzamento pola vía administrativa.

19.3.- Recuperado o posto polo concello, este procederá á devolución das fianzas prestadas polo/a concesionario/a a petición deste/a, ou no seu caso incautarse dela para facer fronte aos desperfectos e danos causados polo/a concesionario/a, quen poderá en todo caso proceder ao seu arranxo pola súa conta e logo solicitar a devolución da fianza.

19.4.- Tres meses antes de finalizar o prazo da concesión o concello designará os/as técnicos/as para inspeccionar o estado no que se encontra o posto do mercado municipal, ordenando, á vista dos resultados da inspección técnica, a execución das obras e traballos de reparación e reposición que se estimasen necesarias para manter aquelas nas condicións previstas. As obras e traballos de reparación ou reposición que deban efectuarse serán por conta do/a concesionario/a.

19.5.- No caso da existencia de desperfectos ou danos, o Concello daralle traslado da valoración do custo do seu arranxo ao/a interesado/a para que no prazo de 10 días acepte facer el/ela a reparación ou pida que a faga o Concello con cargo á fianza. Se aceptara arranxalos o/a concesionario/a, disporá do prazo de 1mes desde a aceptación para realizar a reparación.

No caso de que o Concello arranxara os desperfectos ou danos con cargo á fianza e esta non fora suficiente para cubrir o seu custo, poderá proceder pola vía executiva contra o/a debedor/a pola diferenza.

## **Título III.- Do funcionamento dos mercados municipais de abastos**

### **Capítulo I.- Da dirección, organización e inspección dos mercados**

#### **Artigo 20.- Dirección**

As funcións de administración e dirección dos mercados municipais corresponden á Alcaldía-Presidencia, e poderán ser delegadas de conformidade coa normativa de aplicación.

Será da súa responsabilidade a xestión administrativa necesaria para o funcionamento do mercado e a vixilancia do cumprimento deste regulamento e da normativa de aplicación á actividade que alí se desenvolve.

#### **Artigo 21.- Encargado/a do mercado**

Serán competencia do/a encargado/a:

- 1) Vixilancia do estrito cumprimento dentro do mercado das disposicións contidas na presente ordenanza así como dos acordos municipais ou disposicións concretas da autoridade municipal.
- 2) Garantir a apertura das portas de acceso ás instalacións así como o seu peche nos horarios establecidos, co fin de posibilitar as operacións de carga e descarga e da actividade comercial.
- 3) Vixilancia da conservación, orde e limpeza do edificio e das súas dependencias, dándolle conta ao Concello de cantas deficiencias observe.
- 4) Informar ao/a responsable municipal de cantas incidencias ocorran no mercado.
- 5) Dispor dunha báscula e dun xogo de medidas que estarán a disposición do público. Vixiar o bo funcionamento dos instrumentos de pesa e medida e coidar do servizo de repeso.
- 6) Dispor de follas de reclamacións.

- 7) Informar ao público e aos/ás concesionarios/as daquelas actividades ou normas municipais que afecten ao servizo do mercado.
- 8) Proporcionar e informar do acceso á páxina web a aos servizos de atención aos/ás consumidores/as.
- 9) Atender as queixas e reclamacións do público e dos/as titulares e vendedores/as dos postos, resolvéndoas ou transmitíndoas en cada caso a que corresponda.
- 10) Informar das obras nos postos esixindo a correspondente autorización municipal.
- 11) Facilitarlle o cumprimento dos seus respectivos cometidos ao persoal encargado do servizos de inspección (sanidade, pesca, consumo...), aos/ás funcionarios/as de recadación, aos membros da Policía Local, e aos servizos de limpeza e recollida do lixo.
- 12) Notificarlles aos/ás titulares de postos de venda as comunicacións que lle afecten.
- 13) Informar ao concello do funcionamento do mercado e propoñer toda clase de medidas para a súa mellora.
- 14) Supervisión e control da cobranza das taxas municipais que lles corresponda aboar aos distintos postos segundo o disposto na ordenanza fiscal municipal en vigor, en tanto o concello non estableza outro sistema de cobranza tras da nova licitación do servizo.
- 15) Coidar a boa orde e a conservación e limpeza do edificio do mercado e das súas dependencias, dando conta das deficiencias que se observen.
- 16) Practicar as inspeccións que lle sexan encargadas polo órgano competente do concello, emitindo os informes correspondentes que delas resulten.
- 17) Orientar, executar e facer cumprir as decisións municipais.
- 18) Levar o control dos documentos que lle sexan confiados e o rexistro da titularidade dos postos.
- 19) Vixiar a representación da autoridade municipal no mercado, coidando da recíproca comunicación entre os/as titulares dos postos e o Concello, notificando as comunicacións deste a aqueles/as, e emitindo informes sobre todo o que de relevancia ocorra no mercado.
- 20) Control e supervisión do mercado tradicional de xoves e domingos de feira, co fin de asegurar tanto a correcta localización dos postos autorizados, como o aboamento das taxas establecidas, en tanto o concello non estableza outro sistema de cobranza tras da nova licitación do servizo, e o cumprimento das obrigas dos comerciantes en canto a orde e limpeza.
- 21) Cantas outras funcións lle correspondan en razón do seu cargo.

### **Artigo 22.- Inspección**

- 22.1.- A inspección e exame dos alimentos que expenden no mercado correspóndelle aos servizos dependentes da Xunta de Galicia. A inspección actuará de oficio ou á instancia de parte.
- 22.2.- Os axentes de inspección axustarán a súa actuación á normativa vixente en materia sanitaria, de protección de dereitos dos/as consumidores, disposicións legais en materia de regulación de matadoiros, de extraccións pesqueiras, marisqueo, acuicultura, e en xeral, de todas aquelas normas que afecten ao abastecemento público.
- 22.3.- O Concello poderá ordenar inspeccións periódicas no mercado por persoal dos seus propios servizos.

### **Artigo 23.- Actividade inspectora**

- 23.1.- Os/as inspectores están facultados/as para a recollida de mostras de alimentos procedendo o seu comiso cando fose preciso, dando conta ao Concello do seu resultado, por se derivaran feitos sancionables.  
Os/as veterinarios/as inspectores/as advertirán tamén ao Concello das posibles deficiencias na limpeza do mercado, na desinfección, desinsectación e desratización das súas dependencias.
- 23.2.- As horas de recoñecemento polos/as inspectores/as serán a partir da apertura do mercado e nas ocasións previstas na lexislación vixente.
- 23.3.- Non se poderán expor á venda aqueles produtos que non estean recoñecidos pola inspección, cando así estea establecido regulamentariamente.
- 23.4.- Os/as titulares dos postos e os seus colaboradores deberán estar en posesión do correspondente carné de manipulador/a de alimentos, que lles poderá ser requirido pola inspección sanitaria e pola administración.
- 23.5.- Os/as vendedores/as non poderán opoñerse á inspección e están obrigados/as a ensinarlle ao persoal municipal encargado do mercado ou á inspección sanitaria cantos artigos teñan para a venda, sen que poidan opoñerse á incautación das mercadorías no caso de ser declaradas nocivas para a saúde pública, ou por outra causa xustificada.
- 23.6.- O xénero declarado en malas condicións sanitarias será destruído de acordo co que dispoña a inspección.
- 23.7.- O Concello dotará o mercado dun libro de rexistro no que se anotarán diariamente os comisos, detallando a procedencia e destino final, clase e peso do xénero, nome do/a vendedor/a e demais datos necesarios.

## **Capítulo II.- Dereitos e deberes dos/as usuarios/as e consumidores/as**

#### **Artigo 24.- Dereitos**

24.1.- A prestación de servizos no mercado aos/ás consumidores/as e usuarios/as efectuarase de conformidade cos principios constitucionais de igualdade e non discriminación, tendo preferencia as persoas que na orde temporal, primeiro soliciten os servizos.

24.2.- Os/as consumidores/as e usuarios/as terán os seguintes dereitos:

- 1) Utilizar as instalacións do mercado de conformidade co disposto neste regulamento e normativa de obrigado cumprimento.
- 2) Adquisición dos produtos de venda no mercado, utilizando os medios informáticos que poidan habilitarse polo concello.
- 3) Ser atendidos polos/as vendedores/as de forma correcta.
- 4) Que os diferentes produtos de venda expoñan con claridade o prezo e orixe da mercancía.
- 5) Utilización de follas de reclamación, que estarán á súa disposición nas dependencias do mercado ou ben presentar a súa reclamación directamente no Concello.
- 6) Obter do encargado a información que precise sobre o mercado.

#### **Artigo 25.- Deberes**

Os/as consumidores/as e usuarios/as terán os seguintes deberes:

- 1) Tratar con cortesía os/as traballadores/as do mercado e vendedores/as.
- 2) Utilizar conforme ao seu destino os distintos elementos do mercado.
- 3) Non tocar nin sobar as mercadorías expostas ao público cando se trate de produtos alimentarios facilmente deteriorables.
- 4) Non acceder ao interior do recinto acompañado de animais de compañía, coa excepción de cans guías.

### **Capítulo III.- Normas xerais de funcionamento do mercado**

#### **Artigo 26.- Horario**

26.1.- O horario de apertura e peche do mercado en días laborables e días de feira axustarase ás disposicións de Concello de Carballo e con carácter xeral será o seguinte:

- Mañás: luns, martes, mércores, venres e sábado de 8.30 h a 14.00 h
- Tardes inverno: luns, martes, mércores, venres e sábado de 16.30 h a 20.30 h
- Tardes verán: de 17.00 h a 21.00 h
- Xoves (mercado) de 8.00 h a 20.30 h
- Domingos de feira: de 8.00 h a 14.00 h

Por norma xeral será obriga dos concesionarios atender os postos un mínimo do 60% do tempo que permaneza aberto o mercado, incurrindo en infracción sancionable en caso de non facelo.

A aqueles postos, que polas especiais características da actividade que desenvolven non puideran ser atendidos en días concretos da semana descontaríaselles ditos días do cómputo total. En concreto, no caso dos postos de peixe, os luns non se computarían como día de apertura por non poder dispoñer de produto fresco para a súa venda. O mesmo criterio se usaría para outros postos con circunstancias similares, tendo que reflexar os concesionarios o horario ofertado de apertura durante o proceso de licitación.

O horario dos postos exteriores poderá diferir do horario xeral do mercado segundo o tipo de actividade a desenvolver en cada un dos postos, non sendo de aplicación o parágrafos anteriores. Como norma xeral a apertura dos postos non pode realizarse antes das 8:00 nin prolongarse máis aló das 22:00, exceptuando autorizacións expresas en determinados días do ano previa solicitude motivada.

26.2.- De forma expresa e publicada con antelación, comunicarase as autorizacións de apertura en festivos, procurando que o mercado non estea pechado en datas consecutivas. Na autorización farase constar o horario.

26.3.- O Concello de Carballo, resérvase a posibilidade de modificar os horarios autorizados cando existan razóns que así o xustifiquen

26.4.- En caso de folga, o Concello establecerá servizos mínimos, que aseguren a apertura do mercado.

#### **Artigo 27.- Entrada de mercadorías**

27.1.- A entrada de mercadorías, así como as operacións de carga e descarga destas, levarase a cabo, con carácter xeral, entre as 8.00 h e as 10.00 h, axustándose ás medidas vixentes en materia sanitaria e de seguridade.

Excepcionalmente, o Concello de Carballo poderá establecer horarios diferentes, debidamente xustificadas.

27.2.- O transporte ata o mercado e dentro deste realizarase nas debidas condicións hixiénicas, e utilizaranse vehículos e medios de transporte axeitados.

Os/as transportistas serán responsables dos danos que causaren con motivo do transporte, carga ou descarga dos xéneros a eles/as confiados/as, os seus embalaxes, etc.



27.3.- A colocación e depósito dos xéneros só se permitirá dentro dos postos ou lugares habilitados para iso, e prohibese a utilización para tal fin de rúas ou pasos, que deberán permanecer libres para a fácil circulación dos/as compradores/as. Así mesmo, prohibese o traslado das mercadorías dun posto a outro durante o horario de mercado e o depósito de envases baleiros, lixo, etc., na superficie destinada á exposición e venda, así como na correspondente a rúas e pasos.

#### **Artigo 28.- Espazos comúns**

Os espazos e superficies de utilización común ou xeral dentro do recinto atoparanse expeditos ao tránsito e facilitarán unha axeitada comunicación das diferentes zonas comerciais.

Os espazos comúns manteranse limpos e en perfectas condicións de uso, dende a apertura do mercado ata o seu peche.

#### **Artigo 29.- Colectores de desperdicios**

O Concello situará colectores para o depósito de mercadorías en zonas especialmente habilitadas para esta finalidade.

Os/as concesionarios/as deberán verter, en bolsas pechadas, os desperdicios procedentes dos seus postos de venda nos colectores xerais, utilizando colectores particulares, caldeiros ou outro medio axeitado.

O/a concesionario/a de cada posto deberá procurar efectuar o vertido no colector xeral en horario de menor afluencia de público ao mercado (de 13.00 h a 14.30 h en xornada de mañá e de 20.00 h a 20.30 h en xornada de tarde).

#### **Artigo 30.- Báscula de repeso**

No mercado de abastos instalárase unha báscula de repeso para que os/as consumidores/as e usuarios/as poidan en todo momento, efectuar as comprobacións de peso dos artigos adquiridos.

En caso de reclamacións por considerar falta no peso, o/a comprador/a, sen abandonar o posto onde adquira o produto, requirirá a presenza do/a encargado/a, que seguidamente efectuará o repeso do artigo en cuestión e, de constatar a anomalía, o/a encargado/a poñerá os feitos en coñecemento do Concello e do/a presunto/a infractor/a para a incoación do correspondente procedemento sancionador.

A báscula de repeso situarase nun lugar visible cun cartel indicativo no que se lerá "Báscula de repeso ao dispor do público".

#### **Artigo 31.- Limpeza**

31.1.- A limpeza poderá facerse polo servizo municipal de limpeza, polo/a contratista do servizo ou, no seu caso, polo/a encargado/a do mercado, que deberá utilizar os medios que sexan adecuados segundo este Concello.

31.2.- O Concello establecerá un espazo físico e un número de colectores suficiente para o depósito de lixo e desperdicios que se xeren, distinguindo os diferentes tipos de residuos: orgánicos, inorgánicos, envases, madeira, papel...

31.3.- O/a encargado/a do mercado controlará os horarios en que se procede ao depósito do lixo e desperdicios nos colectores, seguindo a normativa aplicable por este Concello.

31.4.- As augas sucias ou residuais serán vertidas polos/as vendedores/as do mercado nos seus sumidoiros, en todo caso nas condicións fixadas pola normativa de aplicación nesta materia, e non se permite en ningún caso a existencia de caldeiros ou calquera outro recipiente onde aquelas poidan depositarse.

#### **Artigo 32.- Vixilancia**

32.1.- A vixilancia poderá ser realizada polo/a encargado/a do mercado, sen prexuízo de ser auxiliado pola Policía Local naqueles casos nos que se así se requirise, ou ben por unha empresa privada pagada polos/as concesionarios/as.

32.2.- O Concello non asumirá ningunha responsabilidade por danos, subtracción ou deterioro de mercadorías nos postos. O Concello tampouco asumirá a responsabilidade dunha verdadeira e propia custodia, aínda que se faga cargo da vixilancia do mercado.

#### **Artigo 33.- Taboleiro de anuncios**

En sitio visible do mercado exporase o taboleiro oficial de anuncios, onde se fixarán todas as disposicións do réxime interior ou de carácter xeral, así como o cadro de prezos vixentes cada día. Tanto os/as titulares de postos de venda como a asociación de vendedores/as, se existe, e o público en xeral, entenderanse igualmente notificados de tales disposicións, sen outro requisito que a súa publicación na forma indicada.

#### **Artigo 34.- Obras de remodelación**

Nos supostos de realización de obras de rehabilitación no mercado ou circunstancias extraordinarias de obras neste, o Concello poderá dispor o traslado forzoso dos/as concesionarios/as a outras zonas do mercado ou ás instalacións que se determinen.

Os traslados efectuaranse sen ningún resarcimento económico por parte do Concello. O custe do traslado asumíao o Concello ou o/a concesionario/a, segundo os casos, quen acordarán un seguro para cubrir as incidencias que se poidan producir.

No suposto de traslado a instalacións provisionais, rexerá igualmente a presente ordenanza.

### **Artigo 35.- Prohibicións de carácter xeral**

35.1.- Con carácter xeral establécense as seguintes normas para o desenvolvemento da actividade comercial no mercado municipal:

- 1) Non se poden expender as mercadorías fóra dos postos de venda ou en postos distintos dos que lle corresponde.
- 2) Non se poderán utilizar recipientes ou medios de transporte que ocasionen deterioro ou pavimento de recinto.
- 3) Non se poderán utilizar papeis, periódicos, impresos, etc., para envolver os produtos. Non terán condición de papel impreso o que leve consignado o nome, enderezo do/a vendedor/a, etc., sobre unha cara que non vaia a estar en contacto co alimento, sempre que estea autorizado pola inspección sanitaria.
- 4) Non se deben expor produtos que regulamentariamente precisen de conservación de frío, agás en mobles frigoríficos axeitados en cada caso.
- 5) Non se pode tirar lixo ou residuos nas dependencias ou zonas de afluencia de público.
- 6) Non se poden almacenar produtos insalubres nin dispor de recipientes ou outros utensilios que faciliten manipulacións nocivas.
- 7) Non se poden utilizar os postos de venda exclusivamente como almacén.
- 8) Non está permitida a publicidade sonora.

35.2.- Queda prohibido o exercicio da actividade vendedora ás persoas afectadas por enfermidades contaxiosas ou infecciosas en calquera dos seus períodos. Todo/a titular de posto ou persoal ao seu cargo, afectado/a de calquera doenza, padecemento ou enfermidade deste tipo, estará obrigado/a a poñer esta situación en coñecemento da administración, e estableceranse para o efecto as medidas que sexan precisas.

35.3.- Os/as concesionarios/as e os seus/súas dependentes/as non poderán estacionarse de pé ou sentados/as fóra dos postos que ocupen. De igual modo queda prohibido expender as mercadorías fóra dos postos respectivos, e obstaculizar con elas o libre paso.

### **Artigo 36.- Prohibicións específicas**

Constitúen prohibicións específicas, nalgúns postos, segundo a índole dos produtos de venda as seguintes:

- 1) Venda de caza e mariscos, durante as épocas de veda. Exceptúanse os produtos conxelados e aqueles que, pola súa procedencia, sexan de zonas onde non exista veda, e deberá, neste caso, o/a concesionario/a acreditar tal situación.
- 2) Venda de especies sen reunir os tamaños mínimos esixidos.
- 3) Venda de mariscos, sen que conste a súa previa depuración, e de calquera elemento perecedoiro con data caducada.
- 4) Venda de carnes frescas cuxa procedencia non fora acreditada de matadoiro ou sala de despece autorizada.
- 5) Venda de aves e coellos vivos, prohibíndose o desplumado nos postos.
- 6) Calquera outro tipo de vendas, que estean sometidas a prohibicións especiais.

### **Artigo 37.- Promoción e publicidade**

37.1.- As campañas de promoción e publicidade promovidas polos/as concesionarios/as en relación co mercado non poderán incluír contidos, mensaxes ou símbolos que poidan ser considerados denigrantes da persoa, que poidan incitar á violencia, racismo, xenofobia ou discriminación de calquera xénero ou que vulneren os dereitos de protección dos/as menores ou calquera disposición vixente.

37.2.- Con carácter previo ao seu desenvolvemento, as campañas comunicaranse ao órgano competente (Concello) cunha antelación mínima de 10 días hábiles, e poderá o concello dar instrucións oportunas sobre estas, así como ordenar a súa retirada, parcial ou total, se non se correspondera co efectivamente comunicado.

37.3.- En todo o material promocional e publicitario figurará a imaxe corporativa do Concello de Carballo.

37.4.- Debido ao servizo público do mercado, á súa titularidade municipal e á necesidade de fomento da lingua galega, e de acordo coa Lei de normalización lingüística e o Plan xeral de normalización da lingua galega, todas as accións de promoción e publicidade institucional do mercado deberán realizarse cando menos en galego, para o que se poderá contar coa axuda do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Carballo.

37.5.- Todos os actos de promoción, comunicación ou publicidade que os/as concesionarios/as realicen dentro das instalacións do mercado municipal, por si mesmos/as ou en colaboración con terceiros/as, comunicánselle ao órgano competente cunha antelación mínima de cinco días hábiles, e poderá este dar instrucións oportunas sobre eles.

37.6.- Sen prexuízo das autorizacións administrativas e licenzas urbanísticas precisas, a colocación de rótulos de identificación de locais deberá ser autorizada polo Concello, e adecuarse a imaxe do mercado, a solicitude do/a concesionario/a.

37.7.- No mercado non se admitirá ningún uso de publicidade comercial que non sexa o propio nome do/a titular de cada posto, e quedará prohibido o uso individual de altofalantes, aparatos de megafonía, impresos, voceo e calquera outro medio sonoro para o ofrecemento das mercadorías ou produtos, sen prexuízo daquela publicidade colectiva ou de campañas previa conformidade da administración municipal.

### **Artigo 38.- Páxina web**

38.1.- O concello establecerá na súa páxina web un banner coa información máis exhaustiva referente ao mercado e aos postos

- Referente ao mercado

- Regulamento do mercado

- Ordenanza fiscal

- Situación, plano...

- Referente aos diferentes postos, no que terá por cada posto:

a).- Con carácter obrigatorio

- concesionario/a ao que está asignado
- nome do establecemento
- actividade destino: froita, pescado, carne...
- situación do posto: número do posto, e lugar que ocupa no plano
- horario
- descrición: un ou dous parágrafos a modo de presentación do establecemento, onde se poden resaltar os produtos, as especialidades e outros servizos diferenciadores.

b).- Ademais poderá incluírse

medios de contacto: procedementos a través dos cales os/as clientes poderían comunicarse cos/coas concesionarios/as dos postos como teléfono, sms, etc., ou a súa propia páxina web.

38.2.- Será obriga dos/as concesionarios/as facilitar a seguinte información:

Nome do/a concesionario/a

Enderezo do contacto: pode corresponderse ou non co do posto

Medios de contacto: teléfono, fax, correo electrónico...

## **Capítulo IV.- Normas xerais de funcionamento dos postos de venda**

### **Artigo 39.- Distribución de postos**

O Concello de Carballo levará a cabo a distribución dos postos especificando as actividades autorizadas e atendendo ás necesidades comerciais en cada momento.

### **Artigo 40.- Postos de venda**

40.1.- Todos os postos de venda do mercado municipal estarán numerados con especificación do seu destino ou actividade autorizada.

O Concello poderá alterar o destino dos postos previa solicitude do concesionario, tendo en conta o interese comercial do cambio por tratarse o novo uso dunha actividade pouco representada, as condicións nas que se adjudicaron os postos, a necesidade de harmonizar os usos por zonas, etc. O acondicionamento dos postos para adaptalos ós novos usos correrá por conta do concesionario (artigo 6.4, segundo parágrafo deste Regulamento)

Tamén poderá alterarse o destino dos postos baleiros por parte do Concello de cara a novos procedementos de licitación, coa finalidade de ocupar ditos postos.

40.2.- Os/as concesionarios/as dos postos terán nun lugar visible unha ficha da concesión do posto na que conste, polo menos: o número do posto e nome do/a concesionario/a e a actividade comercial autorizada no posto.

40.3.- Os/as titulares dos postos están obrigados/as a mantelos abertos e atendidos nos días e horas en que estea aberto ao público o mercado, salvo os períodos regulamentarios de vacacións ou autorización expresa do concello, segundo os termos expresados no art. 26 deste Regulamento

### **Artigo 41.- Postos de venda: destino e condicións**

41.1.- Os postos de venda non poderán ser destinados ao exercicio e explotación de actividades distintas daquela para a que foron autorizados. Salvo autorización expresa conforme ó expresado no artigo 6.4 deste Regulamento.

41.2.- As mercadorías e produtos permanecerán no recinto de cada posto e a súa venda e despacho efectuarase necesariamente neste, e non poderá depositarse fóra da superficie asignada ou invadir superficies comúns ou doutros postos, nin modificar delimitacións físicas de cada posto.

41.3.- Os mostradores e expositores deberán manterse en perfecto estado de limpeza e pulcritude.

41.4.- As mercadorías estarán perfectamente identificadas segundo establece a lexislación vixente. Os prezos estarán visibles e farán referencia á mercadoría a que se refiren, e evitarase calquera tipo de confusión ou regateo. Os pesos e medidas estarán debidamente constatados, e poderá o/a administrador/a realizar as comprobacións que considere oportunas.

Os/as vendedores/as deberán conservar no seu poder o albará ou documentación xustificativos da súa compra, no que se consignará o nome do/a vendedor/a e do/a adquirente, a clase do artigo, o prezo, a unidade de medida e data.

41.5.- Cada posto disporá dun caldeiro ou recipiente no que se verterán en bolsas pechadas os desperdicios propios do posto, e manterase tapado. Ao remate de cada xornada baleirase no colector xeral, lavarase e desinfectarase isto último nos casos precisos.

#### **Artigo 42.- Postos de venda: reparación, conservación e mantemento dos postos.**

42.1.- Os/as concesionarios de postos poderán executar pola súa conta, previa autorización do Concello, as obras necesarias por razón de hixiene ou decoro para o axeitado funcionamento do seu negocio, sempre que non modifiquen a disposición actual dos postos nin alteren a estética do mercado.

Cando as obras realizadas polos/as concesionarios/as queden unidas de modo permanente ao piso, paredes e demais elementos integrantes do mercado pasarán a ser propiedade do Concello, sen que os/as concesionarios/as teñan dereito a ningunha indemnización á finalización do prazo da concesión.

Entenderase que as obras e instalacións están unidas de modo permanente cando non se poidan separar dos pisos, paredes ou elementos sen quebranto ou deterioro deste.

42.2.- O mobiliario, maquinaria, instalación e equipamento para utilizar nos postos correrán a cargo dos/as concesionarios/as.

Os/as concesionarios/as de postos, a requirimento da administración municipal, deberán demoler, pola súa conta, as obras executadas sen autorización municipal, e estarán obrigados/as a reparar os danos causados.

#### **Artigo 43.- Postos de venda: obras e instalacións**

43.1.- Cantas obras e instalacións se realicen nos espazos de aproveitamento privativo e que resulten unidas de xeito permanente ao posto ou instalación quedarán de propiedade municipal.

Entenderase que tales obras e instalacións están unidas de xeito permanente cando non poidan separarse dos pisos, paredes ou elementos fixos sen quebranto ou deterioro destes.

43.2.- Irán a cargo dos/as titulares as obras de construción e adaptación dos postos do mercado, así como cantas instalacións deban realizarse naqueles, os seus gastos de conservación e a súa adecuación á actividade para desenvolver.

43.3.- Será obrigatoria a execución das obras de adaptación dos postos aos modelos aprobados ao comezar a actividade concesional naqueles. Neste caso, os/as interesados/as, dentro do prazo dun mes a contar dende a adxudicación da concesión do posto, presentarán obrigatoriamente no concello a solicitude da autorización municipal para as obras a realizar, e logo dos informes que proceda o órgano municipal competente resolverá sobre a súa concesión.

43.4.- O Concello, cando o considere necesario, poderá ordenar de xeito motivado e logo de audiencia do/a interesado/a, a execución de obras de adaptación necesarias, vindo obrigados/as os/as titulares a realizalas pola súa conta, logo da obtención da preceptiva autorización, na forma que se lles ordene.

#### **Artigo 44.- Postos de venda: instrumentos de peso e medida**

Os instrumentos de pesar e medir utilizados no mercado deberán axustarse aos modelos autorizados polos organismos competentes. En todo momento o persoal municipal encargado do mercado poderá verificar a súa exactitude, e deberá facelo como mínimo unha vez ao ano.

Procurarase o uso de balanzas automáticas ou electrónicas, que se colocarán de xeito que os/as clientes/as poidan ler nelas o prezo, a cantidade e o importe da adquisición.

#### **Artigo 45.- Postos de venda: rotulación e sinalética**

A imaxe e marca do mercado correspóndelle exclusivamente ao Concello. Os gastos aos que dea lugar a devandita normativa correrán a cargo do/s concesionarios/as.

45.1.- Os postos respectarán a imaxe e rotulación de conformidade coa imaxe corporativa.

Requirirá autorización previa do concello a instalación de rótulos permanentes. Non serán autorizados os rótulos intermitentes, vibrantes ou móbiles ou que alteren a uniformidade, poidan resultar molestos pola súa uniformidade, ou prexudiciais a outros/as comerciantes do mercado.

45.2.- Non requirirán autorización previa a colocación de emblemas ou rótulos en épocas de ofertas ou promocións nin o reparto de propaganda impresa, aínda que se deberá, en todo caso, adecuarse o seu contido á normativa de aplicación.

En todo caso, tanto os emblemas ou rótulos en épocas de oferta coma a propaganda impresa, deberán facer mención sempre ao carácter municipal do mercado, e conterán os datos identificativos do posto ou postos de que proceden.

#### **Título IV.- Procedemento sancionador**

#### **Artigo 46.- Clasificación das infraccións**

Constitúen infraccións administrativas as accións e omisións que vulneren as disposicións contidas neste Regulamento, e que se atopen tipificadas como tales nel.

Para os efectos do presente regulamento, as infraccións catalogaranse en leves, graves e moi graves. Os/as concesionarios/as dos postos de venda serán responsables por si mesmos das faltas que cometan contra as disposicións deste Regulamento e demais normativa de obrigada aplicación en materia sanitaria e de alimentación, tanto polo incumprimento das súas obrigas fronte a administración municipal, a administración autonómica ou respecto de terceiros/as ou consumidores/as e usuarios/as, tanto os/as concesionarios/as como aquelas persoas que traballen no posto, debidamente acreditadas.

#### **Artigo 47.- Infraccións leves**

Terán a consideración de infraccións leves, ademais das previstas nos pregos que regulen a adxudicación da concesión demanial dos postos, as seguintes:

- 1) Incumprir as normas de aseo persoal por parte dos/as concesionarios/as ou dos seus colaboradores ou das súas colaboradoras.
- 2) Incumprimento do horario establecido en canto á venda, saída e entrada no mercado.
- 3) Exceder coa mercadoría ou materiais as dimensións do posto.
- 4) Ocupar con mercadoría o corredor, portas, escaleiras ou calquera outro elemento común do mercado, ou a rúa ou outros espazos públicos.
- 5) Ensuciar ou verter augas residuais aos corredores ou calquera outra zona común ou privativa do mercado.
- 6) A descortesía no trato co público ou con outros/as concesionarios/as ou vendedores/as.
- 7) A entrada de mercadorías fóra do horario establecido.
- 8) Depositar os residuos fóra dos colectores.
- 9) Non utilizar mandilón, luvas ou gorro de protección, así como a negligencia respecto ao esmerado aseo e limpeza das persoas e dos postos.
- 10) Contratar persoal sen comunicación da alta ao Concello.
- 11) Non comunicarlle ao Concello os cambios de domicilio do/a concesionario/a ou titular da licenza ou autorización.
- 12) Peche non autorizado de un a tres días sen causa xustificada.
- 13) Causar, mediando dolo ou negligencia, danos ao edificio, instalacións e postos cando o seu valor sexa inferior a 2.000 euros
- 14) Calquera outra infracción ao disposto no presente regulamento e que non estea previsto como infracción grave ou moi grave.

#### **Artigo 48.- Infraccións graves**

Terán a consideración de infraccións graves, ademais das previstas nos pregos que regulen a adxudicación da concesión demanial dos postos, as seguintes:

- 1) A venda de artigos distintos dos autorizados na concesión do posto ou na licenza.
- 2) O emprego de frases ou xestos groseiros ou de ameaza, así como as pelexas con outros/as concesionarios/as, vendedores/as ou co público.
- 3) A desobediencia ás ordes que se impartan polo Concello.
- 4) Ter pechado o posto por máis de quince días hábiles de mercado sen motivo xustificado e fóra dos supostos previstos no artigo 4 da Lei 20/2007 do estatuto do traballador autónomo.
- 5) Non ter as tarifas de prezos expostas ao público.
- 6) As defraudacións na cantidade ou calidade dos produtos vendidos.
- 7) Non atender persoalmente o posto, ou con persoal asalariado, salvo os casos previstos neste regulamento.
- 8) Contratar persoal asalariado á marxe das prescricións que sinala a lexislación laboral vixente.
- 9) A venda de alimentos ou outra mercadoría sen reunir as debidas condicións hixiénico-sanitarias.
- 10) A venda de produtos alimenticios que carezan do preceptivo carné de manipulador/a.
- 11) A realización de obras menores, que non afecten á estrutura do posto, que carezan da preceptiva licenza municipal.
- 12) A negativa a colaborar cos servizos de inspección do mercado.
- 13) A reincidencia en dúas faltas leves no prazo de un ano.
- 14) Non manter en debidas condicións de conservación e limpeza os postos.
- 15) Causarlle, mediante dolo ou negligencia, danos ao edificio, instalacións e postos por valor superior a 2.000 euros e inferior a 6.000 euros.

#### **Artigo 49.- Infraccións moi graves**

Terán a consideración de infraccións moi graves, ademais das previstas nos pregos que regulen a adxudicación da concesión demanial dos postos, as seguintes:

- 1) Manter o posto pechado por máis de dous meses carecendo do preceptivo permiso municipal e fóra dos supostos previstos no artigo 4 da Lei 20/2007 do estatuto do traballador autónomo.
- 2) O traspaso ou alugueiro da concesión ou licenza sen autorización municipal.
- 3) O grave deterioro das instalacións comúns do mercado por actuación imputable ao/á concesionario/a.
- 4) A realización de obras no posto que alteren a súa estrutura e carezan da preceptiva licenza municipal. Entenderase tamén como alteración da estrutura do posto perforar ou agretar o solo deste para a realización de obras.
- 5) Falta de pagamento da taxa mensual por prestación do servizo de mercado municipal.
- 6) A reincidencia en dúas faltas graves no período de un ano.
- 7) Destinar o posto de venda a actividade comercial diferente da autorizada.
- 8) Ocasionar danos ao edificio, instalacións e postos por valor superior a 6.000 euros
- 9) Incumplir calquera das prohibicións previstas no Regulamento municipal do mercado.

#### **Artigo 50.- Expediente sancionador**

O expediente sancionador incoarase de oficio ou a instancia de parte. O procedemento sancionador axustarase ás prescricións contidas na normativa aplicable para o exercicio da potestade sancionadora.

#### **Artigo 51.- Sancións**

Pola comisión das infraccións indicadas nos artigos anteriores imponranse as seguintes sancións:

- A).-Infraccións leves: apercibimento ou multa de ata 150 euros.
- B).-Infraccións graves: multa de 150,01 euros ata 300 euros.
- C).-Infraccións moi graves: multa de ata 450 euros e revogación da concesión.

Estas sancións son compatibles coas que a continuación se relacionan:

- A).-O comiso dos artigos que se vendan carecendo de autorización.
- B).-A tramitación e resolución dun expediente de infracción urbanística no caso de realización de obras non autorizadas.
- C).-A aplicación dos xuros, recargos e multas previstas nas normas fiscais para o caso de faltas de pagamento.
- D).-A responsabilidade civil do/a sancionado/a no caso de danos causados a terceiros/as, a outros postos ou a elementos comúns do mercado.

#### **Artigo 52.- Prescrición**

A prescrición das infraccións e das sancións terá lugar:

- A).-No caso de leves: aos 6 meses da súa comisión ou imposición.
- B).-No caso de graves: aos 2 anos da súa comisión ou imposición.
- C).-No caso de moi graves: aos 3 anos da súa comisión ou imposición.

#### **Artigo 53.- Sinalética, vestiario e imaxe do Mercado**

1.- Os rótulos dos postos interiores será de madeira OSB con barnizado de cor castaño ou similar, coa identificación do posto e o logotipo o Mercado de Carballo baixo relevo en cor branca e tipografía de letra Arial.

2.- Os postos exteriores poderán ter toldo unicamente de cor negra con tipografía en cor prata.

2.- Vestiario por Gremios:

Peixe: gorro azul ou branco con perfil azul, mandil azul

Carnicerías: gorro vermello ou branco con perfil vermello, mandil vermello

Queixos e pan: gorro amarelo ou branco con perfil amarelo, mandil amarelo

Embutidos e outros produtos comestibles: gorro branco con perfil ocre, marrón ou burdeos, mandil ocre, marrón ou burdeos.

3.- O concello resérvase a facultade de modificar a imaxe dos postos, cartelería, sinalética e as características do vestiario cando o considere convinte por razóns de interese xeral.

#### **Disposición derogatoria**

Quedan derogadas todas as disposicións municipais que contradigan o previsto no presente regulamento

#### **Disposición final**

O presente regulamento entrará en vigor unha vez aprobado de xeito definitivo e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

#### **ANEXO.- POSTOS e USOS.**

##### **POSTOS**

Denominación	Superficie	Planta	Actividade
--------------	------------	--------	------------

B17AB	34,05 m <sup>2</sup>	Baixa	Carnicería
B17 C	11,70 m <sup>2</sup>	baixa	Carnicería. Concesión 08/06/2032
B18	8,65 m <sup>2</sup>	Baixa	Alimentaria non determinada
B19	24,25 m <sup>2</sup>	Baixa	Carnicería
B20	12,55 m <sup>2</sup>	Baixa	Pescadería
B21	14,00 m <sup>2</sup>	Baixa	Pescadería
B22	25,70 m <sup>2</sup>	Baixa	Pescadería
B23	7,00 m <sup>2</sup>	Baixa	Pescadería. Concesión 04/06/2032
B24	7,00 m <sup>2</sup>	Baixa	Pescadería
B26	15,40 m <sup>2</sup>	Baixa	Alimentaria non determinada
B27	9,75 m <sup>2</sup>	Baixa	Alimentaria non determinada
B28	11,60 m <sup>2</sup>	Baixa	Panadería
B29	5,30 m <sup>2</sup>	Baixa	Alimentaria non determinada
B30	6,65 m <sup>2</sup>	Baixa	Alimentaria non determinada
B31AB	35,65 m <sup>2</sup>	Baixa	Froitería
B31C	16,90 m <sup>2</sup>	Baixa	Froitería. Concesión 08/06/2032
B32	14,10 m <sup>2</sup>	Baixa	Froitería
B33	19,70 m <sup>2</sup>	Baixa	Alimentaria non determinada
B34AB*	39,00 m <sup>2</sup>	Baixa	Carnicería
B35	28,25 m <sup>2</sup>	Baixa	Carnicería
B36	14,25 m <sup>2</sup>	Baixa	Carnicería
B37	28,25 m <sup>2</sup>	Baixa	Hostelería-degustación
E01	27,00 m <sup>2</sup>	Soto exterior	(**)
E02	27,00 m <sup>2</sup>	Soto exterior	(**)
E03	24,10 m <sup>2</sup>	Soto exterior	(**)
E04	24,75 m <sup>2</sup>	Soto exterior	(**)
E05	43,35 m <sup>2</sup>	Soto exterior	(**)
E06	37,65 m <sup>2</sup>	Baixa exterior	(**)
E07	39,25 m <sup>2</sup>	Baixa exterior	(**)
E08	39,05 m <sup>2</sup>	Baixa exterior	(**)
E09	38,90 m <sup>2</sup>	Baixa exterior	(**)

(\*) O posto B34B (10,55 m<sup>2</sup>), actualmente concesionado, é un posto que quedará integrado no B34AB unha vez finalizado o prazo de concesión (2023).

(\*\*) Non determinado agás froita, verdura, pan, carne ou peixe. Poderán venderse estes produtos pero non ser a actividade principal, tan só de xeito residual.

#### ALMACENS (CÁMARAS DE FRÍO)

Denominación	Superficie	Planta	Actividade vinculada
Cámara	15,36 m <sup>2</sup>	Soto	Cámara frío (Carnicería)

#### ALMACENS(\*\*\*)

Denominación	Superficie	Planta	Actividade vinculada
AL1	13,35 m <sup>2</sup>	Soto	Excepto carnicería
AL2	16,00 m <sup>2</sup>	Soto	Excepto carnicería
AL3	22,50 m <sup>2</sup>	Soto	Excepto carnicería
AL4	15,70 m <sup>2</sup>	Soto	Excepto carnicería

(\*\*\*) O uso ao que poderán destinarse os almacéns AL1, AL2, AL3 e AL4 e a cámara de frío será para o tipo de produto concesionado no posto de venda ao que queden vinculados tras a adxudicación da concesión (usos de tipo alimentario e perecedoiro, ou alimentario non perecedoiro, ou non alimentario)

## **6.- Ordenanza Fiscal n.º 11 - Taxas Mercado Municipal de Abastos de Carballo. Modificación. Aprobación. (CIFECRIC de 19/04/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 19/04/2022, punto 6 da orde do día, relativo á proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior do 11/04/2022, contida no expediente 2022/G016/000002.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, entende que, visto o estudo económico financeiro, non hai máis que engadir ao tratarse dunha taxa. Pregunta cal é o papel do xerente do mercado, á vista dese estudo, e a súa repercusión nas taxas. Subliña a situación, posta de manifesto na disposición transitoria da ordenanza, que cómpre resolver. Absteranse.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, cre que estamos nun momento económico moi complicado para fixar unhas taxas máis altas.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, incide tamén na situación posta de manifesto na disposición transitoria e que cómpre regularizar. Percibe unha subida das taxas que, non cre, que vaia a dar máis vida ao mercado, pode que a consecuencia sexa a contraria. Entende que se o que se busca é darlle máis atractivo ao mercado para que nel se instalen actividades comerciais, deberíase apostar por un mercado de proximidade.

O Sr. Alcalde apunta que as taxas non teñen que ser analizadas con referencia a prezos actualizados senon ás que se viñan pagando ate o de agora.

O Sr. Seoane Collazo, concelleiro delegado de Mobilidade, Emerxencias, Feiras e Mercados, recoñece que a figura do xestor do mercado ten que ser regularizada, e, espera, que nuns meses poida ser obxecto de licitación. Cando saia ese servizo haberá que artellar o sistema de cobro das taxas.

Por outra banda, as taxas baixan, non soben, aínda que non sexa por igual. Haberá postos que teñan unhas taxas máis altas pero é por que teñen maior superficie. As taxas baixan en torno a unha media do 15% e o canon baixa en unha media do 12%.

A figura do xerente da que fala no estudo económico debe ter un papel máis alá do actual do encargado do servizo, de dinamización, promoción ou formación do mercado. Si está contemplado no estudo para o cálculo da taxa. No seu momento, e para valorar a figura da xerencia, unha das cuestións será a memoria de xestión ofertada.

Sometido o asunto a votación, con once (11) votos a favor, dos concelleiros presentes do grupo municipal do BNG, e nove (9) abstencións, dos concelleiros dos grupos municipais do PP (4), PSdG-PSOE (3) e TEGA (2), o Pleno Municipal acorda:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 11 do Concello de Carballo, reguladora das taxas pola concesión de postos e pola prestación de servizos no Mercado Municipal de Abastos, consonte ao texto Anexo á presente proposta.

**Segundo.-** Proceder á exposición pública do acordo de modificación da devandita Ordenanza durante un prazo de 30 días hábiles, a contar desde a inserción do anuncio da súa aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, para a interposición de alegacións. De non se teren presentado alegacións, a modificación da Ordenanza considerarase tacitamente aprobada, sen necesidade de novo acordo plenario, e entrará en vigor, unha vez publicado o anuncio de aprobación definitiva da mesma, xunto co texto íntegro da modificación operada na Ordenanza, ao día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación definitiva no B.O.P.

**ANEXO.- Texto da modificación proposta da Ordenanza Fiscal nº 11.**



## **ORDENANZA FISCAL Nº 11: TAXAS POLA CONCESIÓN DE POSTOS E POLA PRESTACION DE SERVIZOS NO MERCADO DE ABASTOS**

### **ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E RÉXIME XURÍDICO.**

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e consonte ao disposto nos arts. 2 e 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece as taxas pola utilización privativa dos postos, almacéns e cámaras de frío do Mercado de Abastos e pola prestación de servizos no Mercado Municipal de Abastos, ás que se refire o art. 20.4 u) do R.D.L. 2/2004, que se rexerán pola presente Ordenanza Fiscal.

### **ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE E NON SUXECIÓN.**

2.1.- Constitúen o feito imponible destas taxas:

- a) A concesión de autorizacións para exercer actividades comerciais en postos fixos ou temporais, seus almacéns ou cámaras de frío, no Mercado Municipal de Abastos da Praza do Concello, por se tratar dun número limitado de autorizacións.
- b) A utilización dos servizos públicos a disposición dos postos do dito edificio.
- c) A venda en ambulancia na praza pública nos días de feira ou mercado, sempre que exista unha autorización previa da Alcaldía, preceptiva por se tratar dun espazo limitado que restrinxe o número máximo de autorizacións a outorgar. Nos casos nos que non exista a dita autorización, ou en días distintos aos de feira ou mercado, aplicarase o previsto na Ordenanza Fiscal nº 24, reguladora das taxas pola instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións de recreo, así coma industrias ambulantes e de rodaxe cinematográfica.

2.2.- Non estarán suxeitos a esta taxa os servizos ordinarios de limpeza, vixilancia e inspección sanitaria dos produtos destinados ao consumo, cando non sexa realizada a instancia de parte interesada.

2.3.- O servizo de recollida de lixo e residuos sólidos urbanos do Mercado Municipal de Abastos quedará sometido á Ordenanza Fiscal nº 6, ostentando cada un dos concesionarios a condición de suxeitos pasivos contribuintes da taxa respectiva.

### **ARTIGO 3.- BENEFICIOS FISCAIS.**

Non se recoñece beneficio fiscal algún, salvo os previstos en normas con rango de Lei ou nos Tratados Internacionais ratificados validamente por España e publicados no Boletín Oficial do Estado.

### **ARTIGO 4.- SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES.**

4.1.- Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuintes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades do art. 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que realicen cada un dos feitos imponibles previstos no art. 2, nos seguintes termos:

- a) Nas concesións de postos fixos ou temporais e polo uso dos servizos comúns do edificio, o adxudicatario.
- b) Na venda en ambulancia, os vendedores ou a asociación de usuarios que ostente o dereito de utilizar o espazo público.

4.2.- En materia de responsabilidade, estarase ao disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

### **ARTIGO 5.- BASE IMPOÑIBLE.**

5.1.- Base imponible para a determinación do canon pola concesión dos postos fixos/temporais:

A base imponible desta taxa, que será igual á liquidable, está constituída polo valor de mercado da concesión administrativa do local de negocio para un período máximo de dez (10) anos, expresado nunha contía monetaria en función do valor de venda do posto, segundo se especifica para cada posto no Anexo desta Ordenanza.

5.2.- Base imponible para a determinación da renda mensual dos postos fixos:

A base imponible para a determinación da renda mensual dos postos fixos será o importe mensual dos gastos xerais do mantemento do Mercado de Abastos, determinada polo estudo técnico-económico incorporado ao expediente de elaboración desta Ordenanza, e que consta na táboa final anexa individualizada para cada posto.

5.3.- Base imponible para a contificación da taxa pola venda ambulante na praza pública:

Para o cálculo da taxa pola venda ambulante na praza pública tomarase como parámetro o perímetro total de ocupación, expresado en metros cadrados. O número de metros cadrados redondearase sempre dacordo coa seguinte regra: ao enteiro superior, cando a primeira décima sexa igual ou superior a cinco; e ao enteiro inferior, cando a primeira décima sexa inferior a cinco.

### **ARTIGO 6.- COTA TRIBUTARIA.**

6.1.- Cota tributaria das concesións de postos fixos:

A cota tributaria a pagar pola concesión de postos fixos virá determinada polo valor de mercado que se obteña na adxudicación de cada posto, partindo dun tipo mínimo extraído da base imponible á que se refire o apartado 1 do artigo anterior, definido en función da categoría de cada posto sinalada no Anexo desta norma, que supón a aplicación do coeficiente corrector sobre o valor bruto para a primeira categoría que corresponda segundo o estudio técnico-económico da taxa, e aplicando sobre tal valor a imputación dun canon anual ou rendemento do 4 % do seu valor de venda, segundo se marca no Anexo de valores desta norma, coa salvedade disposta no art. 8.1.b) desta Ordenanza.

Nos casos nos que o prego que regule a licitación permita a concesión por períodos inferiores a 10 anos, o canon a abonar será o que resulte da poxa gañadora, que non poderá ser inferior a multiplicar o canon anual que se establece como mínimo de licitación no Anexo, multiplicado polo número de anos da concesión, coa salvedade disposta no art. 8.1.b) desta Ordenanza.

Nos supostos de prórrogas nas concesións, que o Regulamento do Mercado establece en 5 anos máis, a base imponible da prórroga será o 50 por cento do canon inicial ofertado na adxudicación ao concesionario prorrogante.

Nos supostos de postos temporais, a cota tributaria será o canon establecido no Anexo, que se liquidará trimestralmente en función da duración da autorización para ocupar provisionalmente o posto.

#### 6.2.- Cota tributaria por renda mensual:

A cota tributaria íntegra, calculada en función da superficie dos postos, e a súa cota de participación no total de superficie concesionable, coas correccións que resultan do estudio técnico-económico, será a que consta no Anexo desta norma.

En calquera caso, a renda mínima mensual non será inferior a 50 € mensuais, para os postos fixos ou temporais, nin inferior aos 25 € mensuais para os locais de almacén, nin de 120 € mensuais para a cámara de frío.

#### 6.3.- Cota tributaria para a venda ambulante na praza pública:

Sobre da base imponible aplicarase una tarifa única de 0,628809 €/metro cadrado de ocupación diaria.

### ARTIGO 7.- DEVENGO.

A taxa devéngase, e nace a obriga tributaria:

- Respecto da prima inicial ou canon de adxudicación, o día en que quede perfeccionado o título administrativo concesional do posto a un solicitante ou licitador.
- A renda mensual devéngase o primeiro día de cada mes natural.
- A taxa por venda ambulante na praza pública devéngase o día en que se proceda á efectiva ocupación do espazo público para realizar a actividade.

### ARTIGO 8.- NORMAS DE XESTIÓN.

#### 8.1.- Adxudicación de postos fixos:

- a) A adxudicación dos postos fixos realizarase dacordo coas normas que estableza o Regulamento do Mercado Municipal de Abastos e o prego de cláusulas administrativas particulares que regule o procedemento e a forma de adxudicación.
- b) As bases do procedemento contractual poderán determinar un canon inicial distinto do que se establece coma mínimo nesta Ordenanza, que terá carácter de mínimo –agás no suposto de que resultase deserto o primeiro procedemento de licitación, no que se poderá establecer un canon inferior ao do Anexo-; pero non poderá modificarse, agás previo acordo de modificación desta Ordenanza, a renda mensual que se establece na mesma, sendo, xa que logo, de aplicación, como mínimo, a cifra sinalada no Anexo.
- c) A duración das concesións e autorizacións para o uso temporal virá determinada no Regulamento do Mercado e nos correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares.

#### 8.2.- Rendas mensuais:

- a) Para o cobro das cotas mensuais formarase anualmente unha matrícula na que figuren os suxeitos pasivos, o local de negocio que teñen concedido e a correspondente cota tributaria mensual. Esta Matrícula exporase ao público o primeiro mes de cada ano, mediante edictos no taboleiro de anuncios do Concello, e renovarase automaticamente cada ano, de non existir cambios no seu contido.
- b) O cobro das cotas mensuais será realizado pola Administración Municipal, segundo sinale o Regulamento do Mercado de Abastos e os pregos que regulen o servizo no Mercado de Abastos, e tendo en conta o previsto na Disposición Transitoria. O prazo de pago será do día 1 ao 10 de cada mes natural, ou, se este fose inhábil, o inmediato hábil posterior.

#### 8.3.- Venda ambulante na praza pública.

As cotas por ocupación diaria por venda ambulante na praza pública esixiranse mediante o seu depósito previo, que deberá ser ingresado na Tesouraría municipal, segundo sinale o Regulamento do Mercado de Abastos e os pregos do servizo, e tendo en conta o previsto na Disposición Transitoria. Non se permitirá a ocupación do dominio público sen o previo depósito da contía da taxa.

#### ARTIGO 9.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN TRIBUTARIAS.

Para a calificación das infraccións tributarias, así coma as correspondentes sancións, estarase ao disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, no R.D. 2063/2004, do 15 de outubro, polo que se aprobou o Regulamento Xeral do Réxime Sancionador Tributario, e demais disposicións dictadas en desenvolvemento dos mesmos.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA.-

Mentres non se teña licitado novamente a prestación de servizos no Mercado, as rendas mensuais e por venda ambulante na praza pública seguirán a ser ingresadas polos concesionarios/autorizados directamente ao encargado do Mercado, titular do contrato de servizos, nos prazos sinalados no art. 8.2.

#### DISPOSICION DERRADEIRA.

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor ao día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo de aprobación definitiva, xunto co texto íntegro da norma, continuando vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

#### Anexo de valores dos postos/almacéns/cámara de frío e rendas mensuais.

Nº posto	Sup.	Destino	Cat	Valor base €	Valor coef €	Canon/ano €	Canon por 10 anos €	Renda mensual €
Ext. 5	43,35	Sen definir	1	54587,890475	54587,890475	2183,515619	21835,16	440,11
Ext. 6	37,65	Sen definir	1	47410,243977	47410,243977	1896,409759	18964,1	331,98
Ext. 7	39,25	Sen definir	1	49425,021941	49425,021941	1977,000878	19770	360,8
Ext. 8	39,05	Sen definir	1	49173,174696	49173,174696	1966,926988	19669,26	357,13
Ext. 9	38,9	Sen definir	1	48984,289261	48984,289261	1959,37157	19593,72	354,39
Ext. 1	27	Sen definir	1	33999,378151	33999,378151	1359,975126	13599,76	170,73
Ext. 2	27	Sen definir	1	33999,378151	33999,378151	1359,975126	13599,76	170,73
Ext. 3	24,1	Sen definir	1	30347,59309	30347,59309	1213,903724	12139,04	136,03
Ext. 4	24,75	Sen definir	1	31166,096638	31166,096638	1246,643866	12466,44	143,46
B17AB	34,05	Carnicería	1	42876,993557	42876,993557	1715,079742	17150,8	271,53
B17C	11,7	Carnicería	1	14733,063865	14733,063865	589,322555	5893,22	65,3
B18	8,65	Alimentaria	2	10892,39337	10177,641161	380,391622	3803,92	60
B19	24,25	Carnicería	1	30536,478524	30536,478524	1221,459141	12214,6	137,72
B20	12,55	Pescadería	2	15803,414659	14766,404229	551,897672	5518,98	72,95
B21	14	Pescadería	2	17629,307189	16472,482805	615,662741	6156,62	86
B22	25,7	Pescadería	1	32362,371054	32362,371054	1294,494842	12944,94	154,69
B23	7	Pescadería	2	8814,653595	8236,241403	307,831371	3078,32	50
B24	7	Pescadería	2	8814,653595	8236,241403	307,831371	3078,32	50
B26	15,4	Alimentaria	2	19392,237908	18119,731086	677,229015	6772,3	98,6
B27	9,75	Alimentaria	2	12277,553221	11471,907668	428,765123	4287,66	60
B28	11,6	Panadería	1	14607,140242	14607,140242	584,28561	5842,86	64,4
B29	5,3	Alimentaria	2	6673,952007	6236,011347	233,072323	2330,72	50
B30	6,65	Alimentaria	2	8373,920915	7824,429333	292,439802	2924,4	50
B31AB	35,65	Froitaría	1	44891,771521	44891,771521	1795,670861	17956,7	297,65
B31C	16,9	Froitaría	1	21281,09225	21281,09225	851,24369	8512,44	112,1
B32	14,1	Froitaría	1	17755,230812	17755,230812	710,209232	7102,1	86,9
B33	19,7	Alimentaria	1	24806,953688	24806,953688	992,278148	9922,78	127,6
B34A	39	Carnicería	1	49110,212884	49110,212884	1964,408515	19644,08	356,22

B35	28,25	Carnicería	1	35573,423435	35573,423435	1422,936937	14229,36	186,91
B36	14,25	Carnicería	2	17944,116246	16766,634284	626,656719	6266,56	88,25
B37	28,25	Hostalería	2	35573,423435	33239,117089	1242,31946	12423,2	174,64
Cám frío	15,36	Cám.Frío	5 AL	19341,868	3550,0257	26,063009	260,64	120
Almacén1	13,35	Almacén	5 AL	16810,803641	3085,471535	22,65242	226,52	25
Almacén2	16	Almacén	5 AL	20147,779645	3697,943412	27,148968	271,48	25
Almacén3	22,5	Almacén	5 AL	28332,815126	5200,232924	38,178236	381,78	25
Almacén4	15,7	Almacén	5 AL	19770,008776	3628,606973	26,639925	266,4	25

Lenda:

Nº posto = Numeración do posto segundo nova nomenclatura.

Sup = Superficie do posto expresada en metros cadrados.

Cat = Categoría do posto segundo o estudo técnico-económico.

Valor base = Valor de venda en mercado segundo estudo técnico-económico, expresado en euros.

Valor coef = Valor de venda corrixido por categoría d oposto, expresado en euros.

Canon/ano = Canon mínimo para licitación, por ano, expresado en euros.

Canon por 10 anos = Canon mínimo para licitación, por 10 anos, expresado en euros.

Renda mensual = Importe da taxa mensual por servizos, expresada en euros.

#### DILIXENCIA.- Versións anteriores da Ordenanza.

Aprobación: Pleno ord. 05/09/2011 e Pleno ord. 28/11/2011. B.O.P. nº 241, do 21/12/2011 –páxina 19-, entrando en vigor ao día seguinte ao da devandita publicación –o 22/12/2011-.

### 7.- Modificación Puntual do PXOM. Delimitación do núcleo rural n.º 1 de A Ponte Rosende. Aprobación provisional. (CIPUM de 19/04/2022).

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Planificación Urbana e Mobilidade do 19/04/2022, punto 2 da orde do día, relativo á proposta da concelleira delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación de 12/04/2022 contida no expediente 2020/X999/001024, cuxa parte expositiva se transcribe:

«**ASUNTO:** Modificación puntual do PXOM. Delimitación do núcleo rural nº 1 de A Ponte Rosende. Aprobación Provisional.

**EXPTE.** 2020/X999/001024.

**PROMOTOR:** Concello de Carballo

**REX. ENTRADA:** 202299900001363 de 05/04/2022.

**REDACTORES:** Beatriz Aneiros Filgueira (Arq. Col. 2137 COAG) e Álvaro Fernández Carballada (Arq. Col. 1047 COAG) como integrantes da sociedade "FERNÁNDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS, S.L.P."

O Concello de Carballo está promovendo a modificación puntual do PXOM coa finalidade de alterar a delimitación do núcleo rural de A Ponte Rosende establecida actualmente.

Logo de someter o documento aprobado inicialmente por acordo plenario de 26/07/2021 ao trámite de información pública e informes sectoriais, e emendados ou corrixidos diversos aspectos, o documento para someter a aprobación provisional foi presentado polo equipo redactor con data 05/04/2022 (RE 202299900001363).

O documento presentado foi obxecto do informe dos servizos técnicos municipais asinado polo arquitecto xefe do área de urbanismo e o técnico xurídico, con data 12/04/2022, emitido en senso favorable en relación coa aprobación provisional do documento.

Do informe municipal resultan o seguintes antecedentes e fundamentos:

### **I.- ANTECEDENTES E TRÁMITES REALIZADOS.**

- Solicitude de inicio da A.A.E. simplificada de data 01/10/2020, acompañada de borrador da proposta e documento ambiental estratéxico (DAE).
- Resolución pola que se formula o Informe ambiental estratéxico (I.A.E.) emitido pola Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o 14/01/2021 (expte. 2021AAE2478).
- Publicación do I.A.E. no DOG núm. 21 de 02/02/2021.
- Presentación do documento da MP para aprobación inicial o 04/06/2021 (RE 202199900003088).
- Requirimento de documentación o 15/06/2021.
- Presentación do documento da MP para aprobación inicial corrixido o 23/06/2021 (RE 202199900003391).
- Aprobación inicial polo Pleno Municipal o 26/07/2021.
  - Publicacións:
    - Páxina web: 28/07/2021.
    - Diario El Ideal Gallego: 29/07/2021.
    - Diario La Voz de Galicia: 30/07/2021.
    - D.O.G. núm. 166: 30/08/2021.
  - Notificacións individuais aos titulares catastrais coñecidos. Última comunicación notificada e recibida: 07/08/2021.
  - Publicación da relación de titulares descoñecidos no BOE de 09/08/2021.
  - Certificado de exposición pública de 15/12/2021 no que consta que non se presentaron alegacións.
  - Informes sectoriais:
    - Administración do estado:
      - Mº de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana: 23/09/2021.
      - Dirección General de Telecomunicaciones: 29/09/2021.
      - Delegación del Gobierno en Galicia: 22/10/2021. Achégase informe da Dirección General de Política Energética y Minas de 21/09/2021.
    - Comunidade Autónoma:
      - Informe sobre solos contaminados: 05/08/2021.
      - Instituto de estudos do territorio (IET): 16/09/2021.
      - Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación - Sección de Minas: 29/09/2021.
      - Dirección Xeral de Patrimonio Cultural: 08/10/2021.
      - Augas de Galicia - Requirimento de documentación adicional: 20/10/2021.
      - Augas de Galicia - Informe favorable: 15/02/2022.
      - Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) - Informe desfavorable: 22/10/2021.
      - Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) - Informe favorable: 15/03/2022.
- Presentación do documento da MP para aprobación provisional o 05/04/2022 (RE 202299900001363).

### **II.- NORMATIVA APLICABLE.**

- Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).
- Orde 10 de outubro de 2019 de aprobación das normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (NNTTPP).
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (PBA).
- Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Carballo aprobado por Orde do 4 de febreiro de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG, núm. 39, do 26 de febreiro de 2016 e BOP, núm. 38, do 26 de febreiro de 2016).
- Lexislación sectorial: Tendo en conta as afeccións que conflúen no ámbito da MP haberá que ter en conta a lexislación sectorial en materia patrimonio cultural, liñas eléctricas, estradas, augas, concesións mineiras e incendios forestais.

### **III.- OBXECTIVO. ÁMBITO DE APLICACIÓN.**

O obxectivo da presente modificación puntual do PXOM consiste na alteración da delimitación do núcleo rural de A Ponte Rosende establecida no PXOM vixente na zona suroeste mediante a incorporación de cinco novas parcelas catastrais e ampliando o fondo cara o sur doutras cinco. Segundo consta na memoria do documento presentado, os motivos de interese público fundaméntanse na posibilidade de executar a urbanización e servizos acordos co uso residencial actual e de mellorar a seguridade viaria.

**IV.- DOCUMENTACIÓN.**

A documentación presentada para aprobación provisional coincide en liñas xerais coa aprobada inicialmente que xa foi analizada polo miúdo no informe técnico e xurídico emitido con carácter previo a esta aprobación. Reiterando o que se indicaba nese informe anterior, considérase que o presente documento cumpre cos requisitos mínimos que se dispoñen no artigo 190 do RLSG.

Os únicos cambios que se producen no presente documento respecto do que foi aprobado inicialmente polo Pleno Municipal na sesión celebrada o 26 de xullo de 2021 son os motivados polo contido dos puntos sétimo e oitavo do acordo plenario e os producidos polas observacións dos informes sectoriais emitidos polos organismos Augas de Galicia e Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), que se analizarán no apartado seguinte.

O punto sétimo do acordo plenario de aprobación inicial refírese a que os planos de ordenación débense completar coas redes de servizos propostos na zona ampliada, coa inclusión dos elementos protexidos que se conteñen no Catálogo do PXOM e coas clases de solo dos terreos lindeiros coa nova delimitación do núcleo rural. A este respecto compre sinalar que a información correspondente aos servizos urbanísticos propostos na zona ampliada e ás categorías de solo rústico dos terreos lindeiros coa nova delimitación inclúense no plano AMAPDNR\_01F\_02ORD "ORD. PROPOSTA", mentres que a información referente aos elementos catalogados incorpórase nos planos AMAPDNR\_01F\_01INFORMACIÓN e no AMAPDNR\_03PORD "ORDENACIÓN PROPOSTA".

No punto oitavo do indicado acordo plenario faise referencia á corrección de diversos aspectos documentais para adaptar o documento ao disposto nas NNTTPP que tamén foron subsanados.

**V.- CUMPRIMENTO DAS OBSERVACIÓNS DOS INFORMES SECTORIAIS.**

**V.1. ADMINISTRACIÓN DO ESTADO.**

INFORME	DATA	OBSERVACIÓNS	INCORPORACIÓN NO DOCUMENTO
<i>Mº DE TRANSPORTES, MOVILIDAD Y AGENDA URBANA</i>	23/09/21	A MP non presenta afeccións sobre as infraestruturas que dependen deste Mº.	O contido destes informes non implica cambios no documento para aprobación provisional da MP.
<i>DIRECCIÓN GENERAL TELECOMUNICACIONES</i>	29/09/21	Informe favorable.	
<i>DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA</i>	22/10/21	Feitas as consultas correspondentes non se formulan observacións. Achega informe da DGPEM de 21/09/2021.	
<i>DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA ENERXÉTICA E MINAS (DGPEM)</i>	17/05/21	Faise un extenso relatorio con referencias normativas e transcripción de disposicións legais da normativa sectorial enerxética sen conclusións nin observacións concretas sobre o documento.	

**V.2. COMUNIDADE AUTÓNOMA.**

<i>SOLOS CONTAMINADOS</i>	05/08/21	Non ten incidencia pola inexistencia de solos declarados como contaminados e tampouco existe información inventariada sobre afeccións á calidade dos solos no ámbito do proxecto.	Estes catro informes non implican ningún cambio nos documentos da MP.
<i>IET</i>	16/09/21	Non é necesario o informe previsto no art. 7.2. da Lei de prot. da paisaxe de Galicia.	
<i>SECC. DE MINAS DA XEFAT. TERRITORIAL DA CORUÑA DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA EMPRESA E INNOVACIÓN</i>	29/09/21	- Non hai planif. sectorial ou protección do ámbito mineiro que interfira na actuación. - Na zona de actuación non existe ningún dereito mineiro de explotación ou investigación vixente. - A actuación non vai a prexudicar ao normal aproveitamento das augas mineiro medicinais da aut. "Virgen de la Estrella".	
<i>DXPC</i>	08/10/21	Informe favorable	

	1		
AUGAS DE GALICIA	20/10/2 1	Requirimento de docum. adicional: -Aportar documentación relativa ao sistema de abastecemento indicando o caudal preciso para atender ás necesidades da actuación proposta tendo en conta as dotacións do PHGC e o título concesional que ampara o dito caudal. - Indicar o destino final das augas residuais e o proceso de depuración antes da súa vertedura, así como autorización de vertido do organismo de conca.	- Documentación enviada a Augas de Galicia o 20/12/2021 - Documento Ap. Provisional de 05/04/2021: - Apartado 2.4. da memoria xustificativa referente aos servizos propostos describindo os sistemas de abastecemento e saneamento.
	15/02/2 2	Informe favorable	
AXI	22/10/2 1	Informe desfavorable: <i>Variante Carballo.</i> - A cartografía debe incluír a traza e os elementos funcionais da Variante. - Nos planos de ordenación debe representarse graficamente e acoutarse a liña límite de edificación (L.L.E.) e liña exterior da zona de afección. - A ampliación do núcleo proposta cara o SO non pode incluír terreos comprendidos entre a futura variante e a L.L.E.	- Documentación enviada á AXI o 21/12/2021 e o 15/03/2021 - Documento Ap. Provisional de 05/04/2021: - Incorporación nos planos dos elementos funcionais da Variante de Carballo, así como da L.L.E. e a liña da zona de afección da vía proxectada. - Axuste do límite SO do N.R. á establecida nos planos de ordenación do PXOM vixente.
	15/03/2 2	Informe favorable.	

En base ao indicado no cadro precedente pódese concluír que o documento presentado para aprobación provisional incorpora as observacións e correccións dos informes sectoriais emitidos.

## VI.- CUMPRIMENTO DO DISPOSTO NAS NORMAS TÉCNICAS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO DE GALICIA (NNTTTP).

Unha vez realizadas as correccións que se achegan no punto oitavo do acordo de aprobación inicial entendemos que a documentación gráfica e escrita axústase ao disposto nas NNTTTP, non en tanto, unha vez aprobada provisionalmente a modificación puntual, deberanse elaborar os planos de substitución do PXOM vixente adaptados ao disposto no artigo 6 das NNTTTP.

Esta modificación puntual delimitadora do núcleo rural componse da seguinte documentación que consta relacionada no índice, coa nomenclatura establecida pola normativa técnica de planeamento:

### 1. MEMORIA XUSTIFICATIVA

- 15019\_DNR01\_202204\_AP\_MX\_00IND: Índice.
- 15019\_DNR01\_202204\_AP\_MX\_01INF: Parte I. Información.
- 15019\_DNR01\_202204\_AP\_MX\_01INF\_ANX01\_CAT-PXOM: Anexo 1. Fichas elementos catalogados no PXOM.
- 15019\_DNR01\_202204\_AP\_MX\_01INF\_ANX02\_NR-PXOM: Anexo 2. Ficha do núcleo rural da Ponte Rosende no PXOM.
- 15019\_DNR01\_202204\_AP\_MX\_02XUS: Parte II. Xustificación.
- 15019\_DNR01\_202204\_AP\_MX\_03ANX01\_VIXENCIA: Anexo 1. Ficha de vixencia de planeamento.
- 15019\_DNR01\_202204\_AP\_MX\_04ANX02\_CAT: Anexo 2. Fichas actualizadas dos elementos catalogados.

### 2. ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL

- 15019\_DNR01\_202204\_AP\_AMAPDNR\_00IND: Índice.
- 15019\_DNR01\_202204\_AP\_AMAPDNR\_01F: Ficha.
- 15019\_DNR01\_202204\_AP\_AMAPDNR\_02PINF: Planos de información.
- 15019\_DNR01\_202204\_AP\_AMAPDNR\_03PORD: Planos de ordenación.
- 15019\_DNR01\_202204\_AP\_AMAPDNR\_04OF: Fotografías aéreas.

### 3. NORMATIVA URBANÍSTICA (NP)

- 15019\_DNR01\_202204\_AP\_NU: Non se adxunta; mantense o PXOM en vigor.

### 4. DOCUMENTACIÓN DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

- 15009\_DNR01\_202008\_B\_AAE\_01DAE: Documento Ambiental Estratéxico.
- 15019\_DNR01\_202008\_B\_AAE\_02ALT0: Alternativa 0.
- 15019\_DNR01\_202008\_B\_AAE\_03ALT1: Alternativa 1.
- 15019\_DNR01\_202008\_B\_AAE\_02ALT2: Alternativa 2.
- 15019\_DNR01\_202103\_B\_AAE\_05IAE: Informe Ambiental Estratéxico.

### VII. TRAMITACIÓN:

De acordo co disposto no artigo 189 do RLSG.

*“Nos municipios con plan xeral aprobado, as modificacións do mesmo que teñan por obxecto a delimitación de solo de núcleo rural tramitaranse co contido e seguindo o procedemento establecidos nos artigos seguintes.”*

Segundo o artigo 191 do RLSG a tramitación do expediente a partires deste momento axustarase ao procedemento que se indica a continuación:

- *O expediente será aprobado provisionalmente polo órgano municipal competente para a aprobación do plan xeral (artigo 78.2. b) da LSG).*
- *O concello remitirá o expediente ao órgano competente en materia de urbanismo para que resolva sobre a súa aprobación definitiva no prazo de tres meses, contado desde a recepción do expediente completo no rexistro da consellería. Transcorrido este prazo sen resolución expresa, entenderase aprobado por silencio administrativo (artigo 78.2. c) da LSG).*

Completada a documentación e seguida a tramitación administrativa procedente, de conformidade co previsto nos artigos 189, 190 e 191 do RLSG, e preceptos concordantes, corresponde ao órgano municipal competente adoptar o acordo sobre a aprobación provisional desta modificación puntual referida á delimitación do núcleo rural de Ponte Rosende.

### VIII.- ORGANO COMPETENTE.

O órgano competente para adoptar o acordo sobre a aprobación provisional desta modificación puntual do núcleo rural de Ponte Rosende, é o pleno do concello en virtude do disposto no artigo 22.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

A aprobación definitiva corresponderá á persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo conforme ao previsto no artigo 61.1. da LSG.”

En base aos antecedentes e fundamentos transcritos do informe municipal e considerando que a documentación presentada e a tramitación realizada son conformes coa lexislación vixentes, [...]»

O Sr. Bello Pallas, concelleiro do grupo municipal de TEGA, mostra o seu apoio á proposta xa que a entende como necesaria. Igual de necesaria que os casos doutros ámbitos que necesitan modificacións similares para solucionar problemas existentes. Tal é o caso da rúa Gravador Manuel Facal situada en solo urbano consolidado e que ten un ancho de 12 metros cando debería ser de 16 metros.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, volve a apoiar un documento técnico que conta con todos os informes favorables, e que é necesario. Ponse de manifesto, de novo, que o PXOM é un documento vivo no que se poden atender novas demandas.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, apoiarán a proposta.

Sometido o asunto a votación, por unanimidade dos membros presentes (20), superior á maioría absoluta do seu número legal de membros (21), o Pleno Municipal acorda:



**Primeiro.-** Aprobar provisionalmente a modificación puntual do PXOM referente á Delimitación do núcleo rural nº 1 de A Ponte Rosende, segundo a documentación técnica elaborada polos arquitectos Beatriz Aneiros Filgueira (Arq. Col. 2137 COAG) e Alvaro Fernández Carballada (Arq. Col. 1047 COAG).

**Segundo.-** Remitir o expediente á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU) a través do Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda, para que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

## **8.- Modificación Puntual do PXOM. Delimitación do núcleo rural n.º 3 de A Brea. Aprobación provisional. (CIPUM de 19/04/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Planificación Urbana e Mobilidade do 19/04/2022, punto 3 da orde do día, relativo á proposta da concelleira delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación de 13/04/2022 contida no expediente 2020/U032/000003, cuxa parte expositiva se transcribe:

«ASUNTO: Modificación puntual do PXOM - Delimitación do núcleo rural nº 3 de A Brea. Aprobación Provisional.  
EXPTE. 2020/U032/000003  
PROMOTOR: Concello de Carballo  
REX. ENTRADA: 202299900001364 de 05/04/2022  
REDACTORES: Beatriz Aneiros Filgueira (Arq. Col. 2137 COAG) e Álvaro Fernández Carballada (Arq. Col. 1047 COAG) como integrantes da sociedade *FERNÁNDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS, S.L.P.*

O Concello de Carballo está promovendo a modificación puntual do PXOM coa finalidade de alterar a delimitación do núcleo rural de A Brea establecida actualmente.

Logo de someter o documento aprobado inicialmente por acordo plenario de 29/11/2021 ao trámite de información pública e informes sectoriais, e emendados ou corrixidos diversos aspectos, o documento para someter a aprobación provisional foi presentado polo equipo redactor con data 05/04/2022 (RE 202299900001364).

O documento presentado foi obxecto do informe dos servizos técnicos municipais asinado polo arquitecto xefe do área de urbanismo e o técnico xurídico, con data 12/04/2022, emitido en senso favorable en relación coa aprobación provisional do documento.

Do informe municipal resultan o seguintes antecedentes e fundamentos:

### “I.- ANTECEDENTES E TRÁMITES REALIZADOS.

- Solicitud de inicio da A.A.E. simplificada de data 04/01/2021, acompañada de borrador da proposta e documento ambiental estratéxico (DAE).
- Resolución pola que se formula o Informe ambiental estratéxico (I.A.E.) emitido pola Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o 31/03/2021 (expte. 2021AAE2525).
- Publicación do I.A.E. no DOG núm. 73 de 20/04/2021.
- Presentación do documento da MP para aprobación inicial o 30/09/2021 (RE 202199900004681).
- Presentación de documento da MP corrixido o 15/11/2021 (RE 20219990005335) que substitúe o de 30/09/2021.
- Aprobación inicial polo Pleno Municipal o 29/11/2021.
- Publicacións:
  - Páxina web: 03/12/2021.
  - Diario *El Ideal Gallego*: 11/12/2021.
  - Diario *La Voz de Galicia*: 11/12/2021.
  - D.O.G. núm. 251: 31/12/2021.
- Notificacións individuais aos titulares catastrais coñecidos. A última comunicación notificada e recibida é de data 04/01/2022.
- Publicación da relación de titulares descoñecidos no BOE de 13/01/2022.
- Certificado de exposición pública de 23/03/2022 no que consta que se presentou unha alegación por parte do titular da parcela catastral 001700700NH28D.
- Informes sectoriais:

- Administración do estado:
  - Mº de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana: 21/12/2021.
  - Mº de Defensa: 21/12/2021
  - Dirección General de Telecomunicaciones: 23/12/2021.
  - Delegación del Gobierno en Galicia: 03/03/2022. Achégase informe da Dirección General de Política Energética y Minas de 01/02/2022.
- Comunidade Autónoma:
  - Dirección Xeral de Emerxencias e Interior: 13/12/2021
  - Informe sobre solos contaminados da Subdirección Xeral de Calidade e Av. Ambiental: 20/12/2021.
  - Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación - Sección de Minas: 28/12/2021.
  - Augas de Galicia: 16/02/2022.
  - Dirección Xeral de Patrimonio Cultural: 18/02/2022.
  - Instituto de estudos do territorio (IET): 04/03/2022.
- Presentación do documento da MP para aprobación provisional o 05/04/2022 (RE 202299900001364).

## II.- NORMATIVA APLICABLE.

- Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).
- Orde 10 de outubro de 2019 de aprobación das normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (NNTTTPP).
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (PBA).
- Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Carballo aprobado por Orde do 4 de febreiro de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG, núm. 39, do 26 de febreiro de 2016 e BOP, núm. 38, do 26 de febreiro de 2016).
- Lexislación sectorial: Tendo en conta as afeccións que conflúen no ámbito da MP haberá que ter en conta a lexislación sectorial en materia de patrimonio cultural, liñas eléctricas, augas e minas.

## III.- OBXECTIVO. ÁMBITO DE APLICACIÓN.

Tal e como se indicou no informe técnico e xurídico previo á aprobación inicial do presente instrumento urbanístico, emitido o 16 de novembro de 2021, o obxectivo da modificación puntual consiste na redelimitación do núcleo rural de A Brea que afecta a 24 parcelas. Incorporáanse total ou parcialmente cinco parcelas situadas na zona sur e sueste da delimitación actual, fanse pequenos reajustes en quince parcelas coa finalidade de adaptar a nova delimitación ao parcelario catastral e exclúense da nova delimitación catro parcelas debido a que non contan con acceso dende a vía pública. A ordenación que se establece no documento para aprobación provisional coincide totalmente coa aprobada inicialmente.


Tal e como consta no informe emitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitido no período de consultas da avaliación ambiental estratéxica, estes axustes na delimitación proposta xeran unha adecuación da norma urbanística á realidade existente que pode conceptuarse como de interese público para os efectos da formulación da modificación puntual.

## IV.- DOCUMENTACIÓN.

A documentación presentada para aprobación provisional coincide en liñas xerais coa aprobada inicialmente que xa foi analizada polo miúdo no informe técnico e xurídico emitido con carácter previo a esta aprobación. Reiterando o que se indicaba nese informe anterior, considérase que o presente documento cumpre cos requisitos mínimos que se dispoñen no artigo 190 do RLSG.

## V.- PERÍODO DE INFORMACIÓN PÚBLICA. ALEGACIÓNS PRESENTADAS.

Tal e como consta no certificado do resultado de información pública de 23 de marzo de 2022, durante o período de información pública presentouse unha única alegación por parte do titular da parcela catastral 001700700NH28D. Trátase dunha parcela que está actualmente en terreos clasificados como solo rústico de especial protección agropecuaria que mediante a presente modificación puntual se reclasifica parcialmente como solo de núcleo rural común, esta reclasificación prodúcese sobre un fondo duns 35 metros e unha superficie duns 1.580 m<sup>2</sup>, a superficie total da finca, segundo catastro, é de 2.717 m<sup>2</sup>.



*Parcela obxecto da alegación (apartado 1.3.4. da memoria informativa da MP).*

O informe do equipo redactor da MP, que figura no apartado 1.3.4. da memoria informativa, é desfavorable á alegación debido a que o fondo da delimitación proposta para o núcleo rural nesa zona é uniforme para todas as parcelas e que a ampliación ata o límite da profundidade das mesmas produciría unha importante ampliación da superficie do núcleo e conseguintemente do número máximo de parcelas posibles, incumprindo un dos obxectivos da modificación puntual que é recoller as vivendas existentes sen dar lugar a mais vivendas que as imprescindibles.

O noso ditame coincide co informe do equipo redactor e mesmo compre precisar que no caso da parcela do alegante a superficie que se incorpora ao SNR inclúe a edificación principal existente e un galpón situado na zona mais próxima á vía pública permitindo as ampliacións necesarias. Non se considera que sexa un motivo para ampliar o núcleo a inclusión no mesmo de edificacións existentes apegadas ao lindeiro posterior. Ademais tal e como indica o informe do equipo redactor, a inclusión de toda a superficie da parcela dentro da delimitación do núcleo rural posibilitaría a segregación da mesma en dúas parcelas, que non é o obxectivo da presente modificación puntual.

**VI.- CUMPRIMENTO DAS OBSERVACIÓNS DOS INFORMES SECTORIAIS..**

**VI.1. ADMINISTRACIÓN DO ESTADO.**

INFORME	DATA	OBSERVACIÓNS	INCORPORACIÓN NO DOCUMENTO
Mº DE TRANSPORTES, MOVILIDAD Y AGENDA URBANA	21/12/21	A MP non presenta afeccións sobre as infraestruturas que dependen deste Mº.	O contido destes informes non implica cambios no documento para aprobación provisional da MP
Mº DEFENSA	21/12/21	Informe favorable	
DIRECCIÓN GENERAL TELECOMUNICACIONES	23/12/21	Informe favorable.	
DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA	03/03/22	Feitas as consultas correspondentes non se formulan observacións. Achega informe da DGPEM de 01/02/2022.	
DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA ENERXÉTICA E MINAS (DGPEM)	17/05/21	Faise un extenso relatorio con referencias normativas e transcripción de disposicións legais da normativa sectorial enerxética sen conclusións nin observacións concretas sobre o documento.	

**VI.2. COMUNIDADE AUTÓNOMA.**

D.X. EMERXENCIAS E INTERIOR	13/12/21	Informe favorable.	
-----------------------------	----------	--------------------	--

<i>SUBD. X. CALIDADE AMBIENTAL SOLOS CONTAMINADOS</i>	20/12/21	Non ten incidencia pola inexistencia de solos declarados como contaminados e tampouco existe información inventariada sobre afeccións á calidade dos solos no ámbito do proxecto.	O contido destes informes non implica cambios no documento para aprobación provisional da MP
<i>SECC. DE MINAS DA XEFAT. TERRITORIAL DA CORUÑA DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA EMPRESA E INNOVACIÓN</i>	28/12/21	- Afecta ao perímetro de restricións mín. da concesión "Virgen de la Estrella". - As actividades contempladas na MP non se atopan entre as prohibidas no anexo I do Decreto 116/2001. - Non hai planif. sectorial ou protección do ámbito mineiro que interfira na actuación.	
<i>AUGAS DE GALICIA</i>	16/02/22	Informe favorable	
<i>DXPC</i>	18/02/21	Informe favorable	
<i>IET</i>	04/03/22	A MP axústase ás disposicións normativas en materia de paisaxe e cumpre có artº 35 da Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia	

En base ao indicado no cadro precedente pódese concluír que o contido dos informes sectoriais emitidos non fai necesario modificar o documento aprobado inicialmente.

## **VII.- CUMPRIMENTO DO DISPOSTO NAS NORMAS TÉCNICAS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO DE GALICIA (NNTTPP).**

Considerase que a documentación gráfica e escrita axústase ao disposto nas NNTTPP, non en tanto, unha vez aprobada provisionalmente a modificación puntual, deberanse elaborar os planos de substitución do PXOM vixente adaptados ao disposto no artigo 6 das NNTTPP.

Esta modificación puntual delimitadora do núcleo rural componse da seguinte documentación que consta relacionada no índice, coa nomenclatura establecida pola normativa técnica aplicable:

### **01. MX MEMORIA XUSTIFICATIVA.**

- 15019\_DNR03\_202204\_AP\_MX\_00IND: Índice.
- 15019\_DNR03\_202204\_AP\_MX\_01INF: Memoria informativa.
  - 15019\_DNR03\_202204\_AP\_MX\_01INF\_ANX1\_NR-PXOM: Anexo 1. Ficha do núcleo rural no PXOM.
  - 15019\_DNR03\_202204\_AP\_MX\_01INF\_ANX2\_CONSULTAS: Anexo 2. Consultas recibidas no procedemento de AAE simplificada.
  - 15019\_DNR03\_202204\_AP\_MX\_01INF\_ANX3\_FICHAS-CATALOGO: Anexo 3. Fichas dos elementos do Catálogo.
- 15019\_DNR03\_202204\_AP\_MX\_02XUS: Memoria xustificativa.
  - 15019\_DNR03\_202204\_AP\_MX\_03ANX1\_VIXENCIA: Anexo 1. Ficha de vixencia de planeamento.

### **02. AMAPDNR ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL.**

- - FICHA.
- - PLANOS DE INFORMACIÓN.
- - PLANOS DE ORDENACIÓN.
- - FOTOGRAFÍAS AÉREAS.

### **03. NU NORMATIVA URBANÍSTICA.**

- 15019\_DNR03\_202204\_AP\_NU: Normativa urbanística.

#### **04. AAE DOCUMENTACIÓN DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA.**

- 15019\_DNR03\_202204\_AP\_AAE\_01DAE: Documento Ambiental Estratéxico.
  - 15019\_DNR03\_202204\_AP\_AAE\_02DAE\_ALT0: Alternativa 0.
  - 15019\_DNR03\_202204\_AP\_AAE\_02DAE\_ALT1: Alternativa 1.
  - 15019\_DNR03\_202204\_AP\_AAE\_02DAE\_ALT2: Alternativa 2.
- 15019\_DNR03\_202204\_AP\_AAE\_05IAE: Informe Ambiental Estratéxico.

#### **VIII.- TRAMITACIÓN:**

De acordo co disposto no artigo 189 do RLSG:

*"Nos municipios con plan xeral aprobado, as modificacións do mesmo que teñan por obxecto a delimitación de solo de núcleo rural tramitaranse co contido e seguindo o procedemento establecidos nos artigos seguintes."*

Segundo o artigo 191 do RLSG a tramitación do expediente a partires deste momento axustarase ao procedemento que se indica a continuación:

- *O expediente será aprobado provisionalmente polo órgano municipal competente para a aprobación do plan xeral (artigo 78.2. b) da LSG).*
- *O concello remitirá o expediente ao órgano competente en materia de urbanismo para que resolva sobre a súa aprobación definitiva no prazo de tres meses, contado desde a recepción do expediente completo no rexistro da consellería. Transcorrido este prazo sen resolución expresa, entenderase aprobado por silencio administrativo (artigo 78.2. c) da LSG).*

Completada a documentación e seguida a tramitación administrativa procedente, de conformidade co previsto nos artigos 189, 190 e 191 do RLSG, e preceptos concordantes, corresponde ao órgano municipal competente adoptar o acordo sobre a aprobación provisional desta modificación puntual referida á delimitación do núcleo rural de A Brea.

#### **IX.- ORGANO COMPETENTE.**

O órgano competente para adoptar o acordo sobre a aprobación provisional desta modificación puntual do núcleo rural de Ponte Rosende, é o pleno do concello en virtude do disposto no artigo 22.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

A aprobación definitiva corresponderá á persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo conforme ao previsto no artigo 61.1. da LSG."

En base aos antecedentes e fundamentos transcritos do informe municipal, considerando que a documentación presentada e a tramitación realizada son conformes coa lexislación vixentes, [...]»

Sen debate e sometido o asunto a votación, por unanimidade dos membros presentes (20), superior á maioría absoluta do seu número legal de membros (21), o Pleno Municipal acorda:

**Primeiro.-** Desestimar a alegación formulada polo titular da parcela catastral 001700700NH28D, en base ao informe do equipo redactor e dos técnicos municipais, por considerar que no caso da parcela do alegante a superficie que se incorpora ao SNR inclúe a edificación principal existente e un galpón situado na zona máis próxima á vía pública permitindo as ampliacións necesarias. Non se considera que sexa un motivo para ampliar o núcleo a inclusión no mesmo de edificacións existentes apegadas ao lindeiro posterior. Ademais, tal e como indica o informe do equipo redactor, o fondo da delimitación proposta para o núcleo rural nesa zona é uniforme para todas as parcelas e que a ampliación ata o límite da profundidade das mesmas produciría unha importante ampliación da superficie do núcleo e conseguintemente do número máximo de parcelas posibles, incumprindo un dos obxectivos da modificación puntual que é recoller as vivendas existentes sen dar lugar a máis vivendas.

**Segundo.-** Aprobar provisionalmente a modificación puntual do PXOM referente á *Delimitación do núcleo rural nº 3 de A Brea*, segundo a documentación técnica elaborada polos arquitectos Beatriz Aneiros Filgueira (Arq. Col. 2137 COAG) e Alvaro Fernández Carballada (Arq. Col. 1047 COAG).

**Terceiro.-** Remitir o expediente á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU), a través do Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda, para que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

**9.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 20229000002294, de 11 de abril, expresando o seu apoio ao pobo saharai. (CIBPS de 19/04/2022)**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Benestar e Participación Social do 19/04/2022, punto 2 da orde do día, relativo á moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 20229000002294, para expresar o seu apoio ao pobo saharai.

O Sr. Costa Trillo, concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, entende que a motivación e a parte resolutiva da moción son suficientemente claras. Pode interpretarse que ten elementos comúns coas mocións do último pleno relacionadas con Ucraína. En todo caso si cre que esta ten relación con asuntos municipais. Son moitas as familias “*que colaboramos*” co programa vacacións en paz. Esta moción é unha chamada para que continúe esa colaboración, e aumente incluso. Non é unha moción política, senón unha postura social do PSdG-PSOE de Carballo.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, se pregunta que cómo non vai estar de acordo co que se di na moción. Por suposto que se deben apoiar iniciativas encamiñadas a axudar aos necesitados, pero a todos; do mesmo xeito que co apoio a outras moitas necesidades que haxa polo mundo. Na moción non se fala da postura do goberno español, pero existe e é coñecida.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, entende que non se pode non estar de acordo coa parte resolutiva. Pero iso non quita que esteamos, outra vez, tratando asuntos que transcenden aos municipais, aínda que en última instancia, como todos, afecten dunha ou doutra forma a Galicia, e a Carballo. Por último se alegra de que o grupo municipal do PSdG-PSOE apoie esta postura que dista da do Presidente Sánchez, ademais de no fondo, tamén na forma.

O Sr. Regueira Varela, voceiro do grupo municipal do BNG, asegura que se a moción a presentase Valentín Costa a apoiarían sen matices, salvo o resolutivo terceiro, pero a presenta o PSdG-PSOE. España está incumprindo dende hai moito tempo as súas obrigas co pobo saharai, e sirva como mostra xa en 1974 a obriga asumida de escolarización dese pobo ante a Comisión correspondente da ONU. O goberno español se ten *posicionado* moi recentemente dando carpetazo á postura ate o de agora defendida; que non era outra que apoiar a posición da ONU de celebración dun referendo, pero non dunha autonomía. Marrocos dende fai anos ocupa un territorio. Esa é a realidade. Pese a esta crítica e a que non poden estar de acordo co resolutivo terceiro, aínda así apoiarán a moción.

O Sr. Costa Trillo, concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, agradece o apoio unánime manifestado. Non entende que o goberno español tivera tomado unha decisión. En política internacional non debe ser fácil tomar decisións. Os referendos de autodeterminación son enganosos, como o de Malvinas ou Xibraltar, e máis se median intereses económicos. A implicación municipal é máis *cercana*. Cando se colabora con programas como vacacións en paz, os resultados si se ven.

O Sr. Regueira Varela, voceiro do grupo municipal do BNG, considera que “*a posición buenista está moi ben, pero todos representamos a siglas políticas*”, e a realidade é a que é. Coa postura do goberno español estamos ante “*un cambio de cromos*”, “*se abandona a posición da ONU*”, e “*a cambio se recibe un maior compromiso de control de fronteiras*”. Esa é a realidade. Somos (o BNG) moi críticos coa posición adoptada polo goberno estatal. Hai decisións que se deben tomar noutras instancias parlamentarias. É innegable que este asunto transcende ó municipal.

O Sr. Costa Trillo, concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, entende que claro que é o parlamento quen debe posicionarse, pero os concellos, como administración máis *cercana* ao cidadán, tamén pode pronunciarse.

Sometido o asunto a votación, por unanimidade dos membros presentes (20), o Pleno Municipal acorda:

**Primeiro.** Expresar a nosa solidariedade e apoio ao pobo saharauí e comprometermos a reforzar as actividades de cooperación e acción humanitaria en colaboración co tecido asociativo municipal.

**Segundo.-** Instar firmemente as partes do conflito a que traballen na procura dunha solución política aceptable por ámbalas partes, e enmarcada nas resolucións das Nacións Unidas e que cumpra coa legalidade internacional.

**Terceiro.-** Instar ao Goberno de España a que se continúe axudando ao Enviado Persoal do Secretario Xeral de Nacións Unidas para o Sahara Occidental, Staffan de Mistura, no seu labor para alcanzar unha solución mutuamente aceptable no marco de Nacións Unidas.

**10.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202290000002294, de 11 de abril, para a instalación duns aseos públicos na praza do Concello.(CIBPS de 19/04/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Benestar e Participación Social do 19/04/2022, punto 3 da orde do día, relativo á moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202290000002294, para a instalación duns aseos públicos na praza do Concello.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, pretende que se valore a posibilidade de baños públicos, novos ou reformando, en diversos lugares pois os existentes [planta baixa da casa do concello, praza do concello, mercado de abastos, parque Ánlóns (vandalizados)] non sempre están dispoñibles. Incluso debería valorarse a habilitación en outros lugares como o parque do Chorís ou no de Rego da Balsa. Considera imprescindible este servizo e debería valorarse a súa implantación. Existen outros lugares, como o aparcamento de camións no polígono que, tamén precisarían dese tipo de instalacións.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, apoiará a moción. O grupo de goberno deixou en suspenso a decisión co bar da praza e os seus aseos. Pide que retome o tema. Ten claro que o concesionario non podería asumir a construción.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, si pide que o que se faga sexa planificado cos estudos económicos pertinentes e tendo en conta o mantemento e a conservación. Entende que si é unha necesidade e polo tanto apoiarán a moción.

O Sr. Regueira Varela, voceiro do grupo municipal do BNG, recorda que durante a pandemia a primeira norma foi pechalos aseos públicos. Coincide con que non é suficiente con poñer a disposición a instalación, senón que o mantemento é igual de importante. Estudarase o asunto e se terán en conta ambos factores. Apoiarán a moción.

O Sr. Alcalde, en referencia ao local sito praza do concello, apunta que o que o concello non pode facer é poñer en funcionamento algo que incumpra coa norma e esixir ós titulares de negocios que a cumbran.

Sometido o asunto a votación, por unanimidade dos membros presentes (20), o Pleno Municipal acorda:

**Primeiro.-** Estudar a nova apertura dos baños públicos, actualmente sen acceso, que están na praza do Concello ou, no caso de non poder ser, que se elabore un proxecto para a construción doutros novos nesta praza, adaptados arquitectonicamente e con lavabo, en función da dispoñibilidade orzamentaria.

**Segundo.-** Estudar a posibilidade de poñer este mesmo servizo noutras zonas do concello, previo estudo económico.

### **11.- Moción do grupo municipal do PP, rexistro de entrada n.º 202299900001467 de 12 de abril, sobre modificacións carril bici - proxecto Ciclando Carballo.**

Nin o Sr. Alcalde nin o Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, xustifican previamente a inclusión deste punto na orde do día, sen ditame previo.

**\*- Sometida a votación a ratificación da súa inclusión na orde do día, conforme ós artigos 97.2 e 82.3 do R.D. 2568/1986, o Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes (20), acorda ratificar a inclusión deste asunto na orde do día.**

Transcríbese a moción presentada polo grupo municipal do PP, rexistro de entrada n.º 202299900001467 de 12 de abril, sobre modificacións carril bici - proxecto Ciclando Carballo, cuio texto íntegro se transcribe:

«Co avance das obras do carril-bici do Proxecto Ciclando no Concello de Carballo foi aumentando o malestar da veciñanza e visitantes da nosa vila; debido a eliminación de decenas de prazas de aparcamento público e a supresión do carril de entrada ao centro ao seu paso pola rúa Vázquez de Parga.

A nova infraestrutura está provocando grandes retencións en sentido de entrada á vila nas horas punta e, tamén, está impedindo que os vehículos de emerxencias teñan puntos de parada seguros no caso de que teñan que intervir nalgunha das rúas afectadas.

A actuación xerou, ao noso modo de ver, un punto perigoso no entronque da rúa Vázquez de Parga coa rúa Emilia Pardo Bazán polo excesivo estreitamento da vía nese punto e a forma en que os vehículos que queren continuar a marcha pola Vázquez de Parga teñen que maniobrar.

Dase o feito de que unha vez rematadas as obras, debido á instalación dos bordos para céspede, varios edificios do núcleo urbano (con e sen vao) quedaron sen entrada habilitada. Tamén se observa que se ten deixado unha mesma entrada para varios garaxes.

Isto supón unha gran incomodidade para os usuarios dos mesmos e un problema de seguridade para os peóns e os escasos ciclistas que usan o carril de nova creación, pois os vehículos vense na obriga de invadir o espazo destinado para as bicicletas e tamén para os peóns.

Por todo o exposto o Partido Popular de Carballo presenta o seguinte rogo atendendo ás lexítimas demandas da veciñanza.

#### **ROGO**

1. Que se replanteen as entradas aos portais dos garaxes, modificando os bordos de céspede que impiden ou dificultan que os vehículos accedan aos mesmos dun xeito adecuado para os usuarios e seguro para peóns e ciclistas.
2. Que se modifique a actuación do proxecto ciclando no punto de entronque das rúas Vázquez de Parga e Emilia Pardo Bazán, para garantir a seguridade dos vehículos, peóns e ciclistas.
3. Que se devolvan, na medida do posible, o número máximo de prazas de aparcamento público eliminadas nas rúas de Carballo afectadas polo Proxecto Ciclando.
4. Que se habiliten zonas seguras de parada para vehículos de emerxencia en distintos puntos das rúas Poñente, Fábrica, Vázquez de Parga e Avda de Razo.»

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, comenta que esta moción podería ser moito mais extensa pero intentan centrala no que entenden é máis preocupante. Co carril bici creceu o malestar xa existente coa rúa Vázquez de Parga, pois se eliminaron o segundo carril de entrada e prazas de aparcamento. Isto provoca non só retencións senón que os vehículos de emerxencias



teñan problemas para avanzar en casos de urxencia. A solución aos problemas de aparcamento depende dunha situación precaria de utilización de propiedades privadas que poden finalizar cando os propietarios as necesiten. Ademais no entronque da rúa Vázquez de Parga coa rúa Emilia Pardo Bazán pode haber un problema de seguridade ante o estreitamento sen apenas sinalización. Outro dos problemas e que hai edificios sen entrada ou portais que comparten un acceso. Accesos a garaxes a través da zona peonil e do carril bici. Outro problema son as zonas con bordillos para o céspede, ao que se accede ao apearse do vehículo, cun desnivel, que pode ter o seu risco. Este tipo de queixas céntranse no casco urbano, pero tamén no carril dirección Razo se usaron os accesos ós camiños o que dificulta o acceso ás propiedades agrarias.

Non se cuestiona o proxecto Ciclando senón a falta de diálogo coa veciñanza, como se *planteou* o proxecto, a súa falta de planificación, a súa execución, especialmente, na zona urbana; na que, probablemente sexa difícil a convivencia de zona 30 con carrís bici e peonís. Seguramente argumentarán que Europa non permite facer modificacións, pero si se fixeron modificacións polo que ese argumento non vai a ser válido. Xa que existe una *aportación* municipal superior a 400.000€, debeu existir unha planificación previa. O que non é admisible é que primeiro se cre a infraestrutura e despois a necesidade.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, votará a favor da moción. "*Era unha morte anunciada*", a do proxecto Ciclando. Viuse dende o principio que estaba mal planificado, que non iba a funcionar, que os carrís bici non levaban a ningún sitio. Non hai un sistema público de uso de bicicletas. Mentres se chegue no casco urbano antes en coche que en bici ou andando, eses carrís non van funcionar. Ninguén está en contra de reducir a pegada de carbono nin dos carrís bici. Esa non é a cuestión, senón que non houbo planificación.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, comenta que parece que a moción do PP transcribiu algunha das súas declaracións anteriores noutros foros. Por suposto que todos están de acordo con menos contaminación, co fomento do exercicio físico ou con máis deporte. Iso no está en discusión. Antes "*tiñamos peóns versus coches, e agora temos peóns versus bicicletas*". O grave non son as prazas de aparcamento ou os *vados*, o grave son as barreiras arquitectónicas que agora hai na Vázquez de Parga. Hai que tirar o lixo invadindo o carril de circulación dos vehículos. Hai que baixar dos vehículos pisando unha isleta de céspede e salvando un desnivel. O problema é de accesibilidade. Este carril pode estar ben para as familias, para os nenos, pero non para facer deporte. Cre necesaria máis información para que os usuarios, peóns ou ciclistas, usen correctamente o seu carril. No carril cara Razo "*non se poden trabar ós propietarios ós accesos ás súas parcelas*" Dubida que se cumpra coa normativa contra incendios con eses obstáculos.

O proxecto Ciclando parécelle que "*ten boa intención*", pero merece unha "*pensada*" no casco urbano, cando menos os problemas de accesibilidade. A realidade o que mostra son "*peóns sin saber onde ir, carrís bici sen bicicletas e calzadas con problemas de accesibilidade*"

O Sr. Alcalde describe unha imaxe gráfica do pasado na rúa Vázquez de Parga que demostraba un problema real de mobilidade. Ese problema se solucionou. Haberá cousas que solucionar e se buscarán solucións. Diálogo si houbo, e recorda o proceso de elaboración da memoria que se presentou para ser subvencionada.

O Sr. Seoane Collazo, concelleiro delegado de Mobilidade, Emerxencias, Feiras e Mercados, responde ó Sr. Lorenzo Gómez que despois de oírle dubida que realmente apoiem o proxecto Ciclando como di que o apoia. Todo o que sexa repartir o espazo urbano vai traer un conflito inicial, baste recordar o que ocorreu coa zona 30 cando se implantou. Recorda que o proxecto son sendas peonís e ciclistas, non só carrís bici, polo que os peóns tamén contan. Si cre posible a convivencia coa limitación 30, pero se o que se quere e incentivar o uso da bicicleta ou camiñar haberá que facer que eses usuarios se sintan seguros. Non ve as retención. Vense dun carril na Avda de Bértoa e se segue con un carril. O que non é admisible é que o que lles serve na Avda de Bértoa, non lles sirva na súa continuación na Vázquez de Parga. As retencións son puntuais, en determinados momentos do día, normalmente coincidentes coas saídas de traballo, que poderían solucionarse se houbera unha circunvalación. Sobre o escoitado das paradas dos vehículos de emerxencia, pregunta, *en que vías?*

*en todas?, cada canto?*. Por suposto que poden parar para facer o seu traballo, incluso invadindo o carril bici, como en calquera outra vía. Non ve o problema do entronque coa rúa Emilia Pardo Bazán. Sobre o acceso ás vivendas, todas as que ten garaxe con vado teñen acceso, e as que o pidan se lles habilitará. Se o problema son os estacionamentos, xa se comentou noutra sesión que a supresión de prazas na Avda de Razo foi compensada coa creación do mesmo número de prazas nas vías próximas.

Recorda que diálogo si houbo. A moción non se sostén. Parécelles ben o proxecto Ciclando, "*pero todo non colle (acera, carril bici, estacionamento, dous carrís na calzada)*". O modelo é o mesmo, na Vázquez de Parga e na Avda. de Bértoa, que usa a Xunta. Se entenden que hai problemas de accesibilidade, recórdalles que os proxectos se fan e executan cumprindo co principio de accesibilidade universal. "*¿Cal e o modelo que vostedes propoñen?*"

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, na súa segunda intervención recorda que cando se falou do límite 30 ninguén estivo en contra. Sobre o que hoxe é o debate, pregunta, "*están cumprindo co obxectivo os carrís bici?, por qué non funcionan?, onde levan?*". Funcionarán o día que se chegue antes en bici ou andando que no coche. A día de hoxe non funcionan.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, na súa segunda intervención recórdalle ó Sr. Seoane Collazo a espera pola apertura da Vila de Negreira, do mesmo modo que pola circunvalación. Volve a insistir en que dubida que se cumpra coa normativa de protección de incendios no acceso ás fincas na estrada de Razo.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, na súa segunda intervención mantén que "*apoiar o proxecto Ciclando non é acatar, senón aportar o que cre que pode melloralo*". Pretenden facer aportacións no casco urbano para mellorar o proxecto. Dar servizo ós peóns na Vázquez de Parga non tería porque dar problemas de circulación.

Apunta que o proxecto da Xunta na Avda de Bértoa é en vías interurbanas non en urbanas. E, recorda, despois de dezanove anos gobernado e habéndose comprometido ante a AXI a buscar unha solución para a Avda. Finisterre non se fixo nada. "*Tardaban en sacar o tema da circunvalación*". Din que faláron con todo o mundo e non detectaron problemas; pero se o carril bici non se usa polos ciclistas habituais será por algún motivo.

¿Cal é o plan do BNG? ¿O Plan de mobilidade aprobado en 2019?" pois ben, nese Plan a medida máis importante era a ampliación da Vila de Negreira. No mesmo se indica que na zona 30 deberían compartir plataforma as bicis e os coches. Tamén recolle que os carrís bici só se implantarán nas vías de acceso. O Plan pretendía reducir o uso do coche. "*Se ese é o seu Plan cúmprano*". A realidade demostra que non hai un plan de mobilidade sostible. "*Onde están as paradas de bus que deberían estar habilitadas?*". "*Vostedes estarán contentos, pero a xente non*".

O Sr. Seoane Collazo, concelleiro delegado de Mobilidade, Emerxencias, Feiras e Mercados, na súa terceira intervención responde que ese Plan de Mobilidade inclúe medidas como unha rede de carrís bici e sendas peonís, e que chegaran ao núcleo, que é o que fai o proxecto Ciclando. É certo que poden convivir na zona 30 bicis e coches, pero para incentivar ese uso haberá que partir dun punto de inicio no que o tráfico estea máis pacificado.

Non confundan vostedes ciclismo deportivo co uso da bici. Ciclando está pensado para a mobilidade. Se temos unha infraestrutura poderemos explicarlle á xente que poden usala dun modo seguro.

Sobre os accesos ás zonas rurais no carril a Razo, recorda que algúns deses camiños levaban anos pechados, e hoxe todos os camiños teñen accesos para vehículos a motor.

*"¿Cales son as propostas reais do PP?"*

Sometido o asunto a votación, con nove (9) votos a favor, dos concelleiros dos grupos municipais do PP (4), PSdG-PSOE (3) e TEGA (2), e once (11) votos en contra, dos concelleiros presentes do grupo municipal do BNG, o Pleno Municipal acorda:

Rexeitar a Moción do grupo municipal do PP, presentada con rexistro de entrada núm. 202299900001467 de 12 de abril, "sobre modificacións carril bici - proxecto Ciclando Carballo. "

## 12.- Seguimento de órganos de goberno:

### 12.1.- Dáse conta expresamente das seguintes resolucións da Alcaldía:

#### .- Resolución da Alcaldía número 1059/2022 de 5 de abril - Liquidación orzamento do concello de Carballo do exercicio 2021.

**RESOLUCIÓN.-** O Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o RD 500/1990, establecen que o peche e liquidación dos orzamentos municipais se efectuará en canto á recadación de dereitos e ao pagamento de obrigas o 31 de decembro do ano natural.

Vistos os estados da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2021 formulados e informados pola Intervención municipal. Visto o establecido no artigo 191.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e no artigo 90 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, resolvo:

Primeiro: Aprobar a liquidación do orzamento do Concello de Carballo de 2021, da que se deducen, entre outros, os seguintes datos:

Orzamento de gastos	Euros
Créditos iniciais	26.159.231,03
Modificacións	14.631.526,97
Créditos definitivos	40.790.758,00
Gastos comprometidos	31.745.876,66
Obrigas recoñecidas netas	27.886.175,56
Pagos realizados	25.660.833,99
Obrigas pendentes de pago a 31/12	2.225.341,57
Remanentes de crédito	12.904.582,44

Orzamento de ingresos	Euros
Previsións iniciais	26.159.231,03
Modificacións	14.631.526,97
Previsións definitivas	40.790.758,00
Dereitos recoñecidos	28.255.678,75
Dereitos anulados	355.150,08
Dereitos cancelados	0,00
Dereitos recoñecidos netos	27.900.528,67
Recadación neta	26.855.746,27
Dereitos pendentes de cobro a 31/12	1.044.782,40
Exceso de previsión	-12.890.229,33

Outros datos resumo de especial interese:

- Debedores pendentes de cobro a 31/12/2021	3.115.116,81 euros.
- Acredores pendentes de pagamento a 31/12/2021	3.428.215,39 euros.
- Resultado orzamentario do exercicio	14.353,11 euros.
- Resultado orzamentario axustado do exercicio	3.729.249,23 euros.
- Remanente de tesourería total	12.972.293,36 euros.
- Exceso de financiamento afectado	552.237,11 euros.
- Remanente de tesourería para gastos xerais	11.192.435,03 euros.
- Necesidade de financiamento	-388.599,27 euros.
- Nivel débeda viva	3.081.906,16 euros.
- Porcentaxe débeda viva sobre ingresos correntes	12,11%
- Diferencia límite regra de gasto e gasto computable 2021=	21.138.046,39-21.500.445,87= -362.399,48 euros
% Incremento Gasto computable 2021/2020:	4,77%.

Con carácter informativo ao terse suspendido as regras fiscais para o 2021, tras o acordo do Congreso dos Deputados do pasado 20 de outubro de 2020 e entendéndose superado o PEF 2020-2021 do Concello de Carballo, a liquidación do Orzamento Xeral do concello de 2021:

Incumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Cumpra co límite de deuda.

Incumpre o obxectivo de regra do gasto.

Segundo: Remitir copia da liquidación á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma en cumprimento do previsto no apartado 5 do artigo 193 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Tamén se procederá a remitir a información prevista na Orde EHA/468/2007 de 22 de febreiro, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática da liquidación dos orzamentos das Entidades Locais e da información adicional requirida para a aplicación efectiva do principio de transparencia no ámbito da estabilidade orzamentaria, e na Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de suministro de información prevista na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de Abril.

Terceiro: Dar conta desta resolución ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar, en cumprimento do previsto no apartado 4 do artigo 193 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**.- Resolución da Alcaldía número 1136/2022 de 13 de abril - Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) "POS+2022" e Plan Complementario da Deputación Provincial da Coruña. Proxecto técnico "Mellora de iluminación no campo de fútbol complexo deportivo As Eiroas". "POS+2022". Corrección de erros.**

**RESOLUCIÓN.- Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2022" e Plan Complementario da Deputación Provincial da Coruña. Proxecto técnico "Mellora de iluminación no campo de futbol complexo deportivo As Eiroas" POS+2022. Corrección de erros.**

**Antecedentes:**

1.- O Pleno Municipal, en sesión ordinaria celebrada o día 31/01/2022, no punto segundo da sesión, aprobou o Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizo de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2022" e Plan Complementario do ano 2022 da Deputación Provincial da Coruña.

No punto primeiro dese asunto o Pleno Municipal acordou a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2022" da Deputación Provincial da Coruña e aprobou os proxectos das obra incluídas no POS+ 2021.

No punto segundo do devandito asunto aprobouse o Plan Complementario de ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles e aprobaronse os correspondentes proxectos técnicos.

2.- Revisada a documentación presentada por este Concello nesta convocatoria, atopáronse pola Deputación Provincial deficiencias no seguinte proxecto técnico:

Expediente Subtel:	Denominación investimento	Orzamento total	Aceptación do requirimento da
--------------------	---------------------------	-----------------	-------------------------------

			Deputación en Subtel Rexistro de entrada
2022000006095 POS+Complementario2022	Mellora de iluminación no campo de fútbol "Complexo deportivo As Eiroas"  Redactado en outubro de 2021 polo enxeñeiro técnico industrial D. Jesús Manuel Mallo Puga, asinado electrónicamente o 27/01/2021	287.212,84 €	R.E. núm. 20220000001245 de 16/03/2022

Seguindo as indicacións da Deputación Provincial, foron corrixidas as deficiencias detectadas no devadito proxecto de obra, que consistiron en cuestión técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin á súa valoración económica.

3.- Mediante Decreto de Alcaldía número 1108/2022 de 11/04/2022, aprobouse o proxecto técnico denominado "Mellora de iluminación no campo de fútbol Complexo deportivo As Eiroas", segundo os requirimentos da Deputación Provincial de data 16/03/2022. As correccións consistiron en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica.

Advertidos diversos erros materiais compre realizar a modificación de conformidade co disposto polo artigo 109 da Lei 39/2015 de 1 de Outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, e así onde di:

**"PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2022" E PLAN COMPLEMENTARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. PROXECTO TÉCNICO "REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE DENDE CANOSA A ENTRECRUCES" POS+2022. APROBACIÓN PROXECTO CORRIXIDO"**

Debe dicir:

**"PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2022" E PLAN COMPLEMENTARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. PROXECTO TÉCNICO "MELLORA DE ILUMINACIÓN NO CAMPO DE FUTBOL COMPLEXO DEPORTIVO AS EIROAS" POS+2022. APROBACIÓN PROXECTO CORRIXIDO"**

Asimesmo, no punto segundo dos antecedentes onde di:

Expediente Subtel:	Denominación investimento	Orzamento total	Aceptación do requirimento da Deputación en Subtel Rexistro de entrada
2022000006100 POS+Complementario2022	"Rede de abastecemento de auga potable dende Canosa a Entrecruces"  Redactado en outubro de 2021 polo enxeñeiro técnico industrial D. Jesús Manuel Mallo Puga, asinado electrónicamente o 27/01/2021	537.479,31 €	R.E. núm. 20220000001249 de 16/03/2022

Debe dicir:

Expediente Subtel:	Denominación investimento	Orzamento total	Aceptación do requirimento da Deputación en Subtel Rexistro de entrada
2022000006095 POS+Complementario2022	Mellora de iluminación no campo de fútbol "Complexo deportivo As Eiroas"  Redactado en outubro de 2021 polo enxeñeiro técnico industrial D. Jesús Manuel Mallo Puga, asinado electrónicamente o 27/01/2021	287.212,84 €	R.E. núm. 20220000001245 de 16/03/2022

E finalmente, no punto primeiro do RESOLVO, onde di:

Expediente Subtel:	Denominación investimento	Orzamento total
2021000006100 POS+Complementario 2022	“Rede de abastecemento de auga potable dende Canosa a Entrecruces”  Redactado en Abril de 2022 polo arquitecto colexiado n.º 1178 don Jesús Manuel Mallo Puga, corrixido e asinado electrónicamente o 06/04/2022.	537.479,31 €

Debe dicir:

Expediente Subtel:	Denominación investimento	Orzamento total
2021000006095 POS+Complementario 2022	Mellora de iluminación no campo de fútbol “Complexo deportivo As Eiroas”  Redactado en Abril de 2022 polo arquitecto colexiado n.º 1178 don Jesús Manuel Mallo Puga, corrixido e asinado electrónicamente o 06/04/2022.	287.212,84 €

Segundo.- Subir este decreto de corrección de erros do Decreto nº 1108/2022 de 11/04/2022 á plataforma SUBTEL da Deputación Provincial da Coruña.

Terceiro.- Dar conta da presente resolución ao Pleno Municipal na primeira sesión que celebre.

## 12.2.- Resolucions da Alcaldía

O Pleno Municipal queda enterado das resolucions da Alcaldía ditadas entre o día 24/03/2022, número 886 e o día 20/04/2022, número 1188.

## 12.3.- Acordos da Xunta de Goberno Local

O Pleno Municipal queda enterado dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, segundo o seguinte detalle:

Sesión	Tipo	Data
07/2022	Ordinaria	28/03/2022
08/2022	Ordinaria	11/04/2022

## 12.4.- Rogos e Preguntas

### 12.4.1.- Pregunta presentada con rexistro de entrada n.º 202299900001652 de 24 de abril, polo grupo municipal do PP:

(P1.PP).- (le a pregunta o concelleiro Sr. Lorenzo Gómez) «Despois de varias denuncias públicas por parte deste grupo municipal sobre a falta de mantemento e o abandono evidente da contorna do parque do Anllóns situado entre o Pazo da Cultura e a Estación de autobuses, semella que nos últimos meses, o grupo de goberno, aínda que tarde, foi actuando en puntos nos que era máis que necesaria unha rehabilitación polo perigo que supoñía para os usuarios do parque.

Actuouse sobre o palco da música, e tamén sobre as varandas de madeira que estaban nun evidente estado de abandono, e benvidas sexan ditas actuacións. Máis dende o Grupo Municipal do Partido Popular queremos poñer o foco na ponte de madeira que daba servizo a usuarios do parque e paseantes habituais das rúas de Carballo.

Según publicacións da prensa podemos facer algo de memoria sobre a historia da ponte que dende que se instalara hai máis de 20 anos non se fixo ningún tipo de mantemento sobre a mesma e o resultado foi que en outubro do 2020 tivo que ser retirada polo perigo que supoñía para os usuarios da mesma. Xa no ano 2019, en febreiro, os medios de comunicación facíanse eco do abandono no parque e facía alusión á ponte apuntando “uno de los elementos que supone más peligro es el puente de madera. Por todas partes se ven elementos podridos, sostenidos con tornillos que no parecen seguros....es un comentario generalizado el mal estado en el que se encuentran las barandillas, que no ofrecen seguridad alguna....la madera muestra un mal estado alarmante” (febreiro do 2019).

*17 de setembro do 2019 (La Voz de Galicia) "Las pasarelas de madera del Parque do Anllóns acusan el paso del tiempo", en ese mesmo artigo de prensa podemos ler as declaracións do Concelleiro de Obras recoñecendo que "algo hai que facer" incluso se apuntaba a que seguramente fose necesario ir máis alá que unha substitución de elementos. ¿Cal foi a solución? Amarrar unhas vallas metálicas á varanda, prolongando no tempo unha situación de inseguridade.*

*Xa en outubro do 2020, máis de un ano máis tarde, podemos ler no mesmo medio "RETIRADO EL PUENTE DEL PARQUE DO ANLLÓNS, EN CARBALLO, QUE LLEVABA MÁIS DE UN AÑO DAÑADO" Según declaracións do Sr. Lamas "estaba moi padre".*

*Pois ben, dende a retirada da ponte, os medios de comunicación, e tamén os partidos da oposición, nos interesamos por saber cal era o motivo polo que a ponte non se restituía. En sesión plenaria chegouse a responder que a ponte xa estaba encargada e que faltaban os permisos de Augas de Galicia para proceder á súa instalación.*

*Este grupo municipal ten coñecemento de que o día 1 de outubro do ano pasado (2021) xa se fixo chegar por parte de Augas de Galicia a Notificación de Resolución na que se daba luz verde á substitución da pasarela peonil sobre o río Anllóns.*

*Por todo o exposto o Partido Popular de Carballo*

- 1. ¿Cal foi o motivo polo que non se fixo un mantemento, que evitaría ter que retirar a ponte?*
- 2. Unha vez xa se ten autorización por parte de Augas de Galicia ¿Cando ten pensado o Grupo de Goberno restituír a pasarela do Parque do Anllóns?*
- 3. ¿Ten xa no seu poder, o Concello de Carballo, a pasarela peonil encargada por contrato menor de data 15/12/2021, cun custe publicado de 43.975,03€, e cun prazo de execución de 1 mes? E de ser así ¿Onde está dita pasarela?»* O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do Grupo municipal do PP, engade que as casualidades existen e hoxe a ponte está colocada. Non obstante, e dado que a pregunta xa estaba formulada, insiste en mantela.

A Sra. Lantes Seara, concelleira delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación, non comparte que non se fixera mantemento. Fíxose, ata onde foi posible. Os bens teñen a súa vida útil. Por outra banda hai que ter en conta que dende agosto de 2020 a outubro de 2021 foi o tempo que lle levou a Augas de Galicia outorgar a súa autorización preceptiva. Ese retraso na autorización motivou, dados os problemas de subministro, que houbera que revisar os prezos do proxecto, que, lóxicamente eran de agosto do 2020. Por estes motivos o contrato non saíu ata decembro de 2021. Os problemas de subministro dende xaneiro deste 2022 son coñecidos por todos, e aínda persisten. Agora a ponte xa está colocada, faltarían as labores de *hormigonado*.

#### **12.4.2.- Dáse conta dos rogos e preguntas presentados con rexistro de entrada n.º 202299900001653 de 25 de abril, polo grupo municipal de TEGA:**

(R1.TEGA).- (le o rogo o concelleiro Sr. Eirís Barca) «*RÚA EDUARDO PONDAL. Non fai moito tempo realizouse unha actuación de urbanismo táctico na rúa Eduardo Pondal, entre outras cousas, reducindo aparcamentos, pintando unha serie de xogos para os nenos, anulando un dos dous carrís existentes...pero non se actuou no firme do carril habilitado para os vehículos que presenta un firme en moi mal estado, polo que rogamus que se actúe o máis axiña posible.*»

O Sr. Seoane Collazo, concelleiro delegado de Mobilidade, Emerxencias, Feiras e Mercados, responde que naquel momento non era preciso actuar sobre o firme. Despois das últimas semanas si existe esa necesidade, e se acometerá nas próximas semanas.

(R2.TEGA).- (le o rogo o concelleiro Sr. Eirís Barca) «*CREACIÓN OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN AO CONSUMIDOR EN MATERIA ENERXÉTICA. En base o que dí o punto f do artigo 71 do Capítulo IV da Lei 12/2012 do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, é competencia da administración local "O establecemento de oficinas ou servizos de atención ao consumidor, feito que deberá comunicarse ao órgano autonómico competente en materia de consumo. Rogamos que se cre unha oficina municipal de información ao consumidor en materia enerxética para asesorar a cidadanía en materia enerxética dada a incertidume actual.*»

O Sr. Regueira Varela, concelleiro delegado de Promoción Económica, recorda os impedimentos legais para prestar novos servizos. Fíxose un proxecto piloto coa colaboración dunha Asociación, e

púxose de manifesto esa necesidade. Está de acordo en que debería existir esa oficina de información.

(R3.TEGA).- (le o rogo o concelleiro Sr. Eirís Barca) «*ARRANXOS NA PISTA POLI-DEPORTIVA EXTERIOR DA PONTE EN BERTOIA. A pista polideportiva exterior da Ponte de Bertoia ten bastante uso pola rapazada e rogamos se pinten as liñas de xogo, se instale unha canastra e se substitúan as redes das porterías de fútbol sala.*»

O Sr. Trigo Facal, concelleiro delegado de Deportes e Cultura, apunta que esa pista si ten un uso frecuente. Se actuará no entorno e na pista, dun modo integral, pavimento e equipamento.

(P1.TEGA).- (le a pregunta o concelleiro Sr. Eirís Barca) «*HORAS EXTRAS NA POLICÍA LOCAL. Na última mesa de negociación celebrada o 29 de novembro do 2021, o xefe accidental da Policía Local presentou un informe para reorganizar as quendas dos grupos operativos co obxectivo de optimizar a xestión dos recursos humanos disponibles e minimizar a compensación económica por horas extraordinarias a ditos policías. As horas extras dos policías baixaron desde que se aplica a nova organización, a excepción das horas extras do Xefe Accidental da Policía que segue realizando unha media dentre 21-24 hs mensuais, desde o 2014. Sorpréndenos que pasando de un a tres oficiais desde principios de ano o Xefe Accidental segue percibindo as mesmas horas extras mensuais que superan por bastante as 80 hs máximas permitidas. A pregunta é moi claraña...As horas extras do Xefe Accidental son un sobresoldo pactado?*»

O Sr. Seoane Collazo, concelleiro delegado de Mobilidade, Emerxencias, Feiras e Mercados, responde que *“a resposta tamén vai ser claraña, non”*.

(P2.TEGA).- (le a pregunta o concelleiro Sr. Eirís Barca) «*MESA DE NEGOCIACIÓN. A agrupación de funcionarios A Alternativa cun 30% de apoio dos traballadores do Concello ven reclamando por activa e por pasiva o dereito a estar presente na Mesa de Negociación, ó último intento foi pedir amparo a Valedora do Pobo, que ven de comunicar que A Alternativa ten dereito a estar na Mesa de Negociación. Vai a convocarse ao representante da Agrupación de funcionarios A Alternativa a próxima Mesa de Negociación que se celebra o mércores, 27 de abril ás 9 hs no Salón de Plenos?*»

A Sra. Lendoiro Esmorís, concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior, subliña que A Alternativa non ten a representatividade dun 30% que se di na pregunta. Non é certo. A Alternativa ten representación na Xunta de Persoal, pois se presentou ás eleccións sindicais para funcionarios. Na Mesa Xeral de Negociación trátanse asuntos que afectan a funcionarios e laborais, e aí o criterio xurídico e que alternativa non ten dereito a formar parte da mesma.

(P3.TEGA).- (le a pregunta o concelleiro Sr. Eirís Barca) «*CONCURRENCIA NAS LICITACIÓNS DE OBRAS. Desde fai xa un tempo, sorprende as poucas empresas que concurren as licitacións de obras do Concello de Carballo, así por exemplo na única obra do 2022, que é a obra 01/2022 “Conservación e mellora de rúas no núcleo rural tradicional de Os Vilares (Sísamo)” que está rematado o prazo de presentación de empresas, concurriron 2 empresas, isto non é algo puntual, tamén nas últimas obras do 2021 pasa o mesmo, obra 32/2021 “Reurbanización Rúa Chile” 2 licitadores, obra 30/2021 “Melloras da rede de abastecemento nas rúas Antón Fraguas, rúa Muiño e outras obras do casco urbano de Carballo (POS+ Adicional 2021)” 1 licitador, obra 29/2021 “Pavimentación en varios espazos urbanos 2020” 1 licitador, obra 27/2021 “Sustitución de cuberta e outras melloras no pavillón do Ceip Gándara-Sofán” 2 licitadores... Que explicación lle encontra o Sr. Alcalde a escasa concurrencia as obras de Carballo e que para nada sucede noutros Concellos? Preguntamos a varias empresas da zona que licitan a concursos de obra pública, por que non presentan plicas NO Concello de Carballo, as súas respostas van na liña que en Carballo as obras “son sempre para os mesmos”. Que ten que dicir o Sr Alcalde a estas afirmacións?*»

A Sra. Lantes Seara, concelleira delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación, recorda que os procedementos de licitación deste Concello se publican en PLACE, cumprindo coa LCSP, e pode presentarse quen queira. Os adxudicatarios dos contratos son aqueles que realizan a mellor oferta en relación calidade-prezo e, polo tanto, reciben a mellor puntuación dos criterios de adxudicación.



(P4.TEGA).- (le a pregunta o concelleiro Sr. Eirís Barca) «PROGRAMA DE IMPULSO Á REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS PÚBLICOS (PIREP) PARA ENTIDADES LOCAIS. Vai o Concello de Carballo solicitar algunha das liñas de subvención deste programa? Que edificios? Que cuantía vai solicitar?»

O Sr. Andrade Tasende, concelleiro delegado de Formación, Innovación e Emprego, sinala que na liña de subvencións que saíu no BOE do 11 de marzo, o 11 de abril houbo unha reunión cos técnicos municipais, para presentar actuacións en dous edificios, que é o máximo que pode presentar. Un deles sería a casa consistorial, no que xa se está traballando no proxecto, e o outro estase valorando en cal.

(P5.TEGA).- (le a pregunta o concelleiro Sr. Eirís Barca) «SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO BERGANTIÑOS FÚTBOL CLUB. O importe da subvención nominativa para o 2022 ao Bergantiños fútbol club ascende a 60.000 € co fin de realizar a actividade de "Participación en competición federadas 2022", no ano 2020 foi de 40.000 € e no 2021 foi de 50.000 €. Cal é o motivo que en 2 anos se incremente nun 50% esta subvención nominativa se seguen sendo os mesmos 14 equipos desde fai dos anos?

O club presenta uns orzamentos para a actividade de 2022 de 143.732,00 €. Con esta cifra o Concello financia un 41,74% do orzamento do Bergantiños, ademais de outras axudas como Carballo a un paso, fase de ascenso, cesión gratuita dos campos de fútbol das Eiroas...cre o Sr Alcalde que esa cifra ten algo que ver coa realidade? os adestradores do Bergantiños cobran? quen recauda as entradas, pancartas e os ingresos da cafetería se nin Concello nin o Bergantiños o fan?»

O Sr. Trigo Facal, concelleiro delegado de Deportes e Cultura, responde que nos últimos anos incrementáronse as subvencións para deporte, non só esta. Esta subvención nominativa entra dentro da porcentaxe sinalada nas bases de execución. Tamén se incrementaron as subvencións de libre concorrencia. En todo caso, concedida a subvención, terán que xustificar os gastos realizados.

(P6.TEGA).- (le a pregunta o concelleiro Sr. Eirís Barca) «CARBALLO DEIXOU DE SER UN CONCELLO DE COMERCIANTES. Carballo sempre destacou coma unha vila de comerciantes, hoxe ver as rúas Gran vía, rúa Sol...da pena coa cantidade de baixos baleiros, a feiras de Carballo xa non son as máis populares da volta. Considera o Sr. Alcalde que o comercio en Carballo a día de hoxe está mellor que no 2003, ano que o Bng alcanzou a Alcaldía? Deixamos de ser unha vila de comerciantes?»

O Sr. Regueira Varela, concelleiro delegado de Promoción Económica e Turismo, contesta que a feira de Carballo é a máis importante da provincia, e así o ten manifestado varios estudos. Se nun contexto de 1050 m<sup>2</sup> de grandes superficies por habitante na provincia da Coruña, fronte a 340 m<sup>2</sup> de Galicia, de comercio electrónico, de cambios nos usos e hábitos de consumo, a feira de Carballo subsiste, "é un milagro" e mostra o seu potencial. Eses mesmos estudos apuntan que so un 8% entenden que o comercio en Carballo empeorou.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e tres horas e tres minutos (23:03 h.), a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu como Secretario dou fe.